

XOSÉ LEIRA LÓPEZ

A XUVENTUDE FERROLÁ

Composición, estrutura e expectativas




Cadernos do Ateneo Ferrolán

Ano XIII · Núm. 11 · 1995



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



José Leira López

A xuventude Ferrolá

**(Composición, estrutura
e expectativas)**

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 702, 2014, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

CADERNOS

DO ATENEO FERROLÁN



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

A XUVENTUDE FERROLÁ

Ateneo Ferrolán

Rúa Magdalena 202. Ferrol

Fotocomposición: Pluma

Imprime: Lugami Artes Gráficas (Betanzos)

I.S.B.N.: 84 - 920260 - 1 - 4

Depósito Legal: C - 1818/95

O Ateneo Ferrolán comprécose hoxe en presenta-lo libro "A XUVENTUDE FERROLÁ" (composición, estrutura e expectativas), de Xosé Lelra López, profesor de Socioloxía da Universidade da Coruña. Realízase nos un interesante estudo, produto dunha profunda investigación, onde se amosa unha radiografía da nosa mocidade, presentando unha pormenorizada análise na que se recollen os estudos, as ocupacións, as actitudes éticas, a componente materialista/postmaterialista, as relacións familiares, o traballo e expectativas de éxito, a confianza nas institucións, as prácticas relixiosas, o tempo de ocio e o comportamento político.

No traballo do profesor Lelra podemos observar, tamén, o que pensan os nosos xóvenes sobre os principais problemas que se lle plantexan á sociedade galega, en xeral, e á ferrolá en particular.

Queremos, así mesmo, dicir que coa publicación deste libro pretendemos doua obxectivos: por unha banda manifesta-la nosa confianza en que a xuventude é o futuro e, por outra, coadunamos que coñecer mellor ás nosas mozas e mozos débese ser de aguilamento da autoridade competente, e a todos nós, para buscar guías que traten de aportar solucións ás problemas da nosa cidade e a nosa blabarra.

Desexamos rematar dicindo que agardamos que, co paso do tempo, os estudosos da nosa cidade teñan neste libro unha referencia de como estaba constituída a xuventude ferrolá, a mediados dos noventa.

Non queremos pochar esta presentación sen agradecer-la colaboración de todos aqueles que, co seu desinteresado esforzo, fixeron posible a realización deste traballo; dun xeito moi especial ó propio autor, Xosé Lelra, a quen tanto nos une, e como non, á Fundación Caixa Galicia, por esa colaboración cos Cadernos do Ateneo Ferrolán donde o seu nacemento, a cal é reflexo da súa sensibilidade e compromiso coa cultura galega. Por último, queremos saudar á Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, pola súa incorporación e colaboración nesta serie sobre a nosa sociedade, a nosa historia, a nosa cultura e as nosas xentes.

Ateneo Ferrolán
Outubro 1995



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

INVESTIGACIÓN E DIRECCIÓN DO PROXECTO

Xosé Leira López

*Profesor de Socioloxía
Universidade da Coruña*

TRATAMENTO INFORMÁTICO

Alejandro Blanco Cruz
Pablo Diehl Nogueira
Xan Cinza Porta
José Rubén Freire Yañez
David García Vila
M^a Fé López Romero
Ignacio Núñez García
Esmeralda Prieto Pita
Rafael Ramírez Gómez

ASESORAMENTO LINGÜÍSTICO

Xan Cinza Porta
Rosa Méndez Fonte

DESEÑO GRÁFICO E MAQUETACIÓN

Xan Cinza Porta
David García Vila
Esmeralda Prieto Pita

ENTREVISTADORES

M^a del Mar Amenciro Prieto
Juan Antonio Armada Vale
Elia Bello Seoane
Maria Bores Bermejo
M^a Esther Cabarcos Caaveiro
Inés Cornide Ramos
Francisca Couto Vázquez
M^a Jesús Dopico Montero
Laura Dorna Lois
M^a Celia Faraldo Sordo
Carmen Fernández Chacón
Fátima Ferreira Hidalgo
M^a Angélica Ferreiro Álvarez
M^a Paz Ferreiro Álvarez
M^a Teresa Ferrín Rey
M^a José Ferro Gómez
Mercedes Freijomil Garrido
Silvia Freire Rico
Berta García Calderón
M^a Victoria García Pérez
Mario García Trinidad
Fátima González Manteiga
Senén Lorenzo Villar
M^a Lis López Iglesias
Paloma Montero Victoria



Ana Isabel Navarros Rey
Rocío Núñez Saavedra
Silvia Pato Rico
M^a Carmen Pazos Seoane
Nicolás Pena Martínez
Ana Belén Pinto Pintos
Eva María Piñeiro Rodríguez
Ana Belén Pita Veiga
Ana M^a Puentes López
Sonia Ramos Meilán
David Rapela Sande
Dulce M^a Regueira Allegue
M^a José Regueiro González
M^a Dolores Regueiro Pérez
Gloria M^a Rey Ramos
Yolanda Rivas Castro
Miguel Angel Rodríguez Fachal
Antonia Rodríguez Ferrer
Francisco L. Rufz Pita-Romero
M^a José Saavedra Sánchez
Yolanda Sánchez Péro
Roberto Souto Rivera
Rosa M^a Sueiro Pérez
Saludina Veiga Castrillón
Alejandro Vigo Saavedra




Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

“É lóxico que Arthur se interesara por unha interpretación da realidade da súa vida que o axudase a soportar-lo dualismo experimentado entre o interior e o exterior, entre o deber e a inclinación. En calquera caso, tiña que buscar algo así mentres lle resultase imposible, polas razóns que fosen, proxectar e realiza-la súa vida dende un modelo único”

Rüdiger Safranski. *“Shopenhauer y los años salvajes de la filosofía”.* Alianza Universidad. Madrid, 1991.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

INDICE

1. Introducción	11
2. Metodoloxía. Elección da mostra	15
3. Descrición da poboación entrevistada	23
4. A xuventude. Posicionamento. Materialismo/Postmaterialismo	39
5. A familia. As súas relacións internas	59
6. Diversas actitudes éticas. Confianza nas institucións	71
7. As drogas. Actitude contra o problema. As drogas institucionais	81
8. Práctica relixiosa	99
9. Traballo, expectativas de éxito e ubicación laboral	103
10. Actividades de ocio	111
11. Comportamento político. Problemas sociais	121
Bibliografía	141





Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

1. *Introducción*

Coméntanos Rüdiger Safranski que o xove Arthur Shopenhauer experimentaba un dualismo entre o deber e a inclinación, así como, resultáballe, ademais, imposible proxectar e realiza-la súa vida dende un modelo único. E coido que esto podemos aplicarllo, en xeral, a todo o conxunto da xuventude. É nesta etapa cando a persoa ensaia unha serie de fórmulas e inicia unha diversidade de camiños que a irán conducindo a un cúmulo de experiencias e conclusións que, paseniñamente, a han guiar ó establecemento dunha maneira de visiona-la vida e a sociedade; é entón cando pode aparece-lo modelo que lle ha servir de estrela polar.

Dinos o profesor Veira Veira que coa análise da realidade social dos xoves podemos observar, ó mesmo tempo, a estabilidade e o cambio social. A estabilidade porque atopamo-los valores e actitudes que transmiten as xeracións anteriores e que aseguran a continuidade e a cohesión social. O cambio - propio, ademais, de certa franxa da estrutura demográfica- que induce a reinterpretar-las escalas de actitudes e converte en caducos e vellos os valores, facendo aboiar -entre conflitos- novas concepcións e modelos.



Sociolóxicamente, no seu paso á integración na vida dos adultos, o xove precisa unha independencia económica que o leve a poder realizar unha vida autónoma que o capacite para forma-lo seu propio fogar, e poder asumi-la toma de decisións dentro dun proceso de desenvolvemento persoal.

Teremos, pois, que fixa-lo noso marco teórico a partir dunhas posicións que nos permitan abarca-la ampla diversidade explicativa que manifesta o obxecto do noso estudio. Utilizaremos con esa finalidade, e en plano xeral, a literatura sobre cultura e subcultura xuvenil xunto cos estudos sobre estrutura social, socioloxía urbana e socioloxía da educación. Nun senso máis particular, que nos permita introducirmos dunha forma máis clara no noso tema, tocaremo-los procesos de socialización, teorías de roles e status e as estruturas xeracionais.

Terán a súa importante aportación os estudos sobor da desviación social (Durkheim, Merton e outros autores máis recentes) así como a teoría do Poder - Control (Hagan e outros). Non esqueceremos resitua-lo conflito xuvenil na ampla dimensión da estrutura social que nos proporciona o interesante libro de Dahrendorf: *"El conflicto social moderno"*.

Envolvéndoo todo, aparecen os traballos sobre as modificacións e transformacións que se operan nas sociedades, para o que nos valeremos da valiosa contribución que Ronald Inglehart nos amosa no seu libro *"El cambio cultural en las sociedades industriales avanzadas"* editado polo Centro de Investigaciones Sociológicas e no que podemos atopar, a carón dun amplo material empírico, as desexadas claves que poden ilumina-lo noso proceso de reflexión.

Debemos dicir tamén que os xoves entre quince e vintenove anos forman unha xeración que medrou co cambio democrático e co consumismo. Quizais poderíamos traer a esta páxina o que André Gorz recolle no seu libro *"Ecología y política"*:

"Os bens non son xa desexados e comprados polo seu valor de uso, senón polas súas "funcións simbólicas de status, evasión e comunicación", o individuo é "criado e educado" para desexalos: o medio social "imponlle" ese modo de expresión e afirmación negándolle "toda posibilidade de satisfacción persoal no traballo", "convertindo o seu desexo en ansia de consumo" (Attali y Giullaume). Sen embargo sobre este punto, a análise de Illich vai máis lonxe que a de Baudillard, na que Attali se inspira. Illich, pregúntase ¿que é o que permite converte-las necesidades e os desexos en ansia de consumo?. Resposta: o feito de que para a satisfacción de calquera necesidade, fíxose depender ó individuo de institucións e ferramentas xigantes que escapan ó seu control e ás súas posibilidades. Mesmo no caso do aire (descontaminado) que respira, da auga (tratada e embotellada) que bebe, do sol (que lle vende a industria turística) e do entretenimento (que a industria do espectáculo e a televisión lle procuran), o individuo depende de mega-ferramentas e mega-institucións burocráticas e mercantís, das que non pode ser máis que "cliente" sometido, uniformizado, impotente, explotado e permanentemente insatisfeito. Convertido en suxeito pasivo, o individuo é inducido a non reclamar máis que unha "consideración" máis completa e "mellor" das súas necesidades polas mega-institucións subministradoras de bens".

Un lugar de encontro por...
Fundado en 1979

Poida que a construción empírica que se realiza no presente traballo verifique, alomenos nunha parte, este argumento.

O cambio democrático, político e social fixo que unha serie de vellos valores se debilitasen e que aboiasen novas actitudes que fan que a xuventude se posicione de maneira diferente. Nalgún momento podemos observar como a anomia fai a súa aparición en determinadas situacións nas que a nova norma aínda non acadou o seu definitivo ancoramento. Observamos con atención a importancia da crise que nos últimos anos planea sobre a sociedade en xeral e na nosa cidade en particular.

É Ferrol un prototipo de cidade en declive: amosado no descenso das taxas demográficas, na crebatura do seu monocultivo industrial, nos seus altísimos índices de paro e na súa situación periférica - sociolóxicamente entendida-, como alonxada dos centros de poder e sen, alomenos en aparencia, forzas endóxeas que sexan quen de dotala do pulo necesario.

Tentaremos de esculcar na visión que sobre os problemas das cidades adopta a mocidade ferrolá, así como as súas expectativas de éxito na procura dunha integración laboral na propia comarca. As conclusións deste traballo esperamos que sirvan para a confirmación dalgunhas hipóteses como son: a suposta existencia dunha maioría de xoves postmaterialistas e a revitalización, en Ferrol, do valor traballo, atribuíble, quizais, a unha maior consideración da escaseza.

Non sería lícito pasar por alto a axuda proporcionada polo informe sobre “*A mocidade galega*” de 1993, editado pola Xunta de Galicia e realizado baixo a dirección de José Luís Veira Veira, Catedrático de Socioloxía da Universidade da Coruña. A utilización do seu modelo de enquisa (na que introducimos algunhas especificidades para Ferrol) e o seguimento dos capítulos da súa análise permitiunos o seguir unha liña teórica e a tan necesaria e desexada referencia comparativa.

Quero mostra-lo meu agradecemento pola colaboración dun grupo de alumnos da Escola Universitaria de Graduados Sociais de Ferrol que percorreron a nosa cidade facendo entrevistas. Agardo que o feito de participar por vez primeira nunha investigación aguilloe o voso interés por remove-los entramados explicativos do edificio social.

Por último, debo agradece-lo ánimo e apoio recibido por parte do profesor Fermín Bouza Álvarez, Catedrático de Socioloxía da Universidade Complutense .

Xóvenes de Ferrol, vai por vos.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

2. Metodoloxía. Elección da mostra

Comenzaremos por dicir que o universo indagado correspóndese coa totalidade da poboación de Ferrol comprendida entre os quince e os vinteún anos. Utilizouse como fonte o Padrón Municipal de Habitantes actualizado a 31/12/1992. Realizamo-la nosa propia explotación dos datos e atopámonos cun total de 20.572 xoves dentro dunha poboación ferrolá que ascende a 85.379 habitantes, o que supón un 24,1 %; superior ó 22,83 % que marca a media galega.

Establecémo-lo tamaño da mostra en 420 entrevistas, o que nos proporciona un nivel de confianza do 95,5 % (2 sigma) e unha marxe de error dun 5 % para o total do conxunto da mostra.

O paso seguinte consistiu na distribución do volume da poboación estudada por sexo e por grupo de idade. Nunha primeira observación atopámonos cun índice para os homes (50,1 %) lixeiramente superior ó das mulleres (49,9 %). Os grupos de idade conservan unha estrutura piramidal onde os intervalos de menor idade amosan un tamaño maior; feito que se observa así mesmo na distinción por sexo. Ver Cadro I.

A continuación dividimo-lo mapa ferrolán en sete zonas. Tentamos plasmar con esta división a propia conciencia colectiva da cidade configurada ó longo do tempo.

- **Centro:** Conformado polo barrio da Magdalena, que data da segunda metade do século XVIII e que ubica o centro cultural e financeiro. Está, ademais, rodeado por outras tres zonas urbanas con personalidade propia cada unha delas.
- **Canido-Muelle.** Dous barrios que deron orixe historicamente á cidade. O primeiro é moi popular e con dúas partes ben diferenciadas (antiga unha e moderna a outra), mentres que o segundo (tamén chamado Ferrol Vello) é o núcleo primixenio ferrolán e sofre un proceso de forte deterioramento.
- **Esteiro-Recimil.** Barrio o primeiro moi antigo cunha ubicación á entrada dos estaleiros e que hoxe, tras ser derruído case na súa totalidade, foi substituído por unha nova configuración urbanística, mentres que Recimil (coñecido popularmente como Casas Baratas) data do ano 1940 e configura un núcleo sumido nos problemas dunha importante depauperación urbanística.
- **Ensanches A e B.** Nacidos como consecuencia do crecemento da cidade ó longo da Estrada de Castela, acollen hoxe a un elevado continxente de poboación.
- **Caranza.** Configúrase para acoller á poboación do anteriormente derruído barrio de Esteiro e persoas que se ían incorporando ó traballo nos estaleiros. Estivo, nun principio, mal comunicado e escasamente dotado de

servicios; paliáronse estas eivas pero segue aínda hoxe afectado por multitude de problemas.

- **Zona semirrural.** Segundo que casos, sería máis rigoroso denominala semi urbana. Arrodeando á cidade, alterna a vida integrada no urbano cos usos e traballos agrarios. Abarca, fundamentalmente Serantes, A Cabana-Graña, San Xoán e O Bertón.

- **Zona Rural.** Formada por tódalas parroquias que se estenden entre a cidade e as praias da comarca por un lado e o Municipio de Narón pola outro.

Cremos que esta división territorial correspóndese coas características socioeconómicas actuais, e así, no Muelle podemos observar unha poboación envellecida, ó igual que no Centro e nunha parte de Canido; mentres que os Ensanches albergan fogares de parellas xóvenes con certas zonas de poder económico medio-alto. En Esteiro, atopamos dous núcleos diferenciados, un formado por bloques modernos, de bo nivel de construción, e outro conformado por vivendas sociais. Caranza é, para determinadas facetas (drogas, delincuencia, etc.), un barrio que merece un estudio propio e onde o movemento veciñal e asociativo de todo tipo acadou gran pulo. Aínda non sendo o obxectivo deste traballo o estudio das características dos barrios, non é posible deixar sen comentar que na zona semirrural conviven, a carón de xeitos tradicionais de vida, outras marcadas por un alto nivel económico e protagonizadas por profesionais liberais e empresarios que escolleron vivir nas aforas da cidade. Ó longo do presente estudio teremos ocasión de comprobar algunhas destas características. Á luz dos resultados, e para facer operativa a análise, agrupamos os barrios Centro, Canido-Muelle e Esteiro Recimil no que denominaremos como Zona Urbana, agrupamos tamén as zonas semirrural e rural debido a que pola escaseza da poboación desta última os datos non resultarían fiables.

Desenvolvimos a continuación un laborioso traballo de suma da poboación xove (15-29 anos) dos diferentes distritos que compoñían as distintas zonas ou barrios, tendo en conta as diferenciacións por franxas de idade (15-19, 20-24, 25-29) e por sexos. É preciso volver a recordar aquí que, non estando publicados os datos do Censo de Poboación de 1991, utilizamo-lo Padrón de Habitantes renovado a finais do ano noventa e dous. Ve-los cadros II ó IX.

O paso seguinte consistiu en asigna-lo número de entrevistas que correspondía a cada zona, grupo de idade e sexo. Repartíronse como se pode ver nos cadros X, XI e XII. Observamos que co agrupamento, a efectos da análise, das sete zonas en catro, conseguimos establecer un número parello de individuos e entrevistas en cada unha delas. Poderase ver que entrevistamos a catro mulleres máis das que en porcentaxe parecería corresponderlles; e isto é debido a que os datos utilizados do Padrón son de finais do 92 e o estudio realizouse en Xuño do 94. No mencionado Padrón parece constatarase que nos catorce anos (os que agora entrarían na nosa primeira franxa por idades) encóntranse máis mulleres, asimesmo pasan máis mulleres ó grupo 20-24 e saen deste máis homes; débese tamén a que son os varóns os que embarcan en maior

número nos trinta neste período de tempo. Ter en conta estes datos e a súa división por zonas foi o que nos levou a esta pequena corrección na asignación das entrevistas.

Faltaba xa, tan só, escolle-los xoves que tiñamos que entrevistar. Nos barrios da cidade seguimos un sistema de rotas, dentro das cales, e mediante unha táboa aleatoria seleccionabamo-la vivenda, o fogar e o xove a entrevistar. Dentro das zonas semirural e rural atopámonos coa separación entre vivendas, característica de Galicia; o problema quedou resolto ó escoller o que dentro das diferentes parroquias se pode entender por núcleo e aplicando neles as técnicas aleatorias.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

CADRO I

DISTRIBUCION DA POBOACION HOVE POR SEXO E IDADE FERROL

ANOS DE IDADE	HOMES	MULLERES	TOTAL
15-19	3821	3830	7651
20-24	3313	3300	6613
25-29	3181	3127	6308
<hr/>			
Total 15-29	10315	10257	20572
Total Ferrol	40157	45222	85379

Fonte: Padrón Municipal de habitantes do 31-12-1992.
Elaboración Propia

CADRO II

DISTRIBUCION DA POBOACION HOVE POR ZONAS E IDADE FERROL

ANOS DE IDADE	URBANA	ENSANCHES	CARANZA	SEMIRRURAL-RURAL
15-19	3089	1835	1923	1758
20-24	2686	1541	1557	1575
25-29	2767	1509	1169	1633
<hr/>				
Total 15-29	8542	4885	4649	4966

Fonte: Padrón Municipal de habitantes do 31-12-1992.
Elaboración Propia

CADRO III

DISTRIBUCION DA POBOACION HOVE POR SEXO E IDADE CENTRO

ANOS DE IDADE	HOMES	MULLERES	TOTAL
15-19	334	306	640
20-24	310	282	592
25-29	330	292	622
<hr/>			
Total 15-29	974	880	1854

Fonte: Padrón Municipal de habitantes do 31-12-1992.
Elaboración Propia

CADRO IV

DISTRIBUCION DA POBOACION HOUE POR SEXO E IDADE CANIDO-MUELLE

ANOS DE IDADE	HOMES	MULLERES	TOTAL
15-19	442	440	882
20-24	400	395	795
25-29	372	366	738

Total 15-29	1214	1201	2415
-------------	------	------	------

Fonte: Padrón Municipal de habitantes do 31-12-1992.
Elaboración Propia

CADRO V

DISTRIBUCION DA POBOACION HOUE POR SEXO E IDADE ENSANCHES

ANOS DE IDADE	HOMES	MULLERES	TOTAL
15-19	934	901	1835
20-24	752	789	1541
25-29	747	822	1569

Total 15-29	2433	2512	4945
-------------	------	------	------

Fonte: Padrón Municipal de habitantes do 31-12-1992.
Elaboración Propia

CADRO VI

DISTRIBUCION DA POBOACION HOUE POR SEXO E IDADE ESTEIRO-RECIMIL

ANOS DE IDADE	HOMES	MULLERES	TOTAL
15-19	294	320	614
20-24	271	282	553
25-29	279	297	576

Total 15-29	844	899	1743
-------------	-----	-----	------

Fonte: Padrón Municipal de habitantes do 31-12-1992.
Elaboración Propia

CADRO VII

DISTRIBUCION DA POBOACION HOXE POR SEXO E IDADE CARANZA

ANOS DE IDADE	HOMES	MULLERES	TOTAL
15-19	948	975	1923
20-24	793	764	1557
25-29	631	538	1169
<hr/>			
Total 15-29	2372	2277	4649

Fonte: Padrón Municipal de habitantes do 31-12-1992.
Elaboración Propia

CADRO VIII

DISTRIBUCION DA POBOACION HOXE POR SEXO E IDADE SEMIRRURAL

ANOS DE IDADE	HOMES	MULLERES	TOTAL
15-19	583	600	1183
20-24	503	555	1058
25-29	573	580	1153
<hr/>			
Total 15-29	1659	1735	3394

Fonte: Padrón Municipal de habitantes do 31-12-1992.
Elaboración Propia

CADRO IX

DISTRIBUCION DA POBOACION HOXE POR SEXO E IDADE RURAL

ANOS DE IDADE	HOMES	MULLERES	TOTAL
15-19	286	289	575
20-24	284	235	519
25-29	249	231	480
<hr/>			
Total 15-29	819	755	1574

Fonte: Padrón Municipal de habitantes do 31-12-1992.
Elaboración Propia

CADRO X

TOTAL XOVES E NUMERO DE ENQUISAS POR ZONAS

	URBANA	ENSANCHES	CARANZA	SEMIRRURAL RURAL	TOTAL
Total xoves	8542	4945	4649	4966	20562
Nº de enquisas	123	101	95	101	420

Elaboración Propia

CADRO XI

TOTAL XOVES E NUMERO DE ENQUISAS POR ZONAS E GRUPOS DE IDADE

ANOS DE IDADE	URBANA	ENSANCHES	CARANZA	SEMIRRURAL RURAL	TOTAL
15-19	44	38	39	36	157
20-24	39	31	32	32	134
25-29	40	32	24	33	129
Total 15-29	123	101	95	101	420

Elaboración Propia

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202, 2015, Ferrol
ateneoferrolan.org

CADRO XII

TOTAL XOVES E Nº DE ENQUISAS POR ZONAS, GRUPOS DE IDADE E SEXO

	15-19		20-24		25-29	
	HOME	MULLER	HOME	MULLER	HOME	MULLER
Urbana	22	22	19	20	21	19
Ensanches	19	19	15	16	15	17
Caranza	19	20	16	16	13	11
Semirrural-rural	18	18	15	17	16	17
Total	78	79	65	69	65	64

(N=420)

Elaboración Propia



Atenco Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.atencoferrolan.org

3. Descrición da poboación entrevistada

Tentaremos neste apartado analizar, a partir dunha perspectiva fundamentalmente cuantitativa, o perfil dos nosos entrevistados. Fixarémonos, a esta fin, na conformación dos fogares ós que pertencen, no seu nivel de estudos, na súa ocupación, no seu estado civil e no seu lugar de nacemento. Parécenos de interés, e por iso facémolo tamén, o observa-los estudos e a ocupación dos pais dos entrevistados.

Tipos de fogar e número de membros

O fogar máis xeralizado é aquel que está formado por catro persoas (26,2 %), seguido do composto por cinco membros (22,3 %) e tres (21,5 %). Se observamos os datos por barrios ou zonas, atopámonos conque os fogares con menor número de persoas corresponden ós dous Ensanches; mentres que nos de 4 ou 5 membros destaca a zona Canido-Muelle que, sen embargo, é a segunda zona con menor número de fogares numerosos (6 ou máis).

Se nos detemos no tipo de fogar (cadros 65 e 66) veremos que o 72,8 % dos entrevistados viven nun fogar de núcleo conxugal simple (cos seus pais e irmáns), o 9,1 % nun fogar extenso (algunha persoa máis que no tipo anterior) e o 8,1 % habita na modalidade monoparental (un dos proxenitores cos seus dous fillos). En canto ós xoves que viven sós, formando o seu propio fogar, podemos dicir que significan o 1 %, mentres que outro 1 % viven con outras persoas coas que non os une unha relación de parentesco (pluripersoais). É salientable que os fogares de núcleo conxugal son, proporcionalmente, máis numerosos nos ensanches (zona de poboación máis xove) e Caranza, mentres que os extensos e múltiples abundan no ámbito semirural e rural; isto parece confirmar que o proceso de modernización nas familias detéctase máis tardiamente nas áreas agrarias e tradicionais.

Ocupación dos entrevistados

Nos cadros 3 e 4 podemos observar que un 64 % dos entrevistados teñen como tarefa primordial o estudo, en case idéntica proporción varóns e mulleres. Séguenos en orde numérica decrecente: os parados (9,8 %), os administrativos e os auxiliares (4,5 %) e os traballadores cualificados (3,6 %). No sector de parados, están cinco puntos por riba os homes, mentres que nas mulleres contemplamos un 13,6 % de amas de casa fronte ó 1 % dos varóns que rexistran a mesma ocupación. Debemos, tamén, sinalar que o 1 % dos homes son altos funcionarios ou directivos mentres que, para idéntica función, non atopamos ningunha muller. Por zonas, aparece un maior número de parados no Centro, seguido de Caranza, e unha porcentaxe superior de amas de casa é salientable na zona rural e en Esteiro-Recimil. Non entramos a avaliar algunhas outras ocupacións, debido a que o baixo número de respostas coartarían a validez da súa análise.

Ocupación dos pais dos entrevistados

A ocupación máis xeralizada dos pais dos entrevistados (cadro 6 e 7), é a de traballadores cualificados (26,2 %), seguida, a bastante distancia, polos traballadores non cualificados (11,2 %) e técnicos medios (10,5 %). Así como nos traballadores cualificados obtemos unha porcentaxe moi parecida á da media galega (25,9 %). Según o Informe 93 dirixido polo profesor Veira Veira; nos traballadores non cualificados e nos técnicos os tantos por cento de Ferrol practicamente duplican ós seus correspondentes galegos. Isto viría explicado polo carácter máis industrial da nosa cidade fronte á media de Galicia, na que pesa en grande medida o medio rural.

Debemos salientar que os pais dos xoves galegos atópanse parados nun 2 % mentres que os seus compañeiros ferroláns amosan unha porcentaxe do 12,9 %. É este un dato que plasma ás claras que a nosa é unha cidade na que o declive atopou instalación.

Os pais "*altos funcionarios*" e os "*técnicos*" instálanse en maior medida no Centro, mentres que os parados residen nos Ensanches e os traballadores cualificados e xubilados viven en Caranza. En canto ós xubilados debemos ter en conta que, coa crise industrial, producíronse na nosa cidade un número moi significativo de xubilacións anticipadas; un fenómeno similar tivo lugar nas forzas armadas nas que certos militares pasaron á reserva activa; e é este un fenómeno que non carece de importancia debido ó peso castrense que a cidade aínda ostenta ó ser capital dun departamento marítimo.

Fundado en 1879
Rúa Magdalena 292-293, Ferrol
www.cenicolefrol.org

Ocupación das nais dos entrevistados

Nun 79 % das nais dos entrevistados aparece como ocupación: ama de casa. Séguena (cadros 8 e 9), a moita distancia, as traballadora sen cualificar (4,5 %) e as traballadoras cualificadas (5,1 %). A continuación, pódese observar un 2,2 % de empresarias con e sen asalariados, en grande medida -supoñemos- do sector comercio, amplamente extendido na nosa cidade por cumprir esta a función dispensadora de servicios a unha extensa comarca.

Podemos observar que somentes se atopan xubiladas o 0,3 % das nais dos entrevistados e que se reduce a menos do 1 % a porcentaxe de altas funcionarias ou directivas.

Por zonas, as amas de casa acadan a súa maior proporción no barrio de Caranza e nos habitats semirrural e rural. Debemos, así mesmo, facer notar que non aparece ningunha como parada, cousa que nos leva a pensar que nese preto de 79 % de amas de casa cobíxase un número de mulleres que se atopan en situación de paro laboral encuberto.

Estudios que realizan os entrevistados

Nun 37,4 % os entrevistados non están a realizar estudio ningún, mentres que o 6,7 % realizan estudos primarios e o 38,1 % secundarios (BUP, COU, FP). Datos semellantes ós que, para toda Galicia, tiramos do citado informe 93, que son, respectivamente, 43,6 %, 6,5 % e 28,4 %. Isto permítenos establecer, nunha análise comparativa e puramente cuantitativa, que a mocidade ferrolá se adica ó estudio en maior medida que os seus compañeiros galegos.

Un 10,7 % realiza estudos superiores (Facultades, Escolas Técnicas Superiores, Academias Militares) e un 3,6 % estudos medios (fundamentalmente diplomaturas e enxeñerías técnicas). No Campus Universitario Ferrolán atópanse as Enxeñerías Técnicas de Serantes, as diplomaturas de Enfermería e Graduado Social, A Licenciatura de Humanidades e as Escolas Técnicas Superiores Navais e Industriais. De tódalas maneiras, moitos xoves ferroláns atópanse estudiando fora da cidade, fundamentalmente en Santiago e A Coruña, seguidos a distancia de Madrid, Academia Naval de Marín e outras. Hai que sinalar que un 3,3 % están a preparar oposicións para lograr unha rápida incorporación ó mercado laboral.

En canto á diferenciación por sexos (cadro 11), podemos observar que estudian en maior número as mulleres en primarios e secundarios. Os homes en estudos medios (as enxeñerías técnicas de Ferrol poden se-la causa explicativa) e iguálanse en superiores. É de salientar que, mentres os varóns entrevistados manifestan nun 40,2 % que non estudian, esta porcentaxe redúcese ó 34,5 % no caso das mulleres. Por zonas e en estudos superiores, as porcentaxes descendén ó alonxarse do centro da cidade hacia a zona rural (cadro 12).

Nivel de estudos que teñen os entrevistados

Destacaremos en primeiro lugar que, segundo se pode ver no cadro 13, somentes o 3,4 % dos varóns e o 4,2 % das mulleres manifestan estudos menores ós primarios, e o 53,8 % e 55,8 %, respectivamente, decláranos té-los estudos secundarios xa rematados. Por zonas, os que somentes posúen estudos primarios son porcentualmente máis nas zonas semirrural-rural, e os de estudos secundarios amosan índices maiores nos Ensanches.

O 53,4 % dos entrevistados estudiou ata os quince ou dezaseis anos en centros públicos, o 32,4 % en privados e o 13,4 % alternou ámba-las dúas modalidades. A proporción, neste senso, entre homes e mulleres é practicamente a mesma. Case o 70% dos 135 entrevistados que estudia-ron nun colexio privado, fixérono nun colexio relixioso, manténdose proporcións idénticas para ámbos-los dous sexos.

Nivel de estudos dos pais dos entrevistados

Referíndonos ó nivel de estudos dos pais diremos, seguindo o cadro 19, que o 16,8

% teñen estudos menores que primarios, o 39,7 % primarios e o 26 % secundarios. Os mesmos estudos para o total dos galegos, segundo o informe do profesor Veira Veira ofrecerían unhas porcentaxes do 18,9 %, 52,2 % e 9,5 % respectivamente. Podemos concluír, pois, que o nivel medio é máis alto na nosa cidade, aínda cando decaía nos estudos superiores. Sería, así mesmo, superior nos barrios urbanos, se os comparamos coa zona rural.

Nivel de estudos das nais dos entrevistados

O cadro 21 amósanos que o 23,0 % das nais dos entrevistados non completaron os estudos primarios, un 50,9 % si os remataron e un 15,3 % finalizou os secundarios. A porcentaxe é lixeiramente maior na nosa cidade que na media galega e descende se pasamos das zonas urbanas de Ferrol á parte rural (cadro 22).

Non podemos pasar por alto a importante e significativa diferenza entre os niveis de estudos dos pais e das nais. En tódolos casos e en cada un dos apartados, mantense un nivel máis alto en beneficio dos varóns (comparar cadros 19 e 21). A explicación viría dada, en parte, polos procesos de socialización e adxudicacións de roles que, xunto co sistema educativo, tiña a sociedade española hai tres décadas.

Estado civil dos entrevistados

Observamos no cadro 23 que a proporción de solteiros é abafante (82,0). Os casados serían un 14,7 % e o 1,7 % manifestan “vivir emparellados”. Os outros estados contemplados non acadan, ningún deles, un índice superior a un punto. Son porcentaxes ben similares ás da media galega aínda que lixeiramente máis baixas no caso dos casados.

Se analizamo-las diferencias en canto ó sexo dos entrevistados, veremos que hai máis solteiros e un maior número de casadas. O 17,9 % das mulleres contraeron matrimonio, fronte ó 11,1 dos varóns. Coidamos que un dos factores explicativos, podería aparecer se consideramos que a muller, aínda hoxe, é, en moitas ocasión, máis nova que o home co que comparte a súa vida.

Na distribución por zonas podemos observar que nos barrios da cidade a porcentaxe de solteiros non baixa do 83% e a de casados non sube do 14,5 %, mentres que na zona rural e semirrural os índices serían, respectivamente, un 77,1 % e un 17,5 %. Parece desprenderse que os xoves das zonas rurais casan en maior número. Non establecemos comparacións para separados, divorciados e viuvos por ser escaso o número e non permitir uns datos fiables para a conseguinte análise.

Relación do entrevistado co cabeza de familia

A relación máis xeralizada co cabeza de familia é, según o cadro 26, a de fillo (80,5 %), seguida da de cónxuxe ou compañeiro (8,8 %) e a do propio entrevistado como cabeza de familia.

3. Descripción da poboación entrevistada

Nunha especificación por sexo (cadro 27), atopamos unhas diferencias que implican, non só dunha forma cuantitativa senón ademais cualitativa, unhas concepcións en canto á maneira de entender as relacións persoais. Temos así que o 10 % dos varóns sitúanse como cabeza de familia, fronte ó 1,8 % das mulleres; mentres que o 18,2 % destas se definen como esposas ou compañeiras fronte a un significativo 0 % dos homes.

Se relacionamos a lectura do cadro 28 coa dos cadros 25 e 66, podemos extraer unha conclusión coidamos que ben interesante. Vemos, deste xeito, que nas zonas rurais un 8,8 % dos entrevistados que declaran ser cabezas de familia e un 7,0 % admiten ser esposos/compañeiros. Se unimos isto ó feito de que, na zona rural tiñamos un 17,5 % de casados, poderemos explicar o elevado índice de fogares múltiples (máis dunha parella baixo o mesmo teito) que aparecían nestas zonas. Os datos parecen querer concluír que máis da metade dos xoves que casan nas zonas semirural e rural de Ferrol pasan a vivir co seu cónxuxe na casa dos seus pais.

Lugares de nacemento e residencia dos entrevistados entre os cinco anos e os quince

Naceron en Galicia un 88,3 % dos entrevistados, mentres que no resto de España fixérono un 9,6 % e un 1,3 % proceden doutros países. Os datos que, para estes apartados e para toda Galicia, nos proporciona o Informe 93 son, respectivamente 85 %, 7,3 % e 7,5 %. Sendo equiparables os datos de nados en Galicia, parece ser que os xóvenes ferroláns naceron máis en España e menos noutros países. Temos que advertir que, na década dos sesenta, xoves matrimonios galegos atopábanse emigrados na Europa e no resto de España, mentres que Ferrol recibía poboación atraída polo traballo nos estaleiros, cousa que explicaría en parte ese 9,6 %.

Dentro da explicación que merece ese 9,6% dos xoves afincados en Ferrol e nados en España e fóra de Galicia, debemos ter en conta a compoñente militar da nosa cidade, que implicaba -con frecuencia- destinos fora de Ferrol que se prolongaban varios anos (fundamentalmente Cádiz, Cartaxena e Canarias); estes militares xoves e casados volvían á nosa cidade con ferrolans nados noutros lugares. Así parece confirmalo o cadro 31 no que se observa que a maioría dos mesmos viven nas zonas urbanas de Canido, Centro e Caranza, lugares onde se atopan ubicadas a meirande parte das vivendas militares.

A liña argumental que viñamos sostendo neste apartado parece reforzarse se atendemos agora ó lugar de residencia que tiveron os entrevistados entre os cinco e os quince anos. Entre estas dúas idades, o 91,9 % viviu en Galicia, un 8,9 % no resto de España e un 0,0 % (sabemos que pode ser outro pero non é apreciable) fora de España. A similitude por zonas correspóndese cos lugares de nacemento e polos factores xa mencionados do carácter militar da cidade e do saldo migratorio positivo que Ferrol tivo durante a época do seu pulo industrial, levanos a pensar onde naceron.

CADRO 1

Nº DE PESSOAS QUE VIVEM NO FOGAR DO ENTREVISTADO

Número de pessoas	%
Unha	0,8
Duas	7,3
Tres	21,5
Catro	26,2
Cinco	22,3
Seis	12,4
Sete	5,3
Oito	1,5
Nove ou máis	1,8
Ns/Nc	0,9

(N=420)


CADRO 2

DISTRIBUCION POR ZONAS DOS FOGARES SEGUN O SEU Nº DE PESSOAS

Nº PESSOAS	URBANA	ENSANCHES	CARANZA	SEMIRRURAL -RURAL
3 ou menos	26,0	38,5	21,9	33,7
4 ou 5	52,0	50,5	52,7	53,5
6 ou máis	22,0	11,0	25,4	22,8

(N=420)

Gráfica I



3. Descripción da poboación entrevistada

CADRO 3

OCUPACION DOS ENTREVISTADOS

OCUPACION	%
Amas de casa	7,4
Estudiante	64,0
Xubilado	0,0
Outros inactivos	2,9
Parado	9,8
Altos funcionarios, Directivos	0,5
Técnicos, mandos intermedios	1,1
Administrativos, auxiliares	4,5
Traballadores cualificados	3,6
Traballadores sen cualificar	3,4
Empresarios con asalariados	0,0
Empresarios sen asalariados	0,5
Empresarios agrícolas con asalariados	0,0
Empresarios agrícolas sen asalariados	0,0
Profesións liberais	0,9
Outros activos sen clasificar	0,7
Ns/Nc	1,0


(N=420)

CADRO 4

DISTRIBUCION POR SEXOS DA OCUPACION DOS ENTREVISTADOS

OCUPACION	VARON	MULLER
Amas de casa	1,0	13,6
Estudiante	64,0	64,1
Xubilado	0,0	0,0
Outros inactivos	2,4	3,3
Parado	12,5	7,1
Altos funcionarios, Directivos	1,0	0,0
Técnicos, mandos intermedios	1,9	0,4
Administrativos, auxiliares	6,2	2,9
Traballadores cualificados	3,8	3,3
Traballadores sen cualificar	3,4	2,9
Empresarios con asalariados	0,0	0,0
Empresarios sen asalariados	0,5	0,5
Empresarios agrícolas con asalariados	0,0	0,0
Empresarios agrícolas sen asalariados	0,0	0,0
Profesións liberais	1,0	0,9
Outros activos sen clasificar	0,9	0,5
Ns/Nc	1,4	0,5

(N=420)



CADRO 5

DISTRIBUCION EN CADA ZONA DA OCUPACION DOS ENTREVISTADOS

OCUPACION	URBANA	ENSANCHES	CARANZA	SEMIRRURAL-RURAL
Amas de casa	6,5	4,9	6,3	4,9
Estudiante	5,5	60,4	58,9	72,3
Xubilado	0,0	0,0	0,0	0,0
Outros inactivos	5,9	5,9	3,1	1,0
Parado	12,2	4,0	12,6	6,9
Altos funcionarios, Directivos	2,9	1,0	0,0	2,0
Técnicos, mandos intermedios	5,1	3,0	0,0	0,5
Administrativos, auxiliares	6,5	2,0	4,2	3,0
Traballadores cualificados	0,0	4,9	6,3	5,9
Traballadores sen cualificar	2,4	7,9	2,1	1,0
Empresarios con asalariados	0,0	0,0	0,0	0,0
Empresarios sen asalariados	0,0	0,0	0,0	0,0
Empresarios Agrícolas con asalariados	0,0	0,0	0,0	0,0
Empresarios Agrícolas sen asalariados	0,0	0,0	0,0	0,0
Profesións liberais	2,8	1,0	0,0	1,0
Outros activos sen clasificar	0,8	0,0	1,1	1,0
Ns/Nc	3,6	5,0	5,3	0,5

(N=420)

CADRO 6

OCUPACION DOS PAIS DOS ENTREVISTADOS

OCUPACION	%
Xubilado	4,5
Outros inactivos	0,7
Parado	12,9
Altos funcionarios, Directivos	9,0
Técnicos, mandos intermedios	10,5
Administrativos, auxiliares	7,6
Traballadores cualificados	26,2
Traballadores sen cualificar	11,2
Empresarios con asalariados	1,9
Empresarios sen asalariados	3,6
Empresarios agrícolas con asalariados	0,5
Empresarios agrícolas sen asalariados	0,5
Profesiões liberais	1,2
Outros activos sen clasificar	2,1
Ns/Nc	7,6

(N=420)

CADRO 8

OCUPACION DAS NAIS DOS ENTREVISTADOS

OCUPACION	%
Amas de casa	79,0
Estudiante	1,1
Xubilada	0,3
Parada	0,0
Altas funcionarias, Directivas	0,9
Técnicos, mandos intermedios	1,1
Administrativas, auxiliares	1,3
Traballadoras cualificadas	5,3
Traballadoras sen cualificar	4,5
Empresarias con asalariados	1,5
Empresarias sen asalariados	0,7
Empresarias agrícolas con asalariados	0,4
Empresarias agrícolas sen asalariados	0,7
Profesiões liberais	0,5
Outras activas sen clasificar	0,5
Ns/Nc	2,2

(N=420)

CADRO 7 Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
www.asociacionferrolan.org

DISTRIBUCION EN CADA ZONA DA OCUPACION DOS PAIS DOS ENTREVISTADOS

OCUPACION	URBANA	ENSANCHES	CARANZA	SEMIRRURAL-RURAL
Xubilado	3,1	5,9	6,3	3,1
Outros inactivos	0,7	0,0	1,1	2,0
Parados	0,7	21,8	8,4	1,0
Altos funcionarios, Directivos	15,6	6,9	3,2	13,3
Técnicos, mandos intermedios	23,7	5,0	10,5	5,1
Administrativos, auxiliares	11,9	4,0	5,3	4,1
Traballadores cualificados	14,8	21,8	31,4	34,7
Traballadores sen cualificar	13,3	8,9	13,7	18,4
Empresarios con asalariados	4,4	2,0	1,1	1,0
Empresarios sen asalariados	5,2	5,0	0,0	6,1
Empresarios Agrícolas con asalariados	0,0	2,0	0,0	0,0
Empresarios Agrícolas sen asalariados	0,0	1,0	0,0	1,0
Profesiões liberais	2,2	1,0	1,1	0,0
Outros activos sen clasificar	0,7	2,0	1,1	3,1
Ns/Nc	3,7	12,7	16,8	7,1

(N=420)

3. Descripción da poboación entrevistada

CADRO 9

DISTRIBUCION EN CADA ZONA DA OCUPACION DAS NAIS DOS ENTREVISTADOS

OCUPACION	URBANA	ENSANCHES	CARANZA	SEMIRRURAL RURAL
Ama de casa	75,7	79,4	85,3	81,4
Estudiante	0,0	0,0	0,0	4,2
Xubilada	0,0	1,0	0,0	0,0
Parada	0,0	0,0	0,0	0,0
Alta funcionaria	0,0	0,0	4,2	0,0
Técnica	0,0	1,0	0,0	1,0
Administrativa, auxiliar	3,0	1,0	0,0	0,0
Traballadora cualificada	5,2	4,5	7,3	4,3
Traballadora sen cualificar	7,5	7,6	0,0	2,1
Empresaria con asalariados	1,6	1,0	0,0	3,1
Empresaria sen asalariados	0,8	1,0	0,0	1,0
Empresaria agrícola con asalariados	0,3	0,0	0,0	0,9
Empresaria agrícola sen asalariados	1,7	0,0	0,0	1,0
Profesionais liberais	0,8	1,0	0,0	0,0
Outras activas sen clasificar	0,8	1,0	0,0	0,0
NC	2,6	1,5	3,2	1,0

(N=420)



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magalóns 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

CADRO 10

NIVEL DE ESTUDIOS QUE ESTAN REALIZANDO OS ENTREVISTADOS

NIVEL DE ESTUDIOS	%
Primarios	6,7
Secundarios	38,1
Grao medio	3,6
Superiores	10,7
Estudios de 3º ciclo universitario	0,2
Oposicións	3,3
Non realiza estudos	37,4

(N=420)

CADRO 11

DISTRIBUCION POR SEXOS DO NIVEL DOS ESTUDIOS QUE ESTAN REALIZANDO OS ENTREVISTADOS

NIVEL DE ESTUDIOS	VARON	MULLER
Primarios	5,8	7,5
Secundarios	33,2	42,9
Grao medio	6,3	0,9
Superiores	11,1	10,4
3º ciclo universitario	0,0	0,5
Oposicións	3,4	3,3
Non realizan estudos	40,2	34,5

(N=420)

CADRO 13

DISTRIBUCION POR SEXOS DO NIVEL DE ESTUDIOS QUE TEÑEN OS ENTREVISTADOS

NIVEL DE ESTUDIOS	VARON	MULLER
Menos que primarios	3,4	4,2
Primarios	28,4	27,8
Secundarios	53,8	55,8
Grao medio	3,8	5,3
Superiores	1,0	1,9
NC	9,6	5,0

(N=420)

CADRO 12

DISTRIBUCION POR ZONA DO NIVEL DE ESTUDIOS QUE ESTAN REALIZANDO OS ENTREVISTADOS

NIVEL DE ESTUDIOS	URBANA	ENSANCHE	CARANZA	SEMIRRURAL-RURAL
Primarios	2,4	1,0	11,6	11,7
Secundarios	43,9	37,6	34,7	31,5
Grao medio	0,8	6,9	0,0	15,4
Superiores	15,4	13,9	6,3	5,4
3º ciclo universitario	0,0	0,0	1,1	0,0
Oposicións	0,9	5,0	2,1	5,4
Non realizan estudos	36,6	35,6	44,2	30,6

(N=420)

CADRO 14

DISTRIBUCION POR ZONA DO NIVEL DE ESTUDIOS QUE TEÑEN OS ENTREVISTADOS

NIVEL DE ESTUDIOS	URBANA	ENSANCHE	CARANZA	SEMIRRURAL-RURAL
Menos de primarios	3,3	2,0	7,7	3,2
Primarios	28,5	20,0	36,0	37,2
Secundarios	52,7	62,0	46,1	48,9
Grao medio	5,8	6,0	0,0	3,2
Superiores	1,7	2,0	1,6	0,0
NC	8,0	8,0	8,7	7,5

(N=420)

3. Descripción da poboación entrevistada

CADRO 15

TIPO DE CENTRO NO QUE ESTUDIOU ATA OS 15 OU 16 ANOS

TIPO DE CENTRO	%
Público	53,4
Privado	32,5
Ambos	13,4
Ns/Nc	0,7

(N=420)

CADRO 16

TIPO DE CENTRO NO QUE ESTUDIOU ATA OS 15 OU 16 ANOS POR SEXO

TIPO	VARON	MULLER
Público	54,5	52,0
Privado	31,8	33,2
Ambos	13,7	13,3
Ns/Nc	0,0	1,5

(N=420)

CADRO 17

TIPO DE CENTRO PRIVADO NO QUE ESTUDIOU

TIPO	%
Relixiosos	74,1
Non relixiosos	23,7
Ambos	2,2

(N=135)

CADRO 18

TIPO DE CENTRO PRIVADO NO QUE ESTUDIOU O ENTREVISTADO SEGUN SEXO


TIPO	VARON	MULLER
Relixiosos	69,2	68,8
Non relixiosos	27,9	29,9
Ambos	2,9	1,3
N	68	77

(N=135)

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879

Gráfica II

TIPO DE CENTRO NO QUE ESTUDIOU ATA OS 15 OU 16 ANOS



CADRO 19

**NIVEL DOS ESTUDIOS
DOS PAIS DOS ENTREVISTADOS**

NIVEL DE ESTUDIOS	%
Menos do primarios	16,8
Primarios	39,7
Secundarios	26,0
Grao medio	6,2
Superiores	3,2
NC	8,1

(N= 420)

CADRO 21

**NIVEL DOS ESTUDIOS
DAS PAIS DOS
ENTREVISTADOS**

NIVEL DE ESTUDIOS	%
Menos do primarios	23,0
Primarios	50,0
Secundarios	15,3
Grao medio	2,2
Superiores	2,2
NC	6,4

(N=420)

CADRO 20

**DISTRIBUCION POR ZONA DO NIVEL DE ESTUDIOS
DOS PAIS DOS ENTREVISTADOS**

NIVEL DE ESTUDIOS	URBANA	ENSANCHE	CARANZA	SEMIRRURAL-RURAL
Menos do primarios	9,1	17,0	22	21,2
Primarios	31,7	38,0	42,9	47,9
Secundarios	40,0	27,0	16,5	17,1
Grao medio	12,6	4,0	3,3	3,2
Superiores	1,6	1,0	8,8	2,1
NC	5,0	13,0	6,6	8,5

(N=420)

CADRO 22

**DISTRIBUCION POR ZONA DO NIVEL DE ESTUDIOS
DAS PAIS DOS ENTREVISTADOS**

NIVEL DE ESTUDIOS	URBANA	ENSANCHE	CARANZA	SEMIRRURAL-RURAL
Menos do primarios	19,5	27,2	22,6	25,1
Primarios	47,2	53,2	53,7	49,1
Secundarios	21,1	10,9	12,9	8,3
Grao medio	5,7	0,0	2,2	0,9
Superiores	0,0	1,1	7,5	8,3
NS/NC	6,6	7,8	1,1	8,3

(N=420)

3. Descripción da poboación entrevistada

CADRO 23

ESTADO CIVIL DOS ENTREVISTADOS

ESTADO CIVIL	%
Solteiro	82,0
Casado	14,7
Vivindo en parella	1,7
Separado	0,8
Divorciado	0,4
Viuvo	0,4
NC	0,0

(N=420)

CADRO 24

DISTRIBUCION POR SEXOS DO ESTADO CIVIL DOS ENTREVISTADOS

ESTADO CIVIL	VARON	MULLER
Solteiro	85,5	78,8
Casado	11,1	17,9
Vivindo en parella	1,6	1,7
Separado	0,9	0,9
Divorciado	0,9	0,0
Viuvo	0,0	0,7
NC	0,0	0,0

(N=420)


CADRO 25

DISTRIBUCION POR ZONAS DO ESTADO CIVIL DOS ENTREVISTADOS

ESTADO CIVIL	URBANA	ENSANCHES	CARANZA	SEMIRRURAL-RURAL
Solteiro	83,3	84,1	85,1	77,1
Casado	13,9	14,5	10,4	17,5
Vivindo en parella	0,0	1,4	3,0	1,8
Separado	0,0	0,0	1,5	1,8
Divorciado	0,0	0,0	0,0	1,8
Viuvo	2,8	0,0	0,0	0,0
NC	0,0	0,0	0,0	0,0

(N=420)

Gráfica III



CADRO 26

RELACION DOS ENTREVISTADOS COA PERSOA DE REFERENCIA OU CABEZA DE FAMILIA

RELACION CO CABEZA DE FAMILIA	%
Cabeza de familia	5,8
Esposo/Compañeiro	8,8
Fillo	80,5
Irmán/Cuñado	3,1
Outro	1,4
Ns/Nc	0,4

(N=420)

CADRO 27

DISTRIBUCION POR SEXOS DA RELACION DOS ENTREVISTADOS COA PERSOA DE REFERENCIA OU CABEZA DE FAMILIA

RELACION CO CABEZA DE FAMILIA	VARON	MULLER
Cabeza de familia	10,0	1,8
Esposo/Compañeiro	0,0	18,2
Fillo	83,6	76,4
Irmán/Cuñado	4,6	1,8
Outro	1,8	0,9
Ns/Nc	0,0	0,9

(N=420)


CADRO 28

DISTRIBUCION POR ZONAS DA RELACION DOS ENTREVISTADOS COA PERSOA DE REFERENCIA OU O CABEZA DE FAMILIA

RELACION	URBANA	ENSANCHES	CARANZA	SEMIRRURAL-RURAL
Cabeza de familia	0,0	10,3	1,5	8,8
Esposo/compañeiro	12,2	7,2	10,4	7,0
Fillo	84,8	76,8	83,6	78,9
Irmán/Cuñado	0,0	4,3	1,5	5,3
Outro	3,0	1,4	1,5	0,0
Ns/Nc	0,0	0,0	1,5	0,0

(N=420)

Gráfica IV



3. Descripción da poboación entrevistada

CADRO 29

LUGAR DE NACIMIENTO DOS ENTREVISTADOS

LUGAR DE NACIMIENTO	%
Galicia	88,3
Resto de España	9,6
Fóra de España	1,3
Ns/Nc	0,8

(N=420)

CADRO 30

LUGAR DE RESIDENCIA DOS ENTREVISTADOS ENTRE OS 5 E OS 15 ANOS

LUGAR DE RESIDENCIA	%
Galicia	91,1
Resto de España	8,9
Fóra de España	0,0
Ns/Nc	0,0

(N=420)

CADRO 31

DISTRIBUCION EN CADA ZONA DO LUGAR DE NACIMIENTO DOS ENTREVISTADOS

LUGAR DE NACIMIENTO	URBANA	ENSANCHES	CARANZA	SEMIRRURAL-RURAL
Galicia	85,0	95,6	87,3	94,6
Resto de España	12,5	4,4	12,7	5,4
Fóra de España	2,5	0,0	0,0	0,0

(N=420)


CADRO 32

DISTRIBUCION EN CADA ZONA DO LUGAR DE RESIDENCIA DOS ENTREVISTADOS ENTRE OS 5 E OS 15 ANOS

LUGAR DE NACIMIENTO	URBANA	ENSANCHES	CARANZA	SEMIRRURAL-RURAL
Galicia	86,8	95,5	86,5	94,6
Resto de España	13,2	4,5	13,5	5,4
Fóra de España	0,0	0,0	0,0	0,0

(N=420)

Gráfica V





Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para la cultura.
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

4. A xuventude. Posicionamento. Materialismo/Postmaterialismo

Os xoves en particular e tódalas persoas en xeral, modelamo-la nosa forma de actuar seguindo unha serie de valores que nos parecen realmente importantes. Quixemos, pois, pescudar no que consideran os mozos e mozas en canto ós valores que guían ou marcan as súas conductas. Inquerimos sobre toda unha serie de facetas presentes na vida persoal e social, e démoslle-la oportunidade de gradua-la súa resposta mediante catro vocablos: moita, bastante, pouca, ningunha.

Se dirixímo-la mirada ó cadro 33, podemos observar que as cinco cousas máis valoradas, por superar no "moito+bastante" o 90 %, son: a amizade (95,4 %), o amor (95,2 %), o traballo (94,7 %), a saúde (93,0 %) e a familia (92,6 %). Aínda que non en idéntica orde, coinciden cos cinco primeiros que o Informe 93, sobre Galicia, nos presenta. Cremos, seguindo o traballo dirixido polo profesor Veira, que, deixando a un lado a saúde (por ser un valor preciso para que se podan realiza-los demais), atopámonos coa amizade, o amor e a familia conformando unha tríada referida ás relacións primarias afectivas. Isto debe facernos pensar que os xoves dirixen unha maior valoración hacia as relacións e o desenvolvemento cualitativo da persoa e non hacia os outros aspectos materiais da vida.

A alta valoración que se lle otorga á familia -yal e como quen esto escribe reflexou no artigo "*As formas de familia en Ferrol*", publicado en Ferrol Análisis, nº 6- , condúcenos a pensar que esta institución esta a sufrir profundos cambios nas súas funcións e no desempeño dos roles; pero, ó mesmo tempo, e contra o que poidan pensar certos agoreiros, debemos dicir que segue a gozar dunha magnífica saúde. As enquisas españolas, e as de tódalas sociedades industriais avanzadas, confirman estes datos.

O traballo é considerado polos xoves ferroláns como o terceiro valor en importancia e, seguramente, non han ser alleas a este feito algunhas hipóteses sobre a escaseza; demándase, ansíase ou valórase o que non se ten, e a falta de postos de traballo na nosa cidade debe ter certa influencia neste aspecto. Viría a continuación a valorarse o estudio (86,1 %), o que, dada a idade dos nosos entrevistados, puidera ser visto como unha antesala para o traballo.

Observamos, ademais, que o diñeiro ocupa un lugar medio no seu decálogo de valores, o que parece confirma-lo descenso, como logo habemos ver, de certas actitudes materialistas. O sexo sitúano 14,1 puntos por debaixo do amor, cousa que nos conduce a unha valoración máis positiva do puramente afectivo. Goza o tempo libre dunha estima do 85,3 % (moita + bastante), volvendo así a sinalarno-lo interese pola calidade de vida e o desenvolvemento libre da persoalidade do individuo. A ciencia e a arte acadan, aínda, un alto valor (superior ó 50 %), visiónase a primeira como progreso e a segunda como beleza expresiva.

Debemos facer notar que tódalas valoracións están practicamente igualadas cos

datos medios xerais. Se realizamo-la disección por sexo e grupos de idade, a dispersión dos resultados é moi pequena en todas e cada unha das facetas para as que se pediu valoración. Somentes podemos significar que, da importancia concedida ó traballo salientan sobremaneira os varóns de entre 25 e 29 anos, (ver cadro 34).

Especial atención precisan a relixión e a política, debido ó alto nivel de desinterese que producen nos xoves ferroláns. Ocupan os dous postos de cola na nosa escala cunha porcentaxe (moita + bastante) do 27,6 % para a relixión e o 18,0 % para a política.

Debemos ter en conta, ademáis, que “moita importancia” outórganlla á relixión, somentes un 7,4 % dos entrevistados; e á política tan só un 4,6 %. Se observamo-los capítulos que, no presente traballo lle adicamos á relixión e á política, podemos concluír, seguindo o estudio do profesor Veira, que esta pouca estima que gozan ambas dúas non viría dada polo seu carácter xeral, senón por determinadas características das súas formas máis tradicionais de organización: Igrexas, no caso da relixión, e partidos, no caso da política. Quizais esté a nacer un novo xeito de entende-lo feito relixioso e a súa práctica, así como unha maneira diferente de entende-la política, en base á liberdade, calidade de vida e formas de participación na vida pública. Debemos aclarar que estes datos están en sintonía cos que manifestan os estudos realizados para universos como o galego, o español ou o de outros países europeos.



No cadro 47 analizaremos-la opinión que os ferroláns teñen sobre algúns temas, o que nos proporcionará un mellor coñecemento da súa disposición ante a vida.

Ante a frase “*A vida somentes ten sentido cuando unha persoa se adica plenamente a unha causa ou ideal*”, os xoves polarízanse en dúas posicións: de acordo nun 51,1 % e en desacordo un 46,7%. Non existe, pois, unha opinión maioritariamente definida sobre o tema. Se o que aquí pretendemos é observa-lo idealismo, debemos concluír que é posible visionalo se sumamos as dúas posturas intermedias (máis ben en desacordo + máis ben de acordo), obtendo así un 65,6 %; de todoos xeitos sería un idealismo ó que irían os xoves dunha maneira razoada e non cos brazos abertos.

Debemos ter en conta tamén, que os xoves parecen querer fuxir dos fanatismos cando un 62,5 % se manifestan en desacordo con que “*De tódalas relixións probablemente só unha é a verdadeira*”, máis aínda se nos fixamos en que, o “moi de acordo” suscribino tan só o 9,7 %.

Onde atopamos unha clara división é ante a seguinte afirmación “*Nun grupo no que se toleran demasiadas diferencias de opinión entre os seus membros non pode durar moito tempo*”. Os resultados manifestan un 47,5 % de desacordo e unha concordancia do 50,7 %. Se medimo-la tolerancia e cohesión do grupo, podemos observa-los resultados valorando que, ó adverti-las diferencias, pódese producir unha maior integración.

Si, en cambio, atopamos un claro posicionamento en desacordo con frase “*Nun mundo complicado como o noso o mellor é a terse ó que nos digan as autoridades e os expertos en quen poidamos confiar*”. Parece claro que os xoves non parecen dispostos a facer deixación de funcións en mans de determinados técnicos. Manifestan unha

4. A xuventude. Posicionamento. Materialismo/Postmaterialismo

clara aposta por algún tipo de participación.

A postura é claramente contraria (79,7 %) á sentenza *“O máis importante non é ter éxito neste mundo, senón o que ocorra máis alá”*. Parece que os xoves desexan resolver os problemas que se lles plantexan neste mundo, alonxándose de actividades contemplativas ou coformistas.

Ante a frase *“Só mirando hacia o pasado atoparemos solución ós nosos problemas actuais”*, encontrámonos cun 68,2 % que se manifesta en desacordo. A porcentaxe é similar á media galega (69,9 %) e maniféstanos que os xoves consideran que as solucións non veñen do pasado e que o cambio social é preciso abordalo dende o presente.

Fixemos agora a nosa atención na frase: *“Todo cambia tan rápidamente nestes tempos que un dificilmente pode xa distinguir entre o que está ben e o que está mal”*. Os resultados revelan que un 52,9 % móstrase en desacordo, o que parece indicar que teñen unha ética de conducta clara; non obstante, aparece un 46,2 % que se manifesta de acordo e que, polo tanto, transmiten as súas dúbidas na elección dun camiño ético a seguir, o que, en determinadas ocasións, os conduce á anomia (falta ou choque de normas) e á aparición dalgunhas conductas desviantes, tal e como xa nos indicara Durkheim no seu traballo *“La educación moral”*.

Podemos tamén observa-lo posicionamento dos xoves ante a afirmación *“O futuro é tan inseguro, que o mellor que se pode facer é vivir ó día”*. Pois ben, o 74,9 % está de acordo con tal aseveración, o que nos da pé a pensar que os entrevistados optan, dunha maneira clara, por engancharse á vida diaria e ó que esta lles ofrece, embarcándose no que o mencionado Informe 1993 denomina ideoloxía consumista, tendo en conta, ademais, que é a primeira xeración que non coñeceu nin a escaseza, nin a guerra, nin a posguerra; sería, en palabras de Inglehart que o propio informe recolle, a primeira xeración do postmaterialismo.

Analicemos agora os datos obtidos das respostas á frase: *“Nun sistema democrático como o noso os cidadáns inflúen realmente nas decisións que toma o goberno”*. Un significativo 75,4 % manifesta o seu desacordo, o que debe facernos reflexionar no sentido dunha desconfianza hacia algúns métodos que practican as nosas democracias. Habería, quizais, que abrir novos sucos para a participación política, ou ben revitalizar ou cambia-los existentes no sentido de dar unha maior potenciación a un asociacionismo que faga sentir ós xoves que realmente están a determina-la súa propia sociedade.

A última frase que observamos neste apartado é a seguinte: *“A situación internacional é xa tan complexa que países como España a penas si poden tomar decisións importantes sobre os seus propios asuntos”*. A mosan o seu acordo un 64,7 %, o que parece indicarnos que os xoves ven alonxarse, para algúns temas, os centros de poder e decisión; coa conseguinte perda de sinalización de responsabilidades e o posible aumento de determinadas actividades que reflexan a resolución de problemas sociais en marcos xeográficos e políticos máis amplos.

Materialismo-Postmaterialismo

Se queremos estudar as transformacións que teñen lugar na nosa sociedade e ver como se produce o cambio social temos que estar atentos a toda unha serie -moi variada- de factores. Debemos ter en conta aqueles que poderíamos denominar como estruturais, coa infraestrutura económica á cabeza, e analizar os conflitos, a súa xénese e o seu desenvolvemento. O interesante libro de Dahrendorf "*El conflicto social moderno*", publicado por Mondadori, ilústranos convenientemente sobre o tema. Deberíamos, ademais, observar como se van transformando os valores, as actitudes e as mentalidades.

O profesor Roland Inglehart iniciou uns amplos estudos sobre como se manteñen e cambian os valores. O seu libro "*El cambio cultural en las sociedades industriales avanzadas*", publicado polo CIS, é unha boa mostra delo. O estudio dos valores que emerxen nunha sociedade converterase nun baremo para saber - ou cando menos intuír- a dirección e o sentido que pode tomar o cambio social.

Inglehart buscou o sustentamento da súa teoría na xerarquía de necesidades de Maslow, o cal, vennos dicir que existen varias clases de necesidades e que cada unha nos incitará a actuar cando esté satisfeita a anterior en orde xerárquica; deixounos sinaladas cinco clases ou categorías:

- 1. Necesidades fisiolóxicas: serían as máis elementais e básicas para vivir: nutrición, casa, reprodución.
- 2. Necesidades de seguridade: son as que nos proporcionan tranquilidade e fan que se alonxe a incertidume: propiedade, traballo, saúde física e mental.
- 3. Necesidades sociais e de relación: serían aquelas que nos fan sentir membros dun grupo e que nos permiten comunicarnos cos demais. Afiliarse.
- 4. Necesidades de estima: son as que nos levan a busca-lo aprecio e o recoñecemento. A mesma importancia ten a autoestima: acadar prestixio e confianza nun mesmo.
- 5. Necesidades de autorrealización: serían aquelas que nos incitan ó desenvolvemento das nosas capacidades: metas profesionais, traballos creativos.

Estudios posteriores reflexan que esta xerarquización non responde dunha forma ríxida á realidade e que o que si sucede é que existen unhas necesidades básicas, mentres que outras dependen da inserción social do individuo. O profesor Inglehart recolle a teoría das necesidades pero establece somentes dúas grandes categorías: unha primeira, resultado de xunta-las fisiolóxicas e as de seguridade, onde se trata de conseguir bases materiais e a tranquilidade e que identifica con valores materialistas; e unha segunda que é a unión das outras tres de Maslow e que se orienta á calidade de vida e á que se lle asignan valores postmaterialistas.

Ó mesmo tempo, Ronald Inglehart observa como as sociedades industriais avanzadas están continuamente sometidas ó desenvolvemento económico, ás mudanzas políticas, ó crecemento demográfico e a toda unha serie de transformacións nas

4. A xuventude. Posicionamento. Materialismo/Postmaterialismo

súas institucións e comportamentos que están incidindo no cambio social. Para estudar estes cambios utiliza dúas hipóteses: a da escaseza, onde se valora máis o que escasea (inda que non sexan bens económicos); e a da socialización, que indica que os valores dunha persoa confórmanse fundamentalmente antes de chegar á vida de adulto. En España o cambio democrático conlevou o movemento de posta en práctica destas dúas hipóteses.

Inglehart elaborou uns indicadores que nos permitisen medi-la orientación materialista ou postmaterialista. Pregúntaselle ó entrevistado sobre catro aspectos da vida social e pídeselle que escolla dous por orde de importancia. Dous indican materialismo e outros dous postmaterialismo. Son os catro seguintes.

- Mante-la orde na nación (materialista).
- Aumenta-la participación dos cidadáns nas decisións importantes do goberno (postmaterialista).
- Combate-la alza dos precios (materialista)
- Protexe-la liberdade de expresión (postmaterialista)

Combinando os catro, teremos entre os enquisados catro tipos:

- Materialistas: cando escollen os dous indicadores materialistas en primeiro e segundo lugar.
- Mixtos con orientación materialista: cando elixen como máis importante un indicador materialista e como segundo un postmaterialista.
- Mixtos con orientación postmaterialista: cando escollen en primeiro lugar un indicador postmaterialista e como segundo en orde de importancia, un materialista.
- Postmaterialista: cando elixen os dous indicadores postmaterialistas en primeiro e segundo lugar.

Fixémonos agora, no cadro 48, en como os entrevistados escolleron os catro indicadores. Podemos ver que un dos indicadores materialistas foi escollido en primeiro lugar polo 76,1 % dos entrevistados. É tamén importante darnos conta de que en segundo lugar, por orde de importancia, elixiron un indicador postmaterialista un 59 % da mostra. De tódalas formas observaremos este cadro coa debida reserva porque para realiza-la nosa tipoloxía é preciso que cada entrevistado coloque dous por orde de importancia e é aí donde nos temos que centrar como aparece no cadro seguinte.

Na introducción ó noso traballo sinalabamos como unha das nosas hipóteses o pensar na preponderancia dos valores postmaterialistas nos xóvenes ferroláns. Pois ben, o cadro 49 ofréceno-lo seguinte resultado: 48,9% de postmaterialistas fronte a 4,2 % de materialistas e, entre os mixtos, atopámonos tamén cunha maior porcentaxe (26,8 %) entre os de orientación postmaterialista que entre os que dirixen as súas preferencias ó materialismo (19,3 %). Se comparamos estes datos cos do Informe 93 (que é a nosa guía), podemos observar que o equipo dirixido polo profesor Veira atopou, para o conxunto galego, os seguintes datos: materialistas (5,7 %), mixtos materialistas (21,2 %), mixtos postmaterialistas (29,3 %) e postmaterialistas (42,8 %). A análise compa-

rativa amósanos unha penetración maior do postmaterialismo nos mozos e mozas da nosa cidade. Debemos ter en conta que os datos galegos comprenden o reflexo da Galicia rural. Ferrol ten toda a compoñente urbana e nesta diferenza poden aparecerse os motivos explicativos a través das hipóteses (antes mencionadas) da socialización e da escaseza. Nas cidades como Ferrol, os cambios nos procesos de socialización foron máis rápidos que no campo e o empuxe industrial dos sesenta e os setenta fixo que as necesidades máis básicas estivesen cubertas e se poidese (Maslow) ir a outros obxectivos de índole postmaterialista. Os xoves valoran máis a calidade de vida, tal e como podemos observar no cadro 50, cando sitúan nos primeiros lugares a unha vida sinxela, a vida familiar e o desenvolvemento do individuo.

Se nos atemos ás diferentes zonas (cadro 51) os datos confirmannos que os postmaterialistas acadan maiores porcentaxes nos Ensanches e no Centro, e menores na zona rural. Lembremos que nos Ensanches atópanse unha gran proporción de pais con bo poder adquisitivo e estudos máis elevados, xusto ó revés do que ocorre no rural. De todas maneiras debemos ter en conta que o grupo de orientación postmaterialista acada o seu maior índice na zona semirrural, o que ven a confirmar que as diferenzas, neste sentido, tenden a difuminarse.

En canto á diferenciación por idades (cadro 52), os datos parecen contradicirlos xerais que para toda Galicia nos presenta o Informe 93. Pois mentres que neste o aumenta-la idade diminúen os postmaterialistas e aumentan os materialistas, na nosa cidade sucede que o grupo de 25 a 29 anos son os que se proxectan como máis postmaterialistas mentres que o grupo de 20 a 24 anos aparece como (non poderíamos dicir materialista) o menos postmaterialista -prácticamente igualado cos máis xoves.. O mesmo argumento que se utiliza no informe galego para a explicación dos xóvenes máis vellos como máis materialistas, utilizáremolo nos para xustamente o contrario; confirmaremos, así, a segunda hipótese que formulabamos na introducción. En Ferrol, o proceso de forte declive industrial e a crise económica comencan a reflectir as súas duras consecuencias a mediados da década dos oitenta - moita xente no paro, subsidios que poden finalizar, falta de perspectivas, inseguridade, penuria económica no pecunio familiar-. Os xoves de idades máis elevadas (25-29 anos) asistiron a este proceso xa con caseque vinte anos cumpridos e cunha infancia e unha primeira xuventude vividas na abundancia dun puxante Ferrol industrial, e a súa socialización levounos a valores postmaterialistas. Os xoves doutros grupos de menor idade percorreron este proceso de crise ferrolana dende a súa nenez e comencaron a sentir a escaseza (de traballo, estabilidade, economía doméstica, seguridade) dende moi cedo, incorporándoa ó seu proceso de adquisición de normas e actitudes. É, polo tanto, polo que cremos que as hipóteses da escaseza e socialización confirman os nosos datos e as hipóteses que plantexabamos.

Na diferenciación por sexo podemos observar (cadro 53) que aínda que aparece unha maior porcentaxe postmaterialista pura para as mulleres, atopámonos con que estas tamén o teñen en materialistas puros. Os varóns son, polo xeral, máis postmaterialistas pois suman un 80 % entre os puros e de orientación postmaterialista.

Non entramos a valora-los datos por estado civil porque, debido a elevada

4. A xuventude. Posicionamento. Materialismo/Postmaterialismo

proporción de solteiros, os casados son un número tan exíguo que non nos permiten facer unha análise minimamente rigorosa.

No cadro 55 cruzamos o materialismo/postmaterialismo co auto-posicionamento político dos entrevistados. Os resultados obtidos así, manifestan claramente que os postmaterialistas (mixtos + puros), sitúanse nas tres primeiras posicións, ubicándose no espacio da esquerda. Por outra parte os materialistas sitúanse nos lugares 5 a 7, adoptando as posturas da dereita. Debemos tamén reflexa-lo dato de que un 20,8% de mixtos materialistas se sitúan no catro, que é a posición central da escala.

Realizaremos agora un repaso sobre a valoración que os materialistas/postmaterialistas realizan sobre diferentes frases que se lles propuxeron (cadros 56 a 62). En tres dos cadros, observamo-las frases “*Que se chegue a unha maneira de vivir sinxela e máis natural*”, “*Que se dea máis importancia ó desenvolvemento do individuo*”, “*Que se dea menos importancia ó diñeiro e ós bens materiais*”. As tres son indicativas do nivel de vida e a súa valoración positiva avanza claramente cando camiñamos hacia as posicións postmaterialistas. Polo contrario, a frase “*Que se teña maior respecto á autoridade*” é valorada máis positivamente en canto nos achegamos ó miolo materialista. A continuación aparecen tres frases que son valoradas de maneira moi semellante polos materialistas e os postmaterialistas; as frases son: “*Que se dea máis importancia á vida familiar*”, “*Que se dea máis importancia ó desenvolvemento da tecnoloxía*” e “*Que diminúa a importancia do traballo na nosa vida*”. A explicación ás dúas primeiras pode vir dada pola comprensión por parte de toda a poboación da importancia da familia (lembremo-lo cadro 33 relativo ós principais valores) e pola mentalización de toda a poboación, sen distincións, de que a tecnoloxía é necesaria para o desenvolvemento social e persoal no mundo actual. En canto á terceira “*Que diminúa a importancia do traballo na nosa vida*”, parecería de esperar que os materialistas se opuxesen en maior proporción, e os datos son en Ferrol equiparables; cremos que a escaseza (outra vez este termo) de postos de traballo na nosa cidade e a alta taxa de paro, fan que o valor do traballo sexa compartido case por igual.

Non quixeramos rematar esta análise sen realizar un comentario ó que o profesor Inglehart nos di na páxina 183 do seu libro “*El cambio cultural en las sociedades industrializadas avanzadas*”. Lemos:

“ Para seguir con nuestras hipótesis, hallamos en occidente dos tipos de variación a nivel individual:

Las cohortes de edad de la posguerra son más propensas a tener prioridades postmaterialistas, porque se les educó como grupo bajo unas condiciones de mayor seguridad física y económica que a las cohortes viejas.

En el marco de determinados grupos de edad, aquellos criados en el seno de familias relativamente ricas, tendrán probablemente más valores postmaterialistas, que aquellos criados en circunstancias de menor seguridad.”

O profesor Inglehart observa que os xóvenes europeos que nacen coa prosperidade económica de despois da Segunda Guerra Mundial son máis postmaterialis-

tas, pois gozaron xa dunhas mellores condicións de vida e dunha maior seguridade. Quizais en España esto ocorreu con maior retraso debido ás circunstancias que supuxo o prolongado período da Dictadura . Seguramente podemos falar da xeración que estamos a estudar como a primeira na que as cohortes naceron, ou canto menos medraron ó longo da maior parte da súa vida, durante a democracia, o que inflúe -polas xa comentadas causas- na súa clara orientación postmaterialista. E vemos así que os xoves ferroláns se sitúan na mesma tendencia -quizais un pouco por enriba- dos seus compañeiros galegos e seguindo a evolución dos xoves de tódolos países industriais avanzados, tal e como mostran os datos que nos proporciona o estudio do mencionado profesor.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

4. A xuventude. Posicionamento. Materialismo/Postmaterialismo


CADRO 33

ORDEN E DISTRIBUCION DA IMPORTANCIA DADA POLOS ENTREVISTADOS OS DISTINTOS VALORES

ORDE DE IMPORTANCIA	MOITA(1)	BASTANTE(2)	(1+2)
Amistade	70,0	25,4	95,4
Saúde	70,0	23,0	93,0
Amor	61,1	34,1	95,2
Traballo	69,5	25,2	94,7
Familia	68,8	23,7	92,6
Estudio	47,5	38,6	86,1
Diñeiro	41,7	41,7	83,5
Tempo libre	51,0	34,3	85,3
Sexo	30,2	50,8	81,1
Ciencia	27,3	40,0	67,4
Arte	24,2	32,6	56,8
Relixión	7,4	20,1	27,6
Política	4,6	13,4	18,0

(N=420)

Gráfica I



CADRO 34

IMPORTANCIA DO TRABALLO POR GRUPOS DE IDADE E SEXO

IMPORTANCIA	15-19		20-24		25-29	
	HOME	MULLER	HOME	MULLER	HOME	MULLER
Moita	66,7	73,7	67,2	72,5	87,7	64,1
Bastante	25,9	25,1	28,5	21,7	12,0	13,7
Pouca	3,7	1,3	3,6	4,4	0,0	1,5
Ningunha	1,2	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Ns/Nc	2,5	0,0	0,0	1,5	0,0	19,7

(N=420)

CADRO 35

IMPORTANCIA DO ESTUDIO POR GRUPOS DE IDADE E SEXO

IMPORTANCIA	15-19		20-24		25-29	
	HOME	MULLER	HOME	MULLER	HOME	MULLER
Moita	52,7	45,6	50,8	51,6	55,9	64,6
Bastante	33,2	41,8	35,4	36,7	30,8	24,3
Pouca	9,0	8,3	9,2	10,2	9,2	8,1
Ningunha	1,3	1,3	4,6	1,5	1,5	2,0
Ns/Nc	3,8	3,0	0,0	0,0	2,6	0,0

(N=420)

CADRO 36

IMPORTANCIA DA FAMILIA POR GRUPOS DE IDADE E SEXO

IMPORTANCIA	15-19		20-24		25-29	
	HOME	MULLER	HOME	MULLER	HOME	MULLER
Moita	65,4	67,6	69,2	78,8	63,4	76,6
Bastante	23,1	29,7	27,7	16,7	33,8	18,8
Pouca	8,9	2,7	3,1	4,5	1,4	4,7
Ningunha	1,3	0,0	0,0	0,0	1,4	0,0
Ns/Nc	1,3	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

(N=420)

4. A xuventude. Posicionamento. Materialismo/Postmaterialismo

CADRO 37

IMPORTANCIA DO TRABALLO POR GRUPOS DE IDADE E SEXO

IMPORTANCIA	15-19		20-24		25-29	
	HOME	MULLER	HOME	MULLER	HOME	MULLER
Molta	1,3	5,6	7,7	7,3	3,1	3,1
Bastante	14,1	8,9	9,2	14,5	17,2	16,8
Pouca	42,3	46,4	46,2	40,6	43,8	47,9
Ningunha	41,0	36,7	33,9	34,8	45,9	32,2
Ns/Nc	1,3	2,5	3,1	2,8	0,0	0,0

(N=420)

CADRO 38

IMPORTANCIA DA RELIXION POR GRUPOS DE IDADE E SEXO

IMPORTANCIA	15-19		20-24		25-29	
	HOME	MULLER	HOME	MULLER	HOME	MULLER
Molta	8,3	7,1	6,3	6,8	2,8	6,6
Bastante	11,9	22,5	12,6	24,1	16,7	26,2
Pouca	39,9	36,6	36,9	35,9	48,6	44,3
Ningunha	35,1	31,0	36,2	30,4	31,9	23,0
Ns/Nc	4,8	2,8	6,0	2,8	0,0	0,0

(N=420)

CADRO 39

IMPORTANCIA DO SEXO POR GRUPOS DE IDADE E SEXO

IMPORTANCIA	15-19		20-24		25-29	
	HOME	MULLER	HOME	MULLER	HOME	MULLER
Molta	37,4	21,7	34,8	61,7	39,4	21,3
Bastante	54,2	46,4	57,6	10,2	52,1	57,4
Pouca	4,8	18,8	6,1	25,3	8,4	14,8
Ningunha	2,4	8,7	1,5	0,0	0,0	4,9
Ns/Nc	1,2	4,4	0,0	2,8	0,0	1,6

(N=420)

CADRO 40

IMPORTANCIA DA AMISTADE POR GRUPOS DE IDADE E SEXO

IMPORTANCIA	15-19		20-24		25-29	
	HOME	MULLER	HOME	MULLER	HOME	MULLER
Moita	75,9	70,3	69,7	75,8	56,4	75,0
Bastante	20,5	28,4	28,8	22,7	42,4	23,4
Pouca	3,6	1,4	1,5	1,5	0,0	1,6
Ningunha	0,0	0,0	0,0	0,0	1,2	0,0
Ns/Nc	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

CADRO 41

IMPORTANCIA DO DIÑEIRO POR GRUPOS DE IDADE E SEXO

IMPORTANCIA	15-19		20-24		25-29	
	HOME	MULLER	HOME	MULLER	HOME	MULLER
Moita	44,2	32,4	51,5	51,2	57,7	51,6
Bastante	38,6	51,4	36,3	35,1	39,0	47,2
Pouca	17,2	13,5	9,1	10,6	2,9	1,2
Ningunha	0,0	2,7	3,1	3,1	0,0	0,0
Ns/Nc	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

(N=420)

CADRO 42

IMPORTANCIA DO AMOR POR GRUPOS DE IDADE E SEXO

IMPORTANCIA	15-19		20-24		25-29	
	HOME	MULLER	HOME	MULLER	HOME	MULLER
Moita	54,2	57,3	53,0	71,2	61,2	79,5
Bastante	38,6	33,3	42,4	28,8	36,7	17,9
Pouca	7,2	8,0	3,1	0,0	2,1	2,6
Ningunha	0,0	1,4	0,0	0,0	0,0	0,0
Ns/Nc	0,0	0,0	1,5	0,0	0,0	0,0

(N=420)

4. A xuventude. Posicionamento. Materialismo/Postmaterialismo

CADRO 43

IMPORTANCIA DA SAUDE POR GRUPOS DE IDADE E SEXO

IMPORTANCIA	15-19		20-24		25-29	
	HOME	MULLER	HOME	MULLER	HOME	MULLER
Moita	75,9	66,2	72,3	77,3	59,2	81,5
Bastante	20,5	28,4	20,0	21,2	35,2	16,7
Pouca	3,6	4,1	6,2	1,5	5,6	1,9
Ningunha	0,0	1,4	1,5	0,0	0,0	0,0
Ns/Nc	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

(N=420)

CADRO 44

IMPORTANCIA DA CIENCIA POR GRUPOS DE IDADE E SEXO

IMPORTANCIA	15-19		20-24		25-29	
	HOME	MULLER	HOME	MULLER	HOME	MULLER
Moita	25,3	17,6	24,2	34,8	22,5	48,1
Bastante	37,3	52,7	40,9	37,9	47,9	29,6
Pouca	31,3	17,6	27,3	24,2	29,6	20,4
Ningunha	6,0	8,1	4,5	3,0	0,0	1,9
Ns/Nc	0,0	4,1	3,0	0,0	0,0	0,0

(N=420)

CADRO 45

IMPORTANCIA DA ARTE POR GRUPOS DE IDADE E SEXO

IMPORTANCIA	15-19		20-24		25-29	
	HOME	MULLER	HOME	MULLER	HOME	MULLER
Moita	18,1	24,3	24,2	30,3	21,1	38,9
Bastante	34,9	37,8	25,8	30,3	40,8	29,6
Pouca	32,5	27,0	34,8	34,8	28,2	27,8
Ningunha	12,0	8,1	13,6	4,5	8,5	3,7
Ns/Nc	2,4	2,7	1,5	0,0	1,4	0,0

(N=420)


CADRO 46

IMPORTANCIA DO TEMPO LIBRE POR GRUPOS DE IDADE E SEXO

IMPORTANCIA	15-19		20-24		25-29	
	HOME	MULLER	HOME	MULLER	HOME	MULLER
Moita	48,2	52,7	55,4	45,5	47,9	53,7
Bastante	41,0	35,1	26,2	33,3	38,0	35,2
Pouca	4,8	2,7	4,6	4,5	5,6	5,6
Ningunha	1,2	1,4	0,0	1,5	1,4	1,9
Ns/Nc	4,8	1,4	13,8	15,2	7,0	3,7

(N=420)

Gráfica II



4. A xuventude. Posicionamento. Materialismo/Postmaterialismo

CADRO 47

GRADO DE ACORDO/DESACORDO COAS SEGUINTE FRASES

	MOI EN DESACORDO	MAIS BEN EN DESACORDO	MAIS BEN DE ACORDO	MOI DE ACORDO	NS/NC
A vida só ten sentido cando unha persoa se adica plenamente a unha causa ou ideal.	14,1	37,0	28,6	18,1	2,2
De tódalas relixións que hai no mundo, probablemente só unha é verdadeira.	41,4	21,1	15,0	9,7	12,8
Un gupo no que se toleran demasiadas diferencias de opinión entre os seus membros non pode durar moito tempo.	21,1	26,4	23,8	26,9	1,8
Nun mundo complicado como o actual, o mellor é atenerse ó que nos digan as autoridades e expertos en quen poidamos confiar.	35,7	33,5	21,1	7,9	1,8
O máis importante non é ter éxito neste mundo, senón o que ocorra máis alá.	55,9	23,8	11,0	5,3	4,0
Só mirando cara ó pasado atoparemos solución ós nosos problemas actuais.	38,8	29,4	19,4	10,6	1,8
Todo cambia tan rápidamente nestes tempos que un difícilmente pode xa distinguir entre o que está ben e está mal.	23,8	29,1	22,4	23,8	0,9
O futuro é tan inseguro, que o mellor que se pode facer é vivir ó día.	8,8	15,0	29,1	45,8	1,3
Nun sistema democrático como o noso os cidadáns influen realmente nas decisións que toma o Goberno.	43,2	32,2	15,9	6,1	2,6
A situación internacional é xa tan complexa que países como España a penas poden xa tomar decisións importantes sobre os seus propios asuntos	10,2	19,8	38,3	26,4	5,3

(N=420)

CADRO 48

ORDE DE IMPORTANCIA DAS SEGUINTE EXPRESIONS

ORDE DE IMPORTANCIA	1 º	2 º
Manter en orde a nación	18,2	27,9
Aumentar participación dos cidadáns	24,8	31,1
Combatir alza dos precios	5,7	12,6
Protexer a liberdade de expresión	51,3	28,4

(N=416)


CADRO 49

Gráfico III

DISTRIBUCION DOS XOVES SEGUN ORIENTACION MATERIALISTA-POSTMATERIALISTA

ORIENTACION	%
Materialista	4,2
Mixta materialista	19,3
Mixta postmaterialista	26,8
Postmaterialista	48,9
NS/NC	0,8

(N=420)



CADRO 50

VALORACION FEITA AS DISTINTAS FRASES QUE EXPRESAN MODOS DE VIDA

FRASES	POSITIVO	NEGATIVO	DA IGUAL	NC
Vida natural	90,3	7,5	1,8	0,4
Vida familiar	83,7	14,5	1,8	0,0
Desenvolvemento individual	80,6	18,1	0,9	0,4
Diñeiro, bens	69,7	18,9	11,0	0,4
Respecto á autoridade	57,7	29,5	12,4	0,4
Desevolvemento tecnolóxico	65,3	28,6	5,7	0,4
Menos traballo	45,3	22,6	31,7	0,4

(N=420)

CADRO 51

DISTRIBUCION DE MATERIALISTA/POSTMATERIALISTA SEGUNDO ZONA

ZONA	MATERIAL	MIXTO MATERIAL.	MIXTO POSTMAT.	POSTMAT.
Urbana	5,5	21,7	25,1	47,7
Ensanches	6,1	12,2	27,0	54,7
Caranza	4,6	21,5	24,6	49,3
Semirrural-rural	1,8	22,8	31,5	43,9

(N=416)

CADRO 52

DISTRIBUCION DE MATERIALISTA/POSTMATERIALISTA SEGUNDO GRUPOS DE IDADE

IDADE	MATERIAL	MIXTO MATERIAL.	MIXTO POSTMAT.	POSTMAT.
15-19	3,2	22,0	28,0	46,0
20-24	6,9	20,8	27,8	44,4
25-29	2,8	15,7	27,1	54,3

(N=416)

4. A xuventude. Posicionamento. Materialismo/Postmaterialismo

CADRO 53

DISTRIBUCION DOS HOUES SEGUNDO A SUA ORIENTACION MATERIALISTA/POSTMATERIALISTA SEGUN SEXO

	MATERIAL	MIXTO MATERIAL.	MIXTO POSTMAT.	POSTMAT.
Varón	2,5	17,5	32,2	47,8
Muller	6,0	22,5	21,4	50,1

(N=416)

CADRO 54

DISTRIBUCION DE MATERIALISTA/POSTMATERIALISTA SEGUNDO O ESTADO CIVIL

ESTADO CIVIL	MATERIAL	MIXTO MATERIAL.	MIXTO POSTMAT.	POSTMAT.
Solteiro	4,1	19,7	26,8	49,4
Casado	6,3	15,6	28,1	50,0
Parella	0,0	0,0	50,0	50,0
Separado	0,0	0,0	50,0	50,0
Divorciado	0,0	0,0	0,0	100,0

(N=416)


Ateneo Ferrolán
 Un lugar de encontro para a cultura.
 Fundado en 1879
 C/Alfonso 201, Ferrol
 15101 Ferrol, A Coruña
 Tel: 981 20 10 00
 Email: ateneo@ateneo.org

CADRO 55

DISTRIBUCION DE MATERIALISTA/POSTMATERIALISTA SEGUNDO O AUTOPOSICIONAMENTO POLITICO DOS ENTREVISTADOS

AUTOPOSICIONAMENTO		MATERIAL	MIXTO MATERIAL	MIXTO POSTMAT.	POSTMAT.
ESQUERDA	1	0,0	4,2	10,4	11,8
	2	0,0	2,1	4,7	15,3
	3	0,0	8,3	16,3	12,9
	4	0,0	20,8	9,3	14,1
	5	23,1	12,5	23,3	18,8
	6	23,1	8,3	9,3	3,5
DEREITA	7	30,8	4,2	0,0	2,4
NS/NC	9	23,0	39,6	26,7	21,2

(N=416)

CADRO 56

DISTRIBUCION DE MATERIALISTA/POSTMATERIALISTA SEGUNDO A VALORACION FEITA DA FRASE: "QUE SE CHEGUE A UNHA MANEIRA DE VIVIR SINHELA E MAIS NATURAL"

VALORACION	MATERIAL	MIXTO MATERIAL	MIXTO POSTMAT.	POSTMAT.
Positiva	53,8	89,6	88,8	92,9
Dá igual	23,1	8,3	8,7	5,9
Negativa	0,0	2,1	2,5	1,2
NS/NC	23,1	0,0	0,0	0,0

(N=416)

CADRO 57

DISTRIBUCION DE MATERIALISTA/POSTMATERIALISTA SEGUNDO A VALORACION FEITA DA FRASE: "QUE SE DEA MAIS IMPORTANCIA A VIDA FAMILIAR"

VALORACION	MATERIAL	MIXTO MATERIAL	MIXTO POSTMAT.	POSTMAT.
Positiva	100,0	87,5	82,5	83,6
Dá igual	0,0	12,5	16,3	12,9
Negativa	0,0	0,0	1,2	3,5
NS/NC	0,0	0,0	0,0	0,0

(N=416)

CADRO 58
Fundado en 1879
 Rúa Magdalena 202-204, Ferrol

DISTRIBUCION DE MATERIALISTA/POSTMATERIALISTA SEGUNDO A VALORACION FEITA DA FRASE: "QUE SE DEA MAIS IMPORTANCIA O DESENVOLVEMENTO DO INDIVIDUO"

VALORACION	MATERIAL	MIXTO MATERIAL	MIXTO POSTMAT.	POSTMAT.
Positiva	53,8	75,0	80,3	87,1
Dá igual	46,2	25,0	17,4	12,9
Negativa	0,0	0,0	2,3	0,0
NS/NC	0,0	0,0	0,0	0,0

(N=416)

CADRO 59

DISTRIBUCION DE MATERIALISTA/POSTMATERIALISTA SEGUNDO A VALORACION FEITA DA FRASE: "QUE SE DEA MENOS IMPORTANCIA O DIÑEIRO E BENS MATERIAIS"

VALORACION	MATERIAL	MIXTO MATERIAL	MIXTO POSTMAT.	POSTMAT.
Positiva	68,2	69,8	72,9	84,6
Dá igual	21,2	17,4	16,7	15,4
Negativa	10,6	12,8	10,4	0,0
NS/NC	0,0	0,0	0,0	0,0

(N=416)

4. A xuventude. Posicionamento. Materialismo/Postmaterialismo

CADRO 60

DISTRIBUCION DE MATERIALISTA/POSTMATERIALISTA SEGUNDO A VALORACION FEITA DA FRASE: "QUE SE TEÑA UN MAIOR RESPECTO A AUTORIDADE"

VALORACION	MATERIAL	MIXTO MATERIAL	MIXTO POSTMAT.	POSTMAT.
Positiva	84,6	58,3	66,8	49,4
Dá igual	15,4	35,4	23,9	30,6
Negativa	0,0	6,3	9,3	20,0
NS/NC	0,0	0,0	0,0	0,0

(N=416)

CADRO 61

DISTRIBUCION DE MATERIALISTA/POSTMATERIALISTA SEGUNDO A VALORACION FEITA DA FRASE: "QUE SE DEA MAIS IMPORTANCIA O DESENVOLVEMENTO DA TECNOLOXIA"

VALORACION	MATERIAL	MIXTO MATERIAL	MIXTO POSTMAT.	POSTMAT.
Positiva	53,8	70,8	61,6	67,1
Dá igual	46,2	25,0	33,7	23,5
Negativa	0,0	0,0	4,7	9,4
NS/NC	0,0	0,0	0,0	0,0

(N=416)

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
1879
www.ferrol.com

CADRO 62

DISTRIBUCION DE MATERIALISTA/POSTMATERIALISTA SEGUNDO A VALORACION FEITA DA FRASE: "QUE SE DIMINUA A IMPORTANCIA DO TRABALLO NA NOSA VIDA"

VALORACION	MATERIAL	MIXTO MATERIAL	MIXTO POSTMAT.	POSTMAT.
Positiva	53,8	52,0	48,8	40,0
Dá igual	0,0	14,6	16,3	22,4
Negativa	46,2	31,3	33,7	36,5
NS/NC	0,0	2,1	1,2	1,1

(N=416)



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para el futuro.
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 29-301 Ferrol
www.ateneoferrolan.org

5. A familia. As súas relacións internas

Lembremos que na introducción poñíamos de manifesto que o tipo de fogar máis xeralizado era o de núcleo conxugal simple (72,8 %) e que se establecía en catro o número de membros que máis frecuentemente constituían o fogar. Lembremos tamén que a familia - xunto coa amizade, o amor, o traballo e a saúde - ocupa un dos cinco primeiros postos na valoración positiva que ofrecen os xóvenes. Podemos, pois, empezar dicindo que aínda que no "moita" da escala aparecen maior proporción de mulleres, a suma "moita+bastante" iguala ás valoracións dos dous sexos (cadro 59).

No cadro 64 aparece a distribución do tipo de relación mantida cos seus pais e os resultados móstrannos que un 82 % dos xoves manifestan que estas son "moi boas" (31 %), "boas" (51 %), "regulares" (13 %) e "malas + moi malas" (3,4 %). Aínda que mínima, a diferenza por sexos indícanos que son mellores as relacións das mozas. En canto á distinción por cohortes, non é significativa; e por zonas parece que as relacións non son tan boas en Caranza, e que algún dos factores pode vir dado porque é, e aventurámolo dato, nesta zona onde se atopa a maior porcentaxe de fogares monoparentais (15,7%), cos conseguintes problemas relacionais que se poden orixinar nalgúns casos. Se nos fixamos nos cadros 80 e 81, observaremos que os xóvenes enquisados que nacen en Galicia manifestan mellores relacións cos seus pais, mentres que esta porcentaxe é sensiblemente máis baixa para os nados no resto de España. Debemos aclarar que na enquisa non figura "nacer en Ferrol", pois eliminaríamolos municipios da comarca que son practicamente o mesmo a estes efectos. Outro tanto sucede se comprobamos como os xoves que residiron fora de Galicia, na banda que vai dos 5 ós 15 anos, din ter relacións "malas ou moi malas" nunha porcentaxe do 19 %, fronte ó 2,8% dos que vivían en Galicia entre esas idades. Parece que o movemento xeográfico do fogar e as migracións, non favorecen ás relacións pais-fillos; de tódalas formas, debemos aclarar que o número de enquisados que responden a estas características é tan pequeno que fai que o argumento exposto non se poda constatar coa suficiente fiabilidade.

En canto a como miden a maneira de pensar dos pais, observamos no cadro 63 como un 13,6 % manifestan que os pais pensan de maneira completamente distinta, un 29,9 % bastante distinta, un 43,5 % algo distinta e un 21,6 % igual. A diferenciación por sexo non nos aporta ningún dato de interese, e os datos parecen estar en sintonía con outras enquisas sendo semellantes ós do estudio para o conxunto de Galicia dirixido polo profesor Veira. O lóxico distanciamento da idade entre os pais e os fillos, e as súas diferentes situacións dentro da sociedade, explican suficientemente estes datos.

No cadro 68 cruzamo-los tipos de relacións dos pais coa forma de pensar dos mesmos e observamos que dos que din pensar "moi distinto" ofrecen unha suma de "malas + moi malas" do 15,1 %, mentres que, dos que din pensar "igual" non hai ningún que teña malas relacións cos seus pais. Igualmente vemos que as relacións "moi boas + boas" medran ó longo da escala que vai dende pensar "moi distinto" a "igual". O que parece claro é que a correlación entre as relacións cos pais e a "forma de pensar" destes

que perciben os entrevistados está corroborada.

Os xóvenes atópanse en presenza dos seus pais relaxados ou seguros (cadro 74), somentes unha minoría se senten agresivos ou ansiosos. A pequena porcentaxe de agresividade descende no caso da nai (5,9 %) se a comparamos coa do pai (7,1 %), séntense, así mesmo, máis relaxados diante da nai (66,4 % fronte ó 59,4 %). Diante do pai séntense lixeiramente máis seguros (22,8 %) que ante a nai (20,0 %). Quizáis a asignación de roles na familia nos podería explicar, en gran medida, estes datos.

Ante o pai parecen sentirse máis relaxados os fillos e máis seguras as fillas; mentres que por zonas a relaxación é maior nos barrios urbanos e a seguridade máis alta na zona rural.

En presenza da nai, as fillas séntense máis relaxadas e os fillos lixeiramente máis seguros, mentres que por zonas ocorre o xa anteriormente comentado; a relaxación é maior nas zonas urbanas e a seguridade maior na zona rural.

No cadro 78, vemos que os xóvenes, nunha altísima porcentaxe (85,8 %), confían na súa familia, un 50,4 % deles mesmo confía totalmente. Coa xente en xeral os xoves manifestan as súas reservas, pois confían totalmente somentes o 4,9 % e bastante o 34,1 %. Se observamos agora o cadro 79 vemos que os xóvenes acoden ás súas familias para obter información (pais + irmáns = 45,1 %), e a continuación ós seus amigos 34,5 %. Co cal vemos que os xoves séntense confiados e piden información dentro dos grupos primarios nos que desenvolven as súas relacións afectivas.

Anallicemos agora os cadros 82 a 86 e observaremos que a gran maioría dos xóvenes manifestan un alto grado de satisfacción coa súa vida na casa: as porcentaxes son similares entre os varóns e as mulleres, e tampouco aparecen diferencias entre as distintas zonas. Quizais atopemos só unha lixeira distinción nesta porcentaxe cando a visualizamos nos fogares de máis de sete membros, onde podería aparecer un grado de satisfacción lixeiramente menor pois rexístrase un número pequeno, pero apreciable, de insatisfeitos. De todas formas o número destes fogares é baixo como para poder establecer conclusións a partir deles.

Pensamos que estes datos explicanmo no ás boas relacións que os xoves manteñen coa súa familia - donde a tolerancia dos seus pais seguramente non é allea - Por engadimosa a confianza que llea merece a súa familia o, quizais, as mellores condicións materiais dos fogares xunto coas dificultades laborais existentes. Isto conxunto fai que os xóvenes se sentan afortunados na casa.

Dixemos tamén que no estudio sobre "As formas de familia en Ferrol" - publicado en Ferrol Análisis e realizado polo autor desta investigación - xa se recollía o feito de que

"Podemos constatar que as familias están servindo en Ferrol de balón de oxíxeno para realizar certas necesidades, xeradas pola nosa situación económica, e sobre de todo se pensamos que a comarca ferrolá é aínda semirural e subsiste nela un certo concepto de familia extensa protectora dos seus membros."

5. A familia. As súas relacións internas

O que parece claro é que a familia segue a gozar de boa saúde, que as relacións no seu interior son positivas e confiadas e que os xóvenes atópanse satisfeitos da súa vida na casa. No informe do CIRES, "*La Realidad Social en España (1991-1992)*", podemos, na súa páxina 121, observar un cadro no que se ve que "*la armonía de las relaciones familiares*" constitúe a máxima preocupación dos españois. Podemos, tamén, fixarnos nunha sondaxe realizada ós galegos durante o pasado nadal e publicado na prensa, donde a poboación manifestaba que o que máis lle agrada destas festas é a relación familiar.

Parece que poderíamos concluír dicindo que a familia e os fogares sofren unhas fortes transformacións e uns cambios sustanciais na súa estrutura e función, pero que manteñen intacta a súa importancia e a súa valoración entre toda a poboación en xeral e nos xóvenes en particular.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

CADRO 63

**IMPORTANCIA DADA A FAMILIA
SEGUNDO O SEXO DOS ENTREVISTADOS**

IMPORTANCIA	VARON	MULLER
Moita	66,6	73,1
Bastante	28,1	22,7
Pouca	4,8	4,2
Ningunha	0,5	0,0

(N=418)

CADRO 64

**DISTRIBUCION DO TIPO DE
RELACIONS MANTIDAS COS
PAIS POLOS ENTREVISTADOS**

TIPO DE RELACION	%
Moi boas	31,0
Boas	51,0
Regulares	13,0
Malas	1,9
Moi malas	1,9
NS/NC	1,2

(N=420)

CADRO 65

TIPO DE FOGAR O QUE PERTENCE O ENTREVISTADO

TIPO DE FOGAR	VARON	MULLER	TOTAL
Solitario	1,0	1,0	1,0
Pluripersonal	0,5	1,5	1,0
Monoparental	9,1	7,0	8,1
Núcleo conxugal simple	72,6	73,0	72,8
Extenso	12,0	6,0	9,1
Múltiple	4,8	6,5	5,6

(N=420)

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

CADRO 66

**DISTRIBUCION DO TIPO DE FOGAR AO QUE PERTENCE O ENTREVISTADO
SEGUNDO ZONA**

TIPO DE FOGAR	URBANA	ENSANCHES	CARANZA	SEMIRRURAL-RURAL
Solitario	0,9	2,0	0,0	1,1
Pluripersonal	0,9	2,0	0,0	1,1
Monoparental	10,3	4,0	15,7	3,2
Núcleo conxugal simple	74,1	79,8	77,5	66,9
Extenso	7,7	8,1	3,4	18,1
Múltiple	6,1	4,0	3,4	9,6

(N=420)


CADRO 67

MANEIRAS DE PENSAR DOS PAIS EN OPINION DOS ENTREVISTADOS

	%
De todo distinto a min	13,6
Bastante distinto a min	29,9
Algo distinto	43,5
Igual ca min	11,6
NS/NC	1,5

(N=420)

Gráfica I



CADRO 68

DISTRIBUCION DOS TIPOS DE RELACIONS MANTIDAS COS PAIS SEGUNDO A SUA MANEIRA DE PENSAR

MANEIRAS DE PENSAR DOS PAIS	MOI BOA	BOAS	REGULARES	MALAS	MOI MALAS
Moi distinto a min	9,6	53,8	21,2	5,8	9,6
Bastante distinto a min	8,0	58,0	27,0	5,0	2,0
Algo distinto a min	36,2	58,1	5,1	0,0	0,6
Coma min	41,4	43,2	5,4	0,0	0,0

(N=366)

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

CADRO 69

DISTRIBUCION DAS MANEIRAS DE PENSAR DOS PAIS SEGUNDO O SEXO DOS ENTREVISTADOS

SEXO	TOTALMENTE DISTINTO A MIN	BASTANTE DISTINTO A MIN	ALGO DISTINTO A MIN	COMA MIN	NS/NC
Varón	13,9	34,6	37,1	12,5	1,9
Muller	12,6	24,2	53,1	10,1	0,0

(N=420)

CADRO 70

DISTRIBUCION DOS TIPOS DE RELACIONS MANTIDAS COS PAIS SEGUNDO O SEXO DOS ENTREVISTADOS

	MOI BOAS	BOAS	REGULARES	MALAS	MOI MALAS	NS/NC
Varón	29,3	50,0	12,0	3,4	2,9	2,4
Muller	32,4	51,2	13,0	1,4	1,0	1,0

(N=420)

CADRO 71

DISTRIBUCION DOS TIPOS DE RELACIONS MANTIDAS COS PAIS SEGUN ZONAS

	MOI BOAS	BOAS	REGULARES	MALAS	MOI MALAS	NS/NC
Urbana	39,0	45,5	11,5	1,6	1,6	0,8
Ensanches	35,0	50,0	9,0	1,0	3,0	2,0
Caranza	17,2	53,7	21,5	4,3	2,2	1,1
Semirrural-rural	30,0	56,0	11,0	1,0	1,0	1,0

(N=420)

CADRO 72

**DISTRIBUCION DOS TIPOS DE RELACIONS MANTIDAS COS PAIS
SEGUNDO GRUPOS DE IDADE**

	MOI BOAS	BOAS	REGULARES	MALAS	MOI MALAS
15-19	33,1	49,7	15,3	0,0	1,9
20-24	37,1	45,2	9,7	4,8	3,2
25-29	25,4	61,0	11,0	1,7	0,8

(N=399)

CADRO 73

**SENTIMENTO EXPERIMENTADO POLO
ENTREVISTADO EN PRESENCIA DO SEU
PAI-NAI**

SENTIMENTO	PAI	NAI
Relaxado	59,4	66,4
Seguro	22,8	20,0
Agresivo	7,1	5,9
Ansioso	4,9	4,1
NS/NC	5,8	3,6

(N=420)

CADRO 74

**DISTRIBUCION DO TIPO DE SENTIMENTO
EXPERIMENTADO EN PRESENCIA DO PAI
SEGUNDO O SEXO DOS ENTREVISTADOS**

SENTIMENTO	VARON	MULLER
Relaxado	63,2	55,1
Seguro	20,2	26,2
Agresivo	6,1	7,5
Ansioso	4,4	5,6
NS/NC	6,1	5,6

(N=420)

CADRO 75

**DISTRIBUCION DO TIPO DE SENTIMENTO EXPERIMENTADO EN
PRESENCIA DO PAI SEGUNDO ZORA DOS ENTREVISTADOS**

SENTIMENTO	URBANA	ENSANCHES	CARANZA	SEMIRRURAL-RURAL
Relaxado	75,8	62,5	52,5	54,4
Seguro	9,1	15,9	27,0	35,1
Agresivo	6,1	10,1	7,9	1,8
Ansioso	3,0	4,3	6,3	5,3
NS/NC	6,0	7,2	6,3	3,4

(N=420)


CADRO 76

DISTRIBUCION DOS TIPOS DE SENTIMENTO EXPERIMENTADOS NA PRESENCIA DA NAI SEGUNDO SEXO DO ENTREVISTADO

SENTIMENTO	VARON	MULLER
Relaxado	67,0	70,8
Seguro	21,1	20,4
Agresivo	7,3	4,9
Ansioso	4,6	3,9

(N=412)

Gráfica II



CADRO 77

DISTRIBUCION DO TIPO DE SENTIMENTO EXPERIMENTADO EN PRESENCIA DA NAI SEGUNDO ZONA DOS ENTREVISTADOS

SENTIMENTO	URBANA	ENSANCHES	CARANZA	SEMIRRURAL-RURAL
Relaxado	72,7	63,8	66,3	64,9
Seguro	12,1	15,9	21,5	28,1
Agresivo	3,0	10,1	7,7	1,8
Ansioso	3,0	5,8	3,1	3,5
NS/NC	9,2	4,4	1,5	1,7

(N=420)

CADRO 78

GRADO DE CONFIANZA QUE O ENTREVISTADO TEN NA SUA FAMILIA E NA XENTE EN XERAL

GRADO DE CONFIANZA	NA SUA FAMILIA	NA XENTE EN XERAL
Confío totalmente	50,4	4,9
Confío bastante	35,4	34,1
Nin confío nin desconfío	10,2	31,8
Non confío moito	1,8	20,4
Non confío nada	2,2	8,7
NC	0,0	0,0

(N=420)


CADRO 79

**A QUEN ACODE PARA
OBTEN INFORMACION
SOBRE TEMAS
IMPORTANTES**

	%
Pais	35,0
Irmáns	10,1
Amigos	34,5
Profesores	4,9
Partidos políticos	0,0
Sacerdotes	0,0
Profesionais	0,0
A ninguén	5,3
Outras	5,3
NS/NC	4,9

(N=420)

Gráfica III



CADRO 80

**DISTRIBUCION DOS TIPOS DE RELACIONS MANTIDAS COS PAIS SEGUNDO LUGAR
DE RESIDENCIA DO ENTREVISTADO ENTRE OS 5 E OS 15 ANOS**

LUGAR DE RESIDENCIA	MOI BOAS	BOAS	REGULARES	MALAS	MOI MALAS	NS/NC
Galicia	30,4	54,7	11,2	1,4	1,4	0,9
Resto de España	23,8	28,6	23,8	14,2	4,8	4,8
Fóra de España	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

(N=420)

CADRO 81

**DISTRIBUCION DOS TIPOS DE RELACIONS MANTIDAS COS PAIS SEGUNDO LUGAR
DE NACEMENTO DO ENTREVISTADO ENTRE OS 5 E OS 15 ANOS**

LUGAR DE RESIDENCIA	MOI BOAS	BOAS	REGULARES	MALAS	MOI MALAS	NS/NC
Galicia	30,9	54,7	10,7	1,9	0,9	0,9
Resto de España	19,0	38,1	33,3	4,8	4,8	0,0
Fóra de España	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

(N=420)

CADRO 82

**SATISFACCION DA VIDA NA CASA
EN ESCALA 1 A 10 GRAO DE
SATISFACCION**

GRAO DE SATISFACCION		%
Insatisfeito	1	2,2
	2	1,0
	3	1,4
	4	2,6
	5	10,8
	6	7,0
	7	15,1
	8	23,0
	9	15,3
Satisfeito	10	21,1
NS/NC		0,5

(N=420)

CADRO 83

**GRAO DE SATISFACCION COA VIDA NA
CASA SEGUNDO SEXO DO ENTREVISTADO**

GRAO DE SATISFEITO		VARON	MULLER
Insatisfeito	1	3,6	0,5
	2	1,9	0,0
	3	1,9	1,1
	4	2,8	2,6
	5	9,3	12,1
	6	7,0	7,4
	7	14,4	16,3
	8	24,7	22,6
	9	16,3	14,2
Satisfeito	10	18,1	23,2

(N=420)



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol

CADRO 84

**GRAO DE SATISFACCION COA VIDA NA CASA SEGUNDO ZONA DO
ENTREVISTADO (ESCALA 1-10)**

GRAO DE SATISFACCION		URBANA	ENSANCHES	CARANZA	SEMIRRURAL-RURAL
Insatisfeito	1	2,3	2,0	3,3	1,1
	2	0,0	2,0	2,2	0,0
	3	1,5	2,0	1,1	1,1
	4	2,3	3,0	2,2	3,2
	5	10,8	5,0	14,1	13,8
	6	5,4	6,0	9,8	7,4
	7	14,6	19,0	10,9	16,0
	8	24,6	30,0	16,2	21,3
	9	18,5	14,0	14,1	13,8
Satisfeito	10	20,0	17,0	26,1	22,3

(N=420)

CADRO 85

GRAO DE SATISFACCION COA VIDA NA CASA SEGUNDO O Nº DE MEMBROS QUE CONVIDEN NO FOGAR DO ENTREVISTADO

GRAO DE SATISFACCION		1-3	4-6	7-9
Insatisfeito	1	2,5	1,9	6,7
	2	0,8	0,8	3,3
	3	1,7	1,1	3,3
	4	0,8	3,0	6,7
	5	10,0	11,7	10,0
	6	5,8	8,3	6,7
	7	13,3	15,1	26,7
	8	25,0	23,8	20,0
	9	15,8	15,8	10,0
Satisfeito	10	24,3	18,5	6,6

(N=420)

CADRO 86


GRAO DE SATISFACCION COA VIDA NA CASA SEGUNDO O TIPO DE FOGAR DO ENTREVISTADO

GRAO DE SATISFACCION		SOLITARIO	PLURI-PERSOAL	MONO-PARENTAL	NUCLEO SIMPLE	EXTENSO	MULTIPLE
Insatisfeito	1	20,0	0,0	2,0	2,3	2,5	0,0
	2	0,0	0,0	0,0	1,0	0,0	4,3
	3	20,0	0,0	0,0	1,0	2,5	4,3
	4	0,0	0,0	2,9	2,6	5,0	0,0
	5	0,0	0,0	11,8	11,2	17,5	8,7
	6	0,0	0,0	11,8	6,9	7,5	8,7
	7	0,0	25,0	8,8	15,8	15,0	21,7
	8	20,0	25,0	14,7	25,0	22,5	26,3
	9	20,0	0,0	14,7	16,1	17,5	4,3
Satisfeito	10	20,0	50,0	32,4	18,1	10,0	21,7

(N=420)

8. DIVERSIDAD DE LAS ACTIVIDADES CULTURALES DE FERROLÁN

El Ateneo Ferrolán, desde su creación, ha desarrollado una amplia gama de actividades culturales que han enriquecido el patrimonio de la ciudad. Estas actividades se han centrado en la promoción de las artes, la literatura y la música, así como en la organización de conferencias y cursos de formación. Desde su fundación en 1879, el Ateneo ha sido un espacio de encuentro para la comunidad, donde se han celebrado numerosos actos y eventos que han dejado una huella imborrable en la historia cultural de Ferrol. A lo largo de los años, el Ateneo ha adaptado sus actividades a los cambios sociales y culturales, manteniendo siempre un compromiso con la cultura y la educación. Hoy en día, el Ateneo continúa siendo un espacio vital para la ciudad, donde se siguen realizando actividades que promueven la cultura y el bienestar de todos sus miembros.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Alagdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

El Ateneo Ferrolán, desde su creación, ha desarrollado una amplia gama de actividades culturales que han enriquecido el patrimonio de la ciudad. Estas actividades se han centrado en la promoción de las artes, la literatura y la música, así como en la organización de conferencias y cursos de formación. Desde su fundación en 1879, el Ateneo ha sido un espacio de encuentro para la comunidad, donde se han celebrado numerosos actos y eventos que han dejado una huella imborrable en la historia cultural de Ferrol. A lo largo de los años, el Ateneo ha adaptado sus actividades a los cambios sociales y culturales, manteniendo siempre un compromiso con la cultura y la educación. Hoy en día, el Ateneo continúa siendo un espacio vital para la ciudad, donde se siguen realizando actividades que promueven la cultura y el bienestar de todos sus miembros.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

6. Diversas actitudes éticas. Confianza nas institucións.

Neste capítulo tentaremos ver, o máis brevemente posible, as actitudes que os xoves ferroláns amosan ante determinadas facetas que se lles presentan no medio social en que vivimos. Observaremos tamén a confianza que depositan en determinadas institucións que son capitais e moi importantes dentro da nosa sociedade.

Comenzamos analizando o grao de xustificación dos entrevistados ante o feito de ter unha aventura fora do matrimonio (cadros 87 a 89). Observaremos que a fidelidade é moi apreciada polos xóvenes; un 49,1 atopa totalmente inxustificable ter unha aventura externa ó matrimonio e outro 34% sitúase tamén en posicións de non xustificación, aínda que menos drásticas. Somentes un 16,9 % atopa algún tipo de xustificación ante este feito. Por sexos atopamos maior permisividade entre os homes, o que podería interpretarse como a permanencia dunha asunción sexista de roles. Non dispoñemos de datos que nos permitan realizar outro tipo de exame, mais atreveríamonos a pensar que ante a transgresión consumada son máis comprensivas e permisivas as mulleres. Observemos tamén que os casados teñen unha maior porcentaxe de non xustificación.



En canto ó aborto (cadro 90) coincidimos co Informe 93 para Galicia en que os xoves non teñen unha opinión pública formada posto que as posicións extremas están moi igualadas. O que si parece que podemos interpretar, si cadramos o grao de xustificación do aborto co autopoñemento político, é que o grao de xustificación aumenta cando nos achegamos a posturas políticas de esquerda. Se a relación a establecemos coa práctica relixiosa, atopámonos con que, segundo avanzamos nesta, descende o grao de xustificación do aborto; esta relación está claramente establecida. En canto á diferenciación segundo o sexo, aparece unha maior xustificación -aínda que moi lixeira- entre os homes, e a posible explicación pode vir dada por diferentes factores: as mulleres veno como algo que lles pode acontecer de forma directa, a maior relixiosidade delas, e incluso como apunta o profesor Veira Veira:

“ Os homes poderían - en determinados casos- considerar como un alivio a possibilidade de abortar da súa compañeira. De feito, os casados xustifican menos o aborto que os solteiros.”

En canto ó divorcio (cadro 95) diremos que é totalmente xustificable (o grao 10 da escala) para un 45,6 % dos xóvenes, e atopamos un 23,4 % que o xustifican en diferentes graos. Parece que o divorcio está asumido pola xuventude e que practicamente non hai diferenciación segundo o sexo.

Onde atopamos un alto grao de xustificación é respecto ás relacións prematrimoniais (cadro 97). Un 64,8 % xustificaas totalmente (grao 10). Tampouco aquí existe, practicamente, distinción segundo o sexo do entrevistado. Si existe diferenza segundo os diferentes graos de práctica relixiosa, os menos practicantes xustifican en maior

medida as relacións antes do matrimonio.. Vemos, pois, que os xoves xustifican as relacións prematrimoniais pero non a infidelidade. A vida en parella, sen matrimonio por medio, merece un alto grao de xustificación (cadro 96), de tal forma que a xustifican totalmente un 69,4 %. Parecida porcentaxe (68,6 %) nos atopamos entre os que respostaron “*moi de acordo*” á frase “*cada un debe te-la posibilidade de disfrutar de completa liberdade sexual*”. Ó parecer, para os xóvenes, a relación afectiva e sexual non precisa de legalizacións.

Confianza nas institucións

Se nos fixamos no cadro 102, observaremos que os xoves amosan un baixo grao de confianza nas principais institucións presentes na sociedade: partidos políticos, Goberno Central, Parlamento, Igrexa Católica, Concellos, Sindicatos e Xunta de Galicia; son estas sete - clasificadas de menor a maior confianza- institucións as menos valoradas neste sentido. Resulta curioso observar como a prensa é á que lle otorgan máis confianza os xoves ferroláns, situándose en metade por metade os que confían ou non nela (“*moita*” + “*bastante*” = 49,8 %; “*pouca*” + “*ningunha*” = 49,8 % ; NS/NC = 0,4 %).

Este elevado nivel de baixa confianza nas institucións é verdadeiramente preocupante e leva a que moitos xóvenes adopten actitudes persoais á marxe das normas dimanadas por tales institucións: as situacións de cambio e as crises favorecen a ausencia ou confusión de valores. A anómia pode aparecer e con ela, ou a partir dela, a conducta desviante. Revitaliza-lo funcionamento das institucións democráticas, de maneira tal que os cidadáns se sentan partícipes, pode ser unha importante tarefa para lograr que os xóvenes volvan a depositar nelas a súa confianza. Quizais desta maneira gañarían os xóvenes e a sociedade enteira.

6. Diversas actitudes éticas. Confianza nas institucións

CADRO 87

**DISTRIBUCION DAS PORCENTAXES
SEGUNDO O GRAO DE
XUSTIFICACION DE TER UNHA
AVENTURA FORA DO MATRIMONIO
SEGUNDO O ESTADO CIVIL DO
ENTREVISTADO**

GRAO DE XUSTIFICACION		%
Nada xustificable	1	49,1
	2	5,4
	3	6,7
	4	4,9
	5	10,7
	6	2,2
	7	2,7
	8	2,7
	9	0,9
Totalmente xustificable	10	8,4
NS/NC		0,0

(N=420)

CADRO 89

**DISTRIBUCION DAS PORCENTAXES SEGUNDO
O GRAO DE XUSTIFICACION DE TER UNHA
AVENTURA FORA DO MATRIMONIO SEGUNDO O
SEXO DO ENTREVISTADO**

GRAO DE XUSTIFICACION		VARON	MULLER
Nada xustificable	1	40,9	56,8
	2	1,7	9,4
	3	8,7	4,7
	4	8,7	0,9
	5	16,5	17,9
	6	2,6	1,9
	7	4,3	0,9
	8	3,5	1,9
	9	0,9	0,9
Totalmente xustificable	10	12,2	4,7
NS/NC		0,0	0,0

(N=420)



Ateneo Ferrolán
CADRO 88
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

**DISTRIBUCION DAS PORCENTAXES SEGUNDO O GRAO DE XUSTIFICACION DE
TER UNHA AVENTURA FORA DO MATRIMONIO SEGUNDO O ESTADO CIVIL DO
ENTREVISTADO**

GRAO DE XUSTIFICACION		SOLTEIRO	CASADO	PARELLA	SEPARADO	DIVORCIO
Nada xustificable	1	44,6	62,4	100,0	100,0	100,0
	2	6,0	3,1	0,0	0,0	0,0
	3	7,1	6,3	0,0	0,0	0,0
	4	4,9	6,3	0,0	0,0	0,0
	5	19,0	9,4	0,0	0,0	0,0
	6	2,7	0,0	0,0	0,0	0,0
	7	2,7	3,1	0,0	0,0	0,0
	8	2,7	3,1	0,0	0,0	0,0
	9	1,1	0,0	0,0	0,0	0,0
Totalmente xustificable	10	9,2	6,3	0,0	0,0	0,0
NS/NC		0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

(N=420)


CADRO 90

**GRAO DE XUSTIFICACION DO
ABORTO POR PARTE DA
XUVENTUDE
(escala 1-10)**

GRAO DE XUSTIFICACION		%
Nada xustificable	1	22,1
	2	2,2
	3	4,0
	4	4,4
	5	22,1
	6	4,4
	7	7,1
	8	4,9
	9	2,7
Totalmente xustificable	10	25,2
NC		0,9

(N=420)

Gráfica I



CADRO 91

**GRAO DE XUSTIFICACION DO ABORTO SEGUNDO O AUTOPOSICIONAMENTO
POLITICO
(escalas 1-10 e 1 a 7 respectivamente)**

GRAO DE XUSTIFICACION		ESQUERDA			CENTRO		DEREITA	
		1	2	3	4	5	6	7
Nada xustificable	1	4,5	11,1	10,7	20,7	34,8	40,0	25,0
	2	4,5	0,0	3,6	0,0	0,0	13,3	0,0
	3	0,0	0,0	0,0	0,0	4,3	6,7	25,0
	4	13,6	0,0	7,1	6,9	2,2	0,0	0,0
	5	18,2	33,3	14,3	17,2	19,6	26,7	25,0
	6	0,0	5,6	10,7	3,4	4,3	6,7	25,0
	7	9,1	0,0	25,0	10,3	0,0	0,0	0,0
	8	4,5	16,7	7,1	10,3	0,0	0,0	0,0
	9	0,0	5,6	3,6	0,0	4,3	0,0	0,0
Totalmente xustificable	10	45,5	27,8	17,9	31,0	28,3	6,7	0,0

(N=416)

6. Diversas actitudes éticas. Confianza nas institucións

CADRO 92

GRAO DE XUSTIFICACION DO ABORTO SEGUNDO A PRACTICA RELIXIOSA
(escalas 1 a 10 e 1 a 5 respectivamente)

GRAO DE XUSTIFICACION		NADA PRACTICANTE				MOI PRACTICANTE	
		0	1	2	3	4	5
Nada xustificable	1	21,2	20,0	31,1	30,0	0,0	50,0
	2	1,3	5,0	0,0	0,0	28,5	0,0
	3	5,1	0,0	6,9	12,0	14,3	0,0
	4	2,6	2,5	0,0	6,0	0,0	10,0
	5	2,6	20,0	34,5	28,0	14,3	20,0
	6	9,6	0,0	10,3	4,0	0,0	0,0
	7	3,2	7,5	3,4	6,0	14,3	0,0
	8	0,0	5,0	0,0	6,0	0,0	0,0
	9	7,7	5,0	0,0	2,0	14,3	0,0
Totalmente xustificable	10	46,7	35,0	13,8	6,0	14,3	10,0

(N=416)



CADRO 93

GRAO DE XUSTIFICACION DO ABORTO
SEGUNDO O SEXO

GRAO DE XUSTIFICACION		VARON	MULLER
Nada xustificable	1	19,1	26,5
	2	3,5	0,9
	3	4,3	3,8
	4	3,5	4,7
	5	20,0	24,5
	6	7,0	0,9
	7	7,8	6,6
	8	7,8	1,9
	9	0,9	4,7
Totalmente xustificable	10	26,1	25,5

(N=416)

CADRO 94

**DISTRIBUCION DE PORCENTAXES SEGUNDO O GRAO DE XUSTIFICACION DO ABORTO
SEGUNDO O ESTADO CIVIL DO ENTREVISTADO (escalas 1 a 10)**

GRAO DE XUSTIFICACION		SOLTEIRO	CASADO	PARELLA	SEPARADO	DIVORCIADO
Nada xustificable	1	21,4	31,3	25,0	0,0	0,0
	2	2,2	3,1	0,0	0,0	0,0
	3	3,3	9,4	0,0	0,0	0,0
	4	3,8	3,1	0,0	50,0	0,0
	5	22,4	21,9	25,0	0,0	100,0
	6	3,8	3,1	0,0	50,0	0,0
	7	8,2	3,1	0,0	0,0	0,0
	8	4,9	6,3	0,0	0,0	0,0
	9	2,7	3,1	0,0	0,0	0,0
Totalmente xustificable	10	27,3	15,6	50,0	0,0	0,0

(N=416)



Ateneo Ferrolá
Un lugar de encontro para
Fundado en 1975
www.ateneoferrolan.org


Gráfica II

CADRO 95

**GRAO DE XUSTIFICACION DO
DIVORCIO POR PARTE DA
XUVENTUDE (escala 1-10)**

GRAO DE XUSTIFICACION		%
Nada xustificable	1	6,3
	2	0,9
	3	2,7
	4	1,8
	5	19,3
	6	4,5
	7	6,3
	8	9,0
	9	3,6
Totalmente xustificable	10	45,6
NS/NC		0,0

(N=420)



6. Diversas actitudes éticas. Confianza nas institucións

CADRO 96

GRAO DE XUSTIFICACION DO DIVORCIO SEGUNDO O SEXO DOS ENTREVISTADOS

GRAO DE XUSTIFICACION		VARON	MULLER
Totalmente inustificable	1	7,8	4,7
	2	1,9	0,0
	3	2,6	2,8
	4	1,7	1,9
	5	17,4	21,5
	6	6,1	2,8
	7	4,3	8,4
	8	11,3	6,5
	9	2,6	4,7
Totalmente xustificable	10	44,3	46,7

(N=420)

CADRO 97

GRAO DE XUSTIFICACION DAS RELACIONS PREMATRIMONIAIS (escalas de 1 a 10)

GRAO DE XUSTIFICACION		%
Nada xustificable	1	6,7
	2	0,0
	3	1,3
	4	0,9
	5	9,4
	6	1,3
	7	3,1
	8	7,6
	9	4,9
Totalmente xustificable	10	64,8
NS/NC		0,0

(N=420)



Ateneo Ferrolán
CADRO 98
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

GRAO DE XUSTIFICACION DE RELACIONS PREMATRIMONIAIS SEGUNDO O SEXO DO ENTREVISTADO (escala de 1 a 10)

GRAO DE XUSTIFICACION		VARON	MULLER
Nada xustificable	1	6,1	7,5
	2	0,0	0,0
	3	1,7	0,9
	4	1,7	0,0
	5	10,4	8,5
	6	0,9	1,9
	7	1,7	4,7
	8	9,6	4,7
	9	2,6	7,5
Totalmente xustificable	10	65,3	64,3

(N=420)

CADRO 99

**GRAO DE XUSTIFICACION DAS RELACIONS PREMATRIMONIAIS (escala de 1 a 10)
SEGUNDO O NIVEL DE PRACTICA RELIXIOSA DO ENTREVISTADO**

GRAO DE XUSTIFICACION		NADA PRACTICANTE			MOI PRACTICANTE		
		0	1	2	3	4	5
Nada xustificable	1	10,3	0,0	0,0	8,0	0,0	0,0
	2	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	3	0,0	0,0	8,3	4,0	0,0	0,0
	4	0,0	0,0	16,7	0,0	0,0	0,0
	5	6,3	12,5	8,3	16,0	25,0	0,0
	6	0,0	0,0	0,0	4,0	0,0	0,0
	7	2,1	0,0	8,3	0,0	0,0	0,0
	8	4,2	16,7	0,0	16,0	25,0	0,0
	9	0,0	4,2	16,7	0,0	0,0	0,0
Totalmente xustificable	0	77,1	66,6	41,7	52,0	50,0	100,0

(N=417)

CADRO 100

**GRAO DE XUSTIFICACION DA VIDA
EN PARELLA SEN CASARSE**

GRAO DE XUSTIFICACION		%
Nada xustificable	1	4,4
	2	0,9
	3	0,0
	4	1,8
	5	8,4
	6	0,0
	7	4,9
	8	7,5
	9	2,7
Totalmente xustificable	10	69,4
NS/NC		0,0

(N=420)

CADRO 101

**GRAO DE ACORDO COA FRASE:
"CADA UN DEBE TER A
POSIBILIDADE DE DISFRUTAR
DE COMPLETA LIBERDADE
SEXUAL"**

GRAO DE ACORDO	%
Moi de acordo	68,6
Más ben de acordo	24,3
Más ben en desacordo	5,8
Moi en desacordo	0,9
NS/NC	0,4

(N=420)



Ateneo Ferrolá
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

6. Diversas actitudes éticas. Confiianza nas institucións

CADRO 102

GRADO DE CONFIANZA QUE LLE MERECEAN AS SEGUINTE INSTITUCIONS


INSTITUCIONS	MOITA	BASTANTE	POUCA	NINGUNHA	NS/NC
Sistema de ensino	14,6	38,5	40,7	6,2	0,0
Igrexa Católica	4,0	18,6	47,8	29,6	0,0
Policía	8,4	35,2	38,3	17,6	0,4
Comunidade Europea	10,2	30,5	48,2	11,1	0,0
Prensa	11,5	38,3	40,5	9,3	0,4
Grandes empresas	10,1	27,3	46,7	15,0	0,9
A Xustiza	12,4	26,5	43,4	17,3	0,4
O Parlamento	5,3	15,5	47,8	30,5	0,9
Forzas armadas	13,3	33,9	33,9	18,5	0,4
Sindicatos	7,9	25,1	44,5	22,0	0,0
Seguridade Social	8,8	27,3	44,6	18,9	0,4
Xunta de Galicia	7,0	31,3	44,5	17,2	0,0
Concello	5,7	23,4	46,3	24,2	0,4
Partidos políticos	0,4	7,1	43,2	48,9	0,4
Goberno Central	3,1	9,3	42,5	44,2	0,9

(N=420)

Gráfica III

Ateneo Ferrolán
Coligador de encontro para a cultura

fundado en 1879
INSTITUCIONS
www.ateneoferrolan.com





Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para la cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

7. As drogas. Actitudes ante o problema. As drogas institucionais.

O 61,1 % dos xoves ferroláns coñecen a alguén que consume algún tipo de droga que non é nin alcohol nin tabaco (cadros 103 ó 106). A porcentaxe é máis elevada no caso dos homes, mais, aínda así, a metade das mulleres atópase nesta situación. Non existen diferencias substanciais por zonas, coa salvedade de que parece algo menor a súa penetración na parte rural. En canto ós diferentes grupos de idade, diremos que parece que a franxa que vai dos 25 ós 29 anos coñecen en menor proporción a persoas que consuman drogas. De tódolos xeitos, e antes de proseguir, desexamos aclarar que este non é un problema exclusivamente xuvenil, aínda que tamén sabemos que afecta en maior medida a estas bandas de idade. O que parece claro é que os xoves viven en contacto continuo coas drogas.

A continuación, e sen ningunha intención de avaliación cuantitativa, ofrecemos algúns datos relativos ó consumo de drogas. Desexamos aclarar que as porcentaxes non se corresponden, ó noso xuízo, coa realidade e que probablemente sexan máis elevadas. Móvennos a pensar isto os cadros anteriormente analizados: se o 61,1 % dos xoves coñecen a alguén que consume, é lóxico pensar que os resultados que expoñeremos a continuación sexan máis baixos do que se presumiría; a explicación viría dada polo feito de que, ó realiza-la enquisa no propio domicilio do entrevistado, e aínda que se lía a enquisa sen haber ninguén diante, o xove podería, polo feito de estar no seu fogar, encontrarse receoso de contestar aun tema como o das drogas. De todas maneiras comentaremos, aínda que brevemente, estes datos de consumo para pasar a outros que nos poden ofrecer outra dimensión, tamén interesante, do fenómeno.

Un 13,7% probaron o cannabis; un 7,2 % as anfetaminas; un 4,3 % a cocaína e a heroína un 1,7 %. A pregunta dos analxésicos - que o entrevistador non explicaba- non era totalmente entendida e só a responderon un 8,4 %. Os inhalantes obtiveron un rotundo 0 %. Pode vir razonado polo pequenísimo tanto por cento que aparece noutras enquisas galegas e españolas e que fan moi factible o non ter entrevistado a ningún. A diferenciación en canto a sexo decántase por unha maior porcentaxe no caso dos varóns: cannabis (20,3 %, cocaína (7,2 %) e heroína (3,4 %). Por zonas destaca claramente Caranza (28 % para o cannabis, 8,6 % para a cocaína e 5,4 % para a heroína). O cadro das idades amósanos que probaron as sustancias en maior proporción según se avanza en anos. Sen entrar a valorar outros factores, pode se-la lóxica consecuencia dunha máis longa exposición á oportunidade de probar.

Introducimos agora unha serie de cadros (111 ó 114) que nos amosan o que denominamos como "*tomas con regularidade*", para poder medi-lo consumo. Encontramos que as porcentaxes diminúen notablemente e que están practicamente ocupadas polos varóns. O consumo indicado para os homes ven marcado por un 5,8 % para o cannabis, un 1,9% para a cocaína e un 0,5 % para a heroína. Por zonas segue a destacar Caranza, barrio conformado por xentes de procedencias diferentes, casas en moitas

ocasións, moi pequenas e de baixo nivel de construción, con bastantes anos e moi poucos servicios, restos de detritos da recente construción; Caranza foi, durante moitos anos, un barrio inacabado, un barrio asocial e en proceso de asentamento; a desorganización social (sociedade, familia) e as Teorías da Deprivación, que nos explican os factores do paro e a clase social, poden proporcionarlle a liña argumental necesaria. É de salientar a labor levada a cabo neste barrio polas súas diferentes organizacións coordinadas no Plan Comunitario. Por idades observamos un menor consumo no grupo máis novo, pero é posible que esta situación veña dada porque á idade tan temprana o consumo aínda non tivese ocasión de completarse.

Pasemos agora a analizar unha batería de cadros que pretenden visualiza-las actitudes dos xoves ante o problema das drogas.

Diremos en primeiro lugar que, a xuízo dos mozos ferroláns, os poderes públicos somentes lle prestan algunha atención ó problema da droga (61,8%) e que o 21,8% pensa que non se lle presta ningunha atención (cadros 115 a 117). A diferenciación por sexo non ofrece datos de interese, pero por idades móstranos que sería a franxa de 25 a 29 anos a que se manifesta máis crítica cos poderes públicos.

En canto a que organismo pensan os xoves que debe interesarse polo problema da droga (cadros 118 a 120); un 53,1% pensan que debe se-lo goberno central, un 23,4% o Concello e un 11,1% a Comunidade Autónoma. Os varóns inclínanse, en maior medida que as mulleres, polo Goberno Central. Por idades observamos que son os máis xoves os que lle otorgan unha menor porcentaxe ó Goberno Central e unha maior ós Concellos. Parece que a tendencia dos expertos camiña na dirección de que sexan as administracións máis próximas ós cidadáns (Autonómica e Municipal) as que asuman o papel na atención a este problema, prevención primaria, colaboración na rehabilitación, integración sociolaboral e outros procesos.

A continuación, preguntámoslle ós xoves sobre as medidas que eles coidan que son máis idóneas para combater-lo problema das drogas (cadros 121 a 123). Debían escoller dúas repostas por orde de importancia. O 38,4% en primeiro lugar e o 16,7% en segundo lugar, cren que é precisa a información nas escolas, isto viría reforzado por un 11,6% (en primeiro lugar) e un 23% (en segundo lugar), que cren que debería haber campañas informativas a toda a poboación; a creación de centros asistenciais visualízase non como unha medida preventiva, senón como terapéutica (5,2% en primeira orde e 14,4% en segunda). Goza de gran aceptación o castigar máis ó narcotraficante (30,0% e 28,4%, segun a orde); contrasta esta dato co de castigar máis ós consumidores (3,1% e 4,1%), o que nos leva a pensar que os xóvenes visualizan a estes últimos como enfermos e vítimas. Por sexo a diferenciación é mínima, e por idades a franxa dos 25 a 29 anos amósase máis dura cos traficantes. Podemos concluír dicindo que os xoves ven na información e na educación as medidas principais para combater-las drogas, seguidas da represión do narcotráfico.

As drogas institucionais

Consumo de alcohol

O alcohol e o tabaco son drogas que están incrustadas na cultura da nosa sociedade e das que a principal incidencia (ás veces nefasta) é muy elevada e pouco valorada polo conxunto da poboación. Non é a nosa pretensión profundizar neste momento en determinados aspectos das chamadas drogas legais, pero coincidimos cos profesores Pérez Vilariño e Veira Veira no que din no seu libro "*La cultura de la droga en Galicia*", producto dunha investigación na que tivémo-la honra de participar. Recórdannos os citados profesores que "*... el carácter institucional y cultural del alcohol queda evidenciado por el hecho de que la iniciación a su consumo es mayoritariamente familiar*". A primeira copa, o primeiro viño tómanse -en moitas ocasións- en festas familiares. Non é a nosa misión, neste momento, profundizar neste tema e, polo tanto, pasamos a observa-lo consumo de alcohol dos xoves ferroláns (cadros 124 a 129).

A bebida máis consumida e con maior asiduidade é a cervexa, e a de menor consumo é a sidre. En canto ós cubatas, parece que igualan na franxa de "*algunha vez*" á cervexa e un 11,1 % tómaos tódalas semanas. A proporción dos que toman alcohol tódolos días é moi baixa e refírese á cervexa (3,6%) e ó viño (2,2 %). As bebidas non alcohólicas tómanse tódolos días fora da casa (55,6 %) e varias veces ó día (27,6 %). Parece que o consumo de cubatas e dalgúns licores realízase fundamentalmente en festas e fines de semana.

Por sexo, (cadro 125), a diferenza é notoria; o consumo é moito maior nos varóns. A diferenza é maior nos cubatas semanalmente, e na cervexa semanal e diariamente. Por zonas, Caranza é a que ofrece un consumo máis xeralizado (cadro 126), aínda que, hai que notar que diariamente o consumo é maior na zona rural.

Por nivel de estudio, (cadro 127), observamos que a porcentaxe maior dos que nunca beben téñena os rapaces de estudos secundarios. En canto á cervexa, son os seus máximos consumidores os de menor nivel de estudos e tamén os que beben con maior frecuencia. En canto ó viño, os titulados superiores amosan a maior porcentaxe na columna "*algunha vez*", pero son totalmente superados polos de estudos primarios, rematados e sen rematar, en bebelo tódolos días. Os cubatas son consumidos -relacionados con fines de semanas e festas- en maior proporción polos xoves de estudos secundarios; outro tanto sucede con outros licores. Se realizamos a análise por ocupacións (cadro 128), observamos que na cervexa son os estudantes os que máis consumen nas tres primeiras columnas, sendo superados en "*tódolos días*" por outros activos e en "*varias veces ó día*" polos inactivos. En cubatas tamén priman os estudantes. E de salientar que os que denominamos inactivos son os que máis viño consumen (10,6 % tódolos días) e tamén no que denominamos "outras bebidas alcohólicas"; nos dous casos séguenos "*outros activos*". As xoves amas de casa constitúen o colectivo estudiado que menos bebidas alcohólicas consume. Por último, e por idade (cadro 129), diremos que no viño, licores e outras bebidas alcohólicas son os de máis idade os que máis consumen. En cervexa igualáanse os grupos, mostrando unha

maior porcentaxe os de 20-24 anos nas tres primeiras columnas, e cando a frecuencia se intensifica (tódolos días e varias veces ó día) é a franxa de maior idade a que toma a dianteira. En cubatas restablécese a igualdade, sobor de todo en “*tódalas semanas*”, o que leva asociado o tipo de consumo ó que anteriormente nos referíamos.

Para finalizar, imos dicir que os consumos de bebidas alcoholicas xeralmente decrecen no camiño de “*nunca*” a “*varias veces ó día*”. Nas bebidas non alcoholicas ese camiño realízase medrando.

Consumo de tabaco

No consumo de tabaco (cadros 130 e 131), os xoves ferroláns manifestan ser fumadores “*tódolos días*” nun 39,5 % e “*algunha vez*” nun 3,1 %. Se sumamos ós que non fuman “*nunca*” (47,9 %) e ós que o fan en ocasións especiais (8,9 %), obtemos que un 56,8 % dos enquisados din non ser fumadores.

Os varóns fuman nunha maior proporción que as mulleres (45,9 % fronte ó 40,7 %). Se realizamo-la análise por zonas, encontramos que o maior consumo céntrase no barrio de Caranza e na zona semirrural-rural. Por estudos, fuman máis os grupos “*menos de primarios e primarios*”. En canto á ocupación, vemos que as xoves amas de casa fuman nunha proporción do 48 % - pero debemos lembrar que supoñen só un 7,4 % da mostra-, os inactivos fuman nun 47,5 % e os estudantes nun 35,3 %. Por idades encontramos máis fumadores según avanzamos en anos.

Se realizamo-la análise comparativa cos datos proporcionados polo estudio para toda Galicia do profesor Veira, encontramos que en “*diario*” e “*algunha vez*” as porcentaxes para Ferrol teñen tres puntos menos; en “*ocasions especiais*” catro puntos máis e, por último, en non fumar “*nunca*” dous puntos máis (47,9 % fronte ó 45,9 %). Podemos pois concluír que os xoves ferroláns fuman menos ca media do total dos seus compañeiros galegos.

Neste capítulo tratamo-las actitudes dos xoves de Ferrol ante as drogas. A continuación vímo-lo que denominamos drogas institucionais: alcohol e tabaco. Non é o momento, nin a intención deste traballo, de profundizar nos tipos de conductas que poderían provoca-lo abuso desmesurado dalgunhas destas substancias; de todas formas, a literatura existente neste senso refírenos á anomia e á desviación social.

En ocasións, determinados actos reivindicativos, ou a celebración dalgúns acontecementos lúdico-festivos, ou o propio exceso no consumo de alcohol, conduce a algúns xoves a realizar algúns actos violentos. Este é o motivo polo que, ó final destes dous capítulos (6 e 7) referidos ás actitudes dos xóvenes e ó consumo de determinadas substancias, quixemos preguntarlle ós mozos se crían xustificable o comportamento violento entre os xóvenes.

7. As drogas. Actitude ante o problema. As drogas institucionais

A violencia nos xóvenes

Nos cadros 120 e 121, encontraremos que o 65,5 % dos xóvenes non xustifican “nunca” a violencia nos actos deportivos, musicais ou memo na rúa; e un 19 % xustificarlíalos en moi poucas ocasións. Por sexos, obsérvase que as mulleres toleran en menor medida a violencia, semella que a adquisición do rol masculino trae consigo unha maior dose de comprensión da violencia ou, cando menos, da non condena da mesma. De tódalas maneiras, un 63,0 % dos homes non a xustifican nunca e un 16,9 % moi poucas veces.

Para concluír, cremos un deber a necesidade de desfacer ese malentendido que presupón uns xóvenes violentos.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

CADRO 103

PORCENTAXES SEGUNDO O Nº DE AMIGOS QUE CONSUMAN DROGAS HABITUALMENTE (EXCEPTUANDO O ALCOHOL E O TABACO)

Nº DE AMIGOS	%
Ningún	37,6
Un	5,4
Dous	6,2
Tres	4,4
Máis de tres	45,1
NS/NC	1,3

(N=420)

CADRO 104

PORCENTAXES SEGUNDO O Nº DE AMIGOS QUE CONSUMAN DROGAS HABITUALMENTE (EXCEPTUANDO O ALCOHOL E O TABACO)

Nº DE AMIGOS	VARON	MULLER
Ningún	3,2	43,1
Un	3,4	7,3
Dous	2,6	10,1
Tres	5,1	3,8
Máis de tres	55,6	33,9
NS/NC	0,9	1,8

(N=420)

CADRO 105

DISTRIBUCION DO Nº DE AMIGOS QUE CONSUMEN DROGAS HABITUALMENTE SEGUNDO CADA ZONA DO ENTREVISTADO

Nº DE AMIGOS	ZONA URBANA	ENSANCHES	CARANZA	RURAL-SEMIRRURAL
Ningún	36,3	37,7	35,8	39,7
Un	9,1	4,3	6,0	5,2
Dous	6,1	2,9	11,9	6,9
Tres	3,0	4,3	4,5	5,2
Máis de tres	45,5	50,8	41,8	43,2

(N=414)

CADRO 106

Nº DE AMIGOS QUE CONSUMEN DROGAS HABITUALMENTE SEGUNDO A IDADE DO ENTREVISTADO

Nº DE AMIGOS	15-19	20-24	25-29
Ningún	34,0	35,3	44,6
Un	4,3	10,3	3,1
Dous	10,6	7,4	1,5
Tres	3,2	5,9	4,6
Máis de tres	47,9	41,2	46,2

(N=414)

CADRO 107

SUSTANCIAS QUE PROBOU ALGUNHA VEZ O ENTREVISTADO

SUSTANCIA	%
Cannabis	13,7
Anfetaminas	7,2
Cocaína	4,3
Opio,...	1,7
Heroína	1,7
Inhalantes	0
Barbitúricos	2,9
Analxésicos	8,4

(N=420)

7. As drogas. Actitude ante o problema. As drogas institucionais

CADRO 108

SUBSTANCIAS QUE PROBOU
ALGUNHA VEZ O ENTREVISTADO
SEGUNDO O SEXO

SUSTANCIA	VARON	MULLER
Cannabis	20,3	7,2
Anfetaminas	12,1	2,4
Cocaína	7,2	1,4
Opio,...	2,9	0,5
Heroína	3,4	0,0
Inhalantes	0,0	0,0
Barbitúricos	3,4	2,4
Analxésicos	9,2	7,7

(N=420)

CADRO 110

SUBSTANCIAS QUE PROBOU ALGUNHA VEZ O
ENTREVISTADO SEGUNDO A IDADE

SUSTANCIA	15-19	20-24	25-29
Cannabis	9,0	13,5	19,5
Anfetaminas	3,2	8,3	10,9
Cocaína	2,6	4,5	6,3
Opio,...	0,6	1,5	3,1
Heroína	0,0	3,0	2,3
Inhalantes	0,0	0,0	0,0
Barbitúricos	0,6	4,5	3,9
Analxésicos	8,4	7,5	9,4

(N=420)

CADRO 109

SUBSTANCIAS QUE PROBOU ALGUNHA VEZ O ENTREVISTADO
SEGUNDO A ZONA

SUSTANCIA	URBANA	ENSANCHES	CARANZA	SEMIRRURAL-RURAL
Cannabis	7,3	14,1	28,0	8,3
Anfetaminas	4,1	7,3	16,1	2,8
Cocaína	3,3	3,3	8,6	1,9
Opio,...	0,8	0,8	3,2	0,9
Heroína	0,0	1,1	5,4	0,9
Inhalantes	0,0	0,0	0,0	0,0
Barbitúricos	2,4	3,3	4,3	1,9
Analxésicos	8,1	8,7	15,1	2,8

(N=420)

CADRO 111

SUBSTANCIAS QUE TOMA
CON REGULARIDADE O
ENTREVISTADO

SUSTANCIA	%
Cannabis	3,3
Anfetaminas	1,0
Cocaína	0,5
Opio,...	1,0
Heroína	0,2
Inhalantes	0,0
Barbitúricos	0,2
Analxésicos	1,2

(N=420)

CADRO 112

SUBSTANCIAS QUE TOMA CON
REGULARIDADE O ENTREVISTADO
POR SEXO

SUSTANCIA	VARON	MULLER
Cannabis	5,8	0,9
Anfetaminas	1,9	0,0
Cocaína	1,9	0,0
Opio,...	1,9	0,0
Heroína	0,5	0,0
Inhalantes	0,0	0,0
Barbitúricos	0,5	0,0
Analxésicos	1,0	1,4

(N=420)

CADRO 113

**SUBSTANCIAS QUE TOMA CON REGULARIDADE O ENTREVISTADO
SEGUNDO A ZONA**

SUSTANCIA	URBANA	ENSANCHES	CARANZA	SEMIRRURAL-RURAL
Cannabis	1,6	4,3	6,5	1,8
Anfetaminas	0,8	1,1	2,2	0,0
Cocaína	0,0	1,1	1,1	0,0
Opio,...	0,8	1,1	2,2	0,0
Heroína	0,0	0,0	1,1	0,0
Inhalantes	0,0	0,0	0,0	0,0
Barbitúricos	0,0	1,1	0,0	0,0
Analxésicos	1,6	2,2	1,1	0,0

(N=420)

CADRO 114

**SUBSTANCIAS QUE TOMA CON
REGULARIDADE O ENTREVISTADO SEGUNDO A
IDADE**

SUSTANCIA	15-19	20-24	25-29
Cannabis	1,9	5,2	3,1
Anfetaminas	0,0	1,6	1,6
Cocaína	0,0	0,0	0,0
Opio,...	0,0	0,0	3,1
Heroína	0,0	0,0	0,8
Inhalantes	0,0	0,0	0,0
Barbitúricos	0,0	0,0	0,8
Analxésicos	0,6	1,5	1,6

(N=420)

CADRO 115

**ATENCIÓN QUE
PRESTAN OS PODERES
PUBLICOS O PROBLEMA
DA DROGA**

ATENCIÓN	%
Moita	14,2
Pouca	61,8
Ningunha	21,8
NS/NC	2,2

(N=420)

CADRO 116

**ATENCIÓN QUE PRESTAN OS
PODERES PUBLICOS O PROBLEMA
DA DROGA SEGUNDO O SEXO**

ATENCIÓN	VARON	MULLER
Moita	12,9	15,6
Algunha	63,8	59,6
Ningunha	21,6	22,0
NS/NC	1,7	2,8

(N=420)

7. As drogas. Actitude ante o problema. As drogas institucionais

CADRO 117

ATENCIÓN QUE PRESTAN OS PODERES PUBLICOS O PROBLEMA DA DROGA SEGUNDO OS GRUPOS DE IDADE

ATENCIÓN	15-19	20-24	25-29
Moita	14,0	19,1	9,4
Algunha	64,5	58,8	60,9
Ningunha	19,4	17,6	29,7
NS/NC	2,1	4,5	0,0

(N=420)

CADRO 118

ORGANISMOS QUE DEBEN PRESTAR ATENCIÓN AO PROBLEMA DA DROGA

ORGANISMO	%
Concello	23,4
Diputación Provincial	2,7
Autonomía	11,1
Gobierno Central	53,1
NS/NC	9,7

(N=420)


CADRO 119

ORGANISMOS QUE DEBEN PRESTAR ATENCIÓN AO PROBLEMA DA DROGA SEGUNDO OS SEXOS

ORGANISMO	VARON	MULLER
Concello	21,6	25,5
Diputación Provincial	0,0	5,5
Autonomía	11,2	10,9
Gobierno Central	59,4	46,4
NS/NC	7,8	11,7

(N=420)

Gráfica I



CADRO 120

PODERES PUBLICOS QUE DEBEN PRESTAR ATENCIÓN AO PROBLEMA DAS DROGAS

ORGANISMO	15-19	20-24	25-29
Concello	25,5	23,5	20,3
Diputación Provincial	4,3	0,0	3,2
Autonomía	10,6	7,4	15,6
Gobierno Central	46,8	61,7	53,1
NS/NC	12,8	7,4	7,8

(N=420)

CADRO 121

MEDIDAS QUE O ENTREVISTADO CONSIDERA PARA COMBATE-LO PROBLEMA DAS DROGAS

MEDIDAS	1º	2º
Información nas escolas	38,4	16,7
Campañas informativas	11,6	23,0
Comisións antidrogas	7,3	9,0
Centros asistenciais	5,2	14,4
Castigo consumidores	3,1	4,1
Castigo narcotraficantes	30,0	28,4
Outras	2,2	2,2
NS/NC	2,2	2,2

(N=420)

CADRO 122

MEDIDAS QUE CONSIDERA O ENTREVISTADO MAIS EFICACES CONTRA A DROGA SEGUNDO O SEXO

MEDIDAS	VARON	MULLER
Información nas escolas	37,8	38,7
Campañas informativas	10,9	12,6
Comisións antidrogas	6,7	8,1
Centros asistenciais	6,7	3,6
Castigo aos consumidores	3,4	2,7
Castigo narcotraficantes	31,1	28,9
Outras	1,7	2,7
NS/NC	1,7	2,7

(N=420)

CADRO 123

Ateneo Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura

MEDIDAS QUE O ENTREVISTADO CONSIDERA MAIS EFICACES CONTRA AS DROGAS SEGUNDO A IDADE

PRIMEIRA MEDIDA

MEDIDAS	*15-19	*20-24	*25-29
Información nas escolas	37,1	38,2	40,0
Campañas informativas	10,3	22,1	3,1
Comisións antidrogas	11,3	5,9	3,1
Centros asistenciais	6,2	2,9	6,2
Castigo consumidores	4,1	2,9	1,5
Castigo narcotraficantes	27,9	25,1	38,5
Outras	1,0	2,9	3,1
NS/NC	2,1	0,0	4,5

(N=420)

7. As drogas. Actitude ante o problema. As drogas institucionais

CADRO 124

BEBIDAS QUE CONSUMIU NOS ULTIMOS 30 DIAS O ENTREVISTADO

BEBIDAS	NUNCA	ALGUNHA VEZ	TODALAS SEMANA	TODOLOS DIAS	VARIAS VECES O DIA	NS/NC
Viño	74,3	20,4	1,3	2,2	0,0	1,8
Cervexa	47,1	35,1	12,0	3,6	0,4	1,8
Sidra	85,3	11,6	0,4	0,0	0,0	2,7
Cubatas	52,0	35,1	11,1	0,4	0,0	1,4
Licores	65,8	26,7	6,7	0,4	0,0	0,4
Outras alcohólicas	74,7	16,9	4,0	0,4	0,9	3,1
Outras non-alcohólicas	2,7	6,2	6,2	55,6	27,6	1,7

(N=420)

CADRO 125

FRECUENCIA DO CONSUMO DE BEBIDAS SEGUNDO O SEXO DOS ENTREVISTADOS

BEBIDAS	NUNCA	ALG. VEZ SEMANAL	DIARIAMENTE	VAR. VEC. DIA	NS/NC
Viño					
Varón	69,8	22,5	0,9	3,4	0,0
Muller	78,9	18,4	1,8	0,9	0,0
Cervexa					
Varón	35,3	39,8	15,5	6,0	0,0
Muller	59,3	30,6	8,3	0,9	0,9
Sidra					
Varón	84,5	9,4	0,9	0,0	0,0
Muller	86,2	13,8	0,0	0,0	0,0
Cubatas					
Varón	40,5	39,6	16,4	0,9	0,0
Muller	64,2	30,3	5,5	0,0	0,0
Licores					
Varón	63,8	25,8	8,6	0,9	0,0
Muller	57,9	27,5	4,6	0,0	0,0
Outras alcohólicas					
Varón	73,9	17,4	3,5	0,0	0,9
Muller	75,2	16,6	4,6	0,9	0,9
Outras no alcoh.					
Varón	2,6	6,0	6,9	59,5	23,3
Muller	2,8	6,5	5,6	50,8	32,4

(N=420)

CADRO 126

FRECUENCIA NO CONSUMO DE BEBIDAS SEGUNDO A ZONA DOS ENTREVISTADOS

BEBIDAS	NUNCA	ALG. VEZ	SEMANAL	DIARIAMENTE	VAR. VEC. DIA	NS/NC
Viño						
<i>Urbana</i>	65,6	21,9	3,1	0,0	0,0	9,4
<i>Caranza</i>	69,6	23,3	1,4	4,3	0,0	1,4
<i>Semirrural</i>	83,3	15,2	0,0	1,5	0,0	0,0
Cervexa						
<i>Urbana</i>	65,6	18,7	6,3	0,0	0,0	9,4
<i>Caranza</i>	42,0	34,9	17,4	2,9	1,4	1,4
<i>Semirrural</i>	40,9	39,4	13,6	6,1	0,0	0,0
Sidra						
<i>Urbana</i>	78,1	12,5	0,0	0,0	0,0	9,4
<i>Caranza</i>	88,4	5,9	1,4	0,0	0,0	4,3
<i>Semirrural</i>	87,9	12,1	0,0	0,0	0,0	0,0
Cubatas						
<i>Urbana</i>	53,1	37,5	3,1	0,0	0,0	6,3
<i>Caranza</i>	44,9	33,4	20,3	0,0	0,0	1,4
<i>Semirrural</i>	57,6	31,8	9,1	1,5	0,0	0,0
Licores						
<i>Urbana</i>	56,3	37,5	3,1	0,0	0,0	3,1
<i>Caranza</i>	72,5	18,8	8,7	0,0	0,0	0,0
<i>Semirrural</i>	62,1	30,3	6,1	1,5	0,0	0,0
Outras alcohólicas						
<i>Urbana</i>	71,9	15,6	0,0	3,1	0,0	9,4
<i>Caranza</i>	79,7	13,1	5,8	0,0	0,0	1,4
<i>Semirrural</i>	77,3	16,7	3,0	0,0	3,0	0,0
Outras non alcoh.						
<i>Urbana</i>	12,5	18,7	0,0	28,1	34,4	6,3
<i>Caranza</i>	1,4	5,8	10,1	59,6	21,7	1,4
<i>Semirrural</i>	1,5	4,5	6,1	57,6	30,3	0,0

(N=420)



7. As drogas. Actitude ante o problema. As drogas institucionais

CADRO 127

FRECUENCIA DO CONSUMO DE BEBIDAS SEGUNDO OS ESTUDIOS DOS ENTREVISTADOS

BEBIDAS	NUNCA	ALG. VEZ	SEMANAL	DIARIAMENTE	VAR. VEC. DIA
Viño					
<i>Menos primarios</i>	60,2	2,9	6,3	19,8	10,8
<i>Primarios</i>	54,5	20,9	5,9	15,1	3,6
<i>Secundarios</i>	71,7	18,6	3,8	4,2	1,7
<i>Grado medio</i>	67,4	21,8	10,8	0,0	0,0
<i>Superior</i>	60,0	40,0	0,0	0,0	0,0
Cervexa					
<i>Menos primarios</i>	25,1	43,9	17,8	12,1	1,1
<i>Primarios</i>	33,8	24,9	29,8	10,1	1,4
<i>Secundarios</i>	33,2	27,6	26,9	8,7	3,6
<i>Grado medio</i>	50,1	29,7	15,9	5,3	0,0
<i>Superior</i>	50,0	30,0	20,0	0,0	0,0
Sidra					
<i>Menos primarios</i>	61,2	29,9	0,0	0,0	0,0
<i>Primarios</i>	78,1	20,2	0,0	0,0	0,0
<i>Secundarios</i>	69,9	28,2	0,0	0,0	0,0
<i>Grado medio</i>	75,9	22,6	1,5	0,0	0,0
<i>Superior</i>	70,9	25,6	3,5	0,0	0,0
Cubatas					
<i>Menos primarios</i>	75,9	20,9	2,1	1,6	0,0
<i>Primarios</i>	60,1	19,9	15,5	3,4	1,1
<i>Secundarios</i>	50,2	30,1	18,1	1,6	0,0
<i>Grado medio</i>	56,6	29,9	10,1	2,3	1,1
<i>Superior</i>	71,2	19,9	8,9	0,0	0,0
Licores					
<i>Menos primarios</i>	89,1	9,2	1,7	0,0	0,0
<i>Primarios</i>	77,2	18,7	4,1	0,0	0,0
<i>Secundarios</i>	65,9	30,2	3,5	0,0	0,4
<i>Grado medio</i>	81,6	15,9	2,5	0,0	0,0
<i>Superior</i>	60,8	35,9	2,1	0,0	1,2
Outras alcohólicas					
<i>Menos primarios</i>	80,5	19,5	0,0	0,0	0,0
<i>Primarios</i>	75,6	20,1	4,3	0,0	0,0
<i>Secundarios</i>	83,5	15,2	1,3	0,0	0,0
<i>Grado medio</i>	79,9	15,3	2,6	2,2	0,0
<i>Superior</i>	60,0	40,0	0,0	0,0	0,0
Outras non alcoh.					
<i>Menos primarios</i>	1,1	8,7	21,9	49,5	18,8
<i>Primarios</i>	2,5	6,7	15,1	38,9	46,8
<i>Secundarios</i>	1,5	5,6	12,9	32,8	47,2
<i>Grado medio</i>	2,5	6,2	11,9	30,8	48,6
<i>Superior</i>	0,0	0,0	20,0	30,0	50,0

(N=420)

CADRO 128

FRECUENCIA NO CONSUMO DE BEBIDAS SEGUNDO A OCUPACION DOS ENTREVISTADOS

BEBIDAS	NUNCA	ALG. VEZ	SEMANAL	DIARIAMENTE	VAR. VEC. DIA
Viño					
<i>Ama de casa</i>	69,3	17,7	8,8	2,1	2,1
<i>Estudiante</i>	80,9	10,7	3,1	4,2	1,1
<i>Inactivos</i>	58,5	15,9	8,8	10,6	6,2
<i>Outros inactivos</i>	60,0	21,3	10,9	7,1	0,6
Cervexa					
<i>Ama de casa</i>	60,9	37,2	1,9	0,0	0,0
<i>Estudiante</i>	29,8	43,5	15,9	8,4	2,4
<i>Inactivos</i>	58,6	25,2	6,9	5,2	4,1
<i>Outros inactivos</i>	45,2	36,5	5,5	9,9	2,9
Sidra					
<i>Ama de casa</i>	87,6	12,4	0,0	0,0	0,0
<i>Estudiante</i>	76,2	19,9	3,9	0,0	0,0
<i>Inactivos</i>	75,9	21,9	2,2	0,0	0,0
<i>Outros inactivos</i>	79,8	19,6	2,6	0,0	0,0
Cubatas					
<i>Ama de casa</i>	89,9	10,1	0,0	0,0	0,0
<i>Estudiante</i>	46,6	20,5	20,6	11,9	0,4
<i>Inactivos</i>	76,9	17,7	4,9	0,5	0,0
<i>Outros inactivos</i>	55,9	33,2	10,9	0,0	0,0
Licores					
<i>Ama de casa</i>	93,7	6,3	0,0	0,0	0,0
<i>Estudiante</i>	75,6	19,2	5,2	0,0	0,0
<i>Inactivos</i>	79,1	12,3	8,5	0,0	0,1
<i>Outros inactivos</i>	81,2	10,5	4,6	3,7	0,0
Outras alcohólicas					
<i>Ama de casa</i>	97,1	2,9	0,0	0,0	0,0
<i>Estudiante</i>	77,3	21,9	0,8	0,0	0,0
<i>Inactivos</i>	63,5	20,9	10,6	4,1	0,9
<i>Outros inactivos</i>	71,6	18,7	3,4	4,2	2,1
Outras non alcoh.					
<i>Ama de casa</i>	2,2	5,6	7,8	52,6	31,8
<i>Estudiante</i>	5,1	12,2	6,3	36,9	35,9
<i>Inactivos</i>	10,8	6,3	9,1	36,2	37,6
<i>Outros inactivos</i>	1,9	7,7	15,9	29,7	48,8

(N=406)


A Xuventude Ferrolá
 Unha nova xeración para a cidade
 Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
 www.ateneoferrolan.org

7. As drogas. Actitude ante o problema. As drogas institucionais

CADRO 129

FRECUENCIA DO CONSUMO DE BEBIDAS SEGUNDO A IDADE DOS ENTREVISTADOS

BEBIDAS	NUNCA	ALG. VEZ	SEMANAL	DIARIAMENTE	VAR. VEC. DIA
Viño					
15-19	71,9	21,1	3,5	2,1	1,4
20-24	69,1	20,9	4,4	3,8	1,8
25-29	40,5	29,6	7,7	21,1	1,1
Cervexa					
15-19	55,6	29,3	12,6	1,4	1,1
20-24	33,8	40,9	22,3	1,9	1,1
25-29	45,6	21,3	17,7	11,2	4,2
Sidra					
15-19	79,1	19,8	1,1	0,0	0,0
20-24	81,8	14,6	3,3	0,0	0,0
25-29	77,6	21,2	1,2	0,0	0,0
Cubatas					
15-19	49,9	29,7	15,5	4,9	0,0
20-24	57,9	19,7	17,6	3,1	1,7
25-29	61,3	17,2	15,5	4,3	1,7
Licores					
15-19	77,6	17,5	4,9	0,0	0,0
20-24	86,5	12,6	0,9	0,0	0,0
25-29	69,9	26,3	2,7	0,0	1,9
Outras alcohólicas					
15-19	83,6	15,5	0,9	0,0	0,0
20-24	77,4	16,3	5,1	1,2	0,0
25-29	81,9	13,5	0,2	4,2	0,0
Outras non alcoh.					
15-19	1,5	7,7	10,6	51,7	28,5
20-24	4,4	8,7	23,5	29,9	33,5
25-29	0,9	3,4	17,6	31,5	46,5

(N=406)

CADRO 130

FRECUENCIA COA QUE FUMA O ENTREVISTADO

FRECUENCIA	%
Diario	39,5
Algunha vez	3,1
En ocasións especiais	8,9
Nunca	47,9
NS/NC	0,6

(N=420)

CADRO 131

FRECUENCIA COA QUE FUMA TABACO POR SEXO, ZONAS, NIVEL DE ESTUDIOS, OCUPACION, IDADE

FRECUENCIA	DIARIO	ALG. VEZ SEMANA	OCASIONS ESPECIAIS	NUNCA	NS/NC
Sexo					
Varon	41,6	4,3	12,1	41,7	0,3
Muller	37,9	2,8	6,5	52,1	0,7
Zona					
Urbana	35,9	6,5	11,7	45,5	0,4
Ensanche	38,1	2,6	6,3	52,1	0,9
Caranza	42,3	1,9	5,9	49,5	0,4
Semirrural-rural	40,6	2,4	16,9	40,1	0,6
Estudios					
Menos de primarios	47,9	1,9	2,2	47,1	0,9
Primarios	39,6	4,5	11,3	44,1	0,5
Secundarios	35,9	4,3	11,9	47,7	0,2
Grao medio	36,5	3,7	10,4	49,2	0,2
Titul. superiores	38,7	2,9	10,8	47,3	0,3
Ocupación					
Ama de casa	45,8	2,2	7,9	43,9	0,2
Estudiante	31,1	4,2	15,9	48,2	0,6
Inactivos	43,6	3,9	5,5	46,6	0,4
Otros activos	39,1	2,9	7,9	49,3	0,8
Idade					
15 a 19	27,9	7,8	14,7	49,1	0,5
20 a 24	45,9	1,2	5,3	47,1	0,5
25 a 29	47,8	0,8	7,7	43,1	0,6

(N=420)

CADRO 132

¿CRES XUSTIFICADO O COMPORTAMENTO VIOLENTO ENTRE OS XOVES?

XUSTIFICACION	%
Sí, sempre	3,1
Moitas veces	2,2
Algunhas	10,2
Moi poucas	19,0
Nunca	65,5
NS/NC	0,0

(N=420)

CADRO 133

XUSTIFICACION DO COMPORTAMENTO VIOLENTO EN ACTOS DEPORTIVOS, MUSICAIS OU NA RUA, SEGUNDO O SEXO DOS ENTREVISTADOS

XUSTIFICACION	VARON	MULLER
Sí, sempre	5,0	0,9
Moitas veces	2,5	1,9
Algunhas	12,6	7,5
Moi poucas	16,9	21,5
Nunca	63,0	68,2
NS/NC	0,0	0,0

(N=420)





Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para la cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-501, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

8. Práctica relixiosa.

No cadro 134 podemos observar que a práctica relixiosa dos xóvenes é, poderíamos dicir, escasa. Teñamos tamén en consideración que a relixión é (cadros 33 e 38) pouco valorada polos entrevistados.

Se nos fixamos no cadro 135, veremos que o 33,8 % séntese vinculado a algunha Igrexa. Esta vinculación é notablemente maior nas mulleres (40,7 %) que nos homes (27,6 %). Quizais deberíamos pensar, a raíz destes datos, o mesmo que nos comenta o Informe 93,

“... son as “formas institucionalizadas” de manifesta-la relixiosidade as que non obteñen aceptación por parte da sociedade”.

Se relacionamo-lo grao de relixiosidade co feito de ter estudiado nun centro público ou privado (cadro 137), observaremos que as diferencias non son notables, aínda que se aprecia unha práctica relixiosa un pouco maior nos que estudiaaron nos centros privados. Atopamo-la mesma tendencia se dentro dos centros privados distinguimos entre os relixiosos e os non relixiosos (cadro 138); podemos ver, entón, que os xoves que estudiaaron nos centros relixiosos amosan unha porcentaxe doce puntos inferior de non practicantes e índices algo maiores de practicantes.

En canto á vinculación a algunha Igrexa, según o tipo de centro no que se estudiou (cadro 139), vemos que, aínda que lixeiramente superior para os privados, non ofrecen unha discriminación clara.

Parece que puidésemos concluír dicindo que o tipo de colexio non é un factor tan determinante como nun principio puidésemos pensar, o que nos debería levar a considerar outros factores que puideron ter influencia neste tema. Deberíamos, pois, pensar noutros axentes de socialización que puideran ser importantes neste sentido, e para elo, deberíamos ter en conta o que o xove máis valora e no que máis confía. A xuventude concede moita importancia á familia e á amizade, e confía fundamentalmente na familia e nos amigos. Poderíamos pois concluír, xunto co Informe 93, dicindo que o grao de relixiosidade dos xoves ven influído pola educación relixiosa recibida, pero sendo reforzada, nun sentido ou noutro, polo medio familiar e as relacións informais que se crean cos amigos e compañeiros.

CADRO 134

**PRACTICA RELIXIOSA NOS
RUVES ENTREVISTADOS**

GRAO DE PRACTICA		%
Non practicante	0	36,9
	1	17,1
	2	16,0
	3	19,5
	4	5,8
Moi practicante	5	4,0
NS/NC		0,7

(N=420)

CADRO 135

**DISTRIBUCION DOS
ENTREVISTADOS SEGUNDO O
SEU SENTIMENTO DE
VINCULACION CON ALGUNHA
IGREXA**

VINCULACION	%
Si, séntese vinculado	33,8
Non se sente vinculado	65,5
NS/NC	0,7

(N=420)

CADRO 136

**DISTRIBUCION DOS ENTREVISTADOS
SEGUNDO O SEU SENTIMENTO DE
VINCULACION POR SEXO**

VINCULACION	VARON	MULLER
Si, séntese vinculado	27,6	40,7
Non se sente vinculado	71,9	58,3
NS/NC	0,5	1,0

(N=420)

CADRO 137

**GRAO RELIXIOSO DEPENDENDO DO TIPO DE
CENTRO DE ESTUDIOS: PUBLICO OU PRIVADO**

GRAO		TIPO DE CENTRO		
		Público	Privado	Ambos
Non practicante	0	42,3	26,7	37,5
	1	16,7	17,1	21,4
	2	15,8	14,8	17,8
	3	15,3	27,4	19,6
	4	6,3	5,9	3,6
Moi practicante	5	2,7	7,4	0,0
NS/NC		0,9	0,7	0,0

(N=420)

CADRO 138

**GRAO RELIXIOSO DEPENDENDO DO TIPO DE CENTRO
PRIVADO RELIXIOSO/NON RELIXIOSO**

GRAO	TIPO DE CENTRO		
	Relixioso	Non relixioso	Ambos
0	26,0	38,1	18,2
1	17,1	23,8	18,2
2	17,9	7,9	36,4
3	26,0	23,8	18,2
4	6,5	4,8	0,0
5	5,7	1,6	9,1
NS/NC	0,8	0,0	0,0

(N=197)


CADRO 139

**SENTIMENTO DE VINCULACION A ALGUNHA IGREXA
SEGUNDO O CENTRO DE ESTUDIOS**

TIPO CENTRO	SENTIMENTO		
	Si	Non	n
Público	32,4	67,6	224
Privado	39,2	60,8	137
Ambos	30,4	69,6	59

(N=420)

Gráfica I





Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

9. Traballo, expectativas de éxito e ubicación laboral

Os xóvenes que están a traballar manifestan, no cadro 127, que están satisfeitos co seu traballo nun 71,6 %, sen distincións importantes entre varóns e mulleres. O 65,9% dos que estudian din ter un bo grao de satisfacción cos seus estudos, sen diferencias importantes entre sexos.

Nos cadros 144 e 145, podemos observar que o 74,0 % dos entrevistados manifestan que o máis importante para ter éxito na vida é o esforzo persoal, deixando en porcentaxes moi minoritarias a “á sorte” e a “nacer nunha familia de posición”. A diferenciación por sexos, neste sentido, non é significativa. Esta resposta demostranos que para os xóvenes o obxectivo de acadar prestixio ven pola vía do propio esforzo, a visión do status adquirido está claramente reflexada na mentalidade da xuventude.

Vemos tamén que un 64,2 % dos xoves esperan acadar unha posición “máis alta” que a do seu pai, e un 29,6% “igual”. Non se aprecian diferencias segundo o sexo. Por idades, son os máis xoves os que posúen máis altas aspiracións de triunfo persoal; quizais os da franxa 25-29 anos estén a sufrir neste momento a falta de traballo e vivindo a crise de Ferrol, o que nos leva a observar unha postura menos optimista. Polo tipo de colexio no que estudaron non atopamos discriminación clara.

Todo o dito levanos a pensar que o xove obxecto do noso estudio ten confianza en si mesmo e en poder triunfar. Vémosto reflexado na satisfacción no seu traballo e estudio, na clara esperanza de acadalo seu propio status a partir do esforzo persoal, ou na maioritaria opinión de lograr unha posición máis alta que a dos seus pais e inclinándose hacia o mundo da empresa. Debemos unir a isto que os xoves foron educados nun medio democrático, cos valores e as actitudes que elo conleva; teñamos tamén presente a maior formación que respecto ós seus pais acadaron eles. Todo ese conxunto fai que pensemos que os xoves desta xeración teñen moitas cousas que dicir, e que transformar, no sentido en que se vaia producindo o cambio social. O xove ten, ou sitúase para ter, expectativas de éxito persoal e social, particular e colectivo.

Desenvolvemento da vida laboral en Ferrol

Quixemos introducir no cuestionario unha pregunta relativa a se o xoven presume ou cre que poderá levar a cabo a súa vida laboral na nosa cidade (cadros 151 a 154). O 62 % respostounos que si pensa traballar en Ferrol, o 36,1 % que non e un 1,9 % non ten resposta conformada. Se realizamo-la distinción segundo o sexo, a diferenza practicamente non existe.

En canto ás diferentes cohortes, diremos que a franxa de 20-24 anos é a máis optimista, cun 64,9 % que supón que traballará en Ferrol, e está seguida a moi curta distancia pola de maior idade. Temos que ter en conta que nestas idades están incluídos a maior parte dos que xa traballan e, polo tanto, teñen a resposta á pregunta totalmente clara.

Se realizamo-la diferenciación por estudos veremos que, segundo avanzamos no nivel de estudos dos entrevistados, retroceden ou baixan as porcentaxes que indican o desenvolve-la súa vida laboral en Ferrol, esta baixada é tanto máis considerable canto máis nos introducimos nos niveis de estudos de grao medio e superior. A explicación podería vir no sentido de que estes xoves máis formados non divisan suficientes e posibles postos de traballo que lles permitan desenvolve-la súa profesión na nosa cidade. De tódalas formas, é preciso aclarar que, mesmo estes xoves de formación máis elevada, pensan nunha porcentaxe maior do 50 % que traballarán en Ferrol.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

9. Traballo, expectativas de éxito e ubicación laboral

CADRO 140

GRAO DE SATISFACCION DO ENTREVISTADO CO SEU TRABALLO

GRAO DE SATISFACCION	%
Si, moito	31,2
Bastante	40,4
Pouco	15,2
Nada	7,9
NS/NC	5,3

(N=151)

CADRO 141

GRAO DE SATISFACCION CO SEU TRABALLO SEGUNDO O SEXO DO ENTREVISTADO

GRAO DE SATISFACCION	VARON	MULLER
Si, moito	34,5	26,9
Bastante	36,9	44,8
Pouco	16,7	13,4
Nada	4,8	11,9
NS/NC	7,1	3,0

(N=151)

CADRO 142

GRAO DE SATISFACCION COS SEUS ESTUDIOS

GRAO DE SATISFACCION	%
Si, moito	26,6
Bastante	39,3
Pouco	23,2
Nada	9,3
NS/NC	1,6

(N=368)

CADRO 143

GRAO DE SATISFACCION COS SEUS ESTUDIOS SEGUNDO O SEXO

GRAO DE SATISFACCION	VARON	MULLER
Si, moito	26,0	26,7
Bastante	36,5	43,2
Pouco	26,0	19,9
Nada	9,4	9,1
NS/NC	2,1	1,1

(N=368)


Ateneo Ferrolán
 Un lugar de encontro para a cultura
 Fundado en 1879
 Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
 www.ateneoferrolan.org

CADRO 144

DISTRIBUCION SEGUNDO A AFIRMACION COA QUE SE IDENTIFICAN

AFIRMACIONS	%
O máis importante para ter éxito na vida é ter sorte	14,4
O máis importante para ter éxito na vida é o esforzo persoal	74,0
O máis importante para ter éxito na vida é nacer nunha familia con posición	11,3
NS/NC	0,3

(N=420)

CADRO 145

DISTRIBUCION SEGUNDO A AFIRMACION COA QUE SE IDENTIFICAN SEGUNDO OS SEXOS

AFIRMACIONS	VARON	MULLER
O máis importante para ter éxito na vida é ter sorte	15,0	13,8
O máis importante para ter éxito na vida é o esforzo persoal	71,4	77,0
O máis importante para ter éxito na vida é nacer nunha familia con posición	13,6	8,7
NS/NC	0,0	0,5

(N=420)

CADRO 146

DISTRIBUCION DOS XOVES SEGUNDO A POSICION QUE ESPERAN ACADAR NO FUTURO

POSICION SOCIAL	%
Máis alta que o seu pai	64,2
Igual que a do seu pai	29,6
Máis baixa que a do seu pai	5,2
NC	1,0

(N=120)

CADRO 147

DISTRIBUCION DOS XOVES SEGUNDO A POSICION QUE ESPERAN ACADAR NO FUTURO SEGUNDO O SEXO DO ENTREVISTADO

POSICION SOCIAL	VARON	MULLER
Máis alta que o seu pai	65,0	63,3
Igual que a do seu pai	28,6	30,1
Máis baixa que a do seu pai	5,5	5,1
NS/NC	0,9	1,0

(N=420)

CADRO 148

DISTRIBUCION DA POSICION QUE ESPERAN ACADAR NO FUTURO SEGUNDO A IDADE

POSICION SOCIAL	15-19	20-24	25-29
Máis alta que o meu pai	70,9	63,5	56,1
Igual que o meu pai	25,1	28,9	35,5
Máis baixa que o meu pai	3,0	6,7	7,4
NS/NC	1,0	0,9	1,0

(N=420)

CADRO 149

**DISTRIBUCION DOS HOVES SEGUNDO A POSICION QUE ESPERAN
ACADAR NO FUTURO SEGUNDO O TIPO DE CENTRO ONDE
REALIZARON OS SEUS ESTUDIOS**

POSICION SOCIAL	MAIS ALTA PAI	IGUAL PAI	MAIS BAIXA PAI	NS/NC
Público	63,1	32,0	4,1	0,8
Privado	65,9	28,2	5,9	0,0
Ambos	64,3	23,2	8,9	3,6

(N=420)

CADRO 150

¿CAL CRES QUE PODE SE-LO TEU FUTURO POSTO DE TRABALLO?

	15-19		20-24		25-29	
	VARON	MULLER	VARON	MULLER	VARON	MULLER
Empresa familiar	8,9	3,7	3	7,2	3	3,1
Empresa propia	8,9	10,1	9,2	8,6	13,8	7,8
Funcionario	24,3	25,3	40	36,2	21,5	35,9
Gran empresa	26,9	11,3	15,3	13	23	15,6
Pequena empresa	10,2	6,3	7,6	7,2	10,7	21,8
Profesional	8,9	27,8	16,9	15,9	18,4	7,8
Non me interesa	3,8	1,2	1,5	1,4	3	0
NS/NC	7,6	13,2	6,1	10,1	6,1	7,8

(N=420)

CADRO 151

**DESENVOLVEMENTO DO
SEU FUTURO LABORAL
EN FERROL**

	%
Si	62,0
Non	36,1
NS/NC	1,9

(N=420)

CADRO 152

**DESENVOLVEMENTO DA SUA
FUTURA VIDA LABORAL EN FERROL
SEGUNDO O SEXO**

	VARON	MULLER
Si	61,8	62,2
Non	36,8	35,2
NS/NC	1,4	2,6

(N=420)

CADRO 153

**DESENVOLVEMENTO DO SEU FUTURO
LABORAL EN FERROL SEGUNDO A IDADE**

	15-19	20-24	25-29
Si	59,7	64,9	62,5
Non	38,4	33,6	35,2
NS/NC	1,9	1,5	2,3

(N=420)


CADRO 154

**DESENVOLVEMENTO DO SEU FUTURO LABORAL EN FERROL SEGUNDO OS
ESTUDIOS DOS ENTREVISTADOS**

	MENOS DE PRIMARIOS	PRIMARIOS	SECUNDARIOS	MEDIOS	SUPERIORES
Si	66,0	63,9	62,8	50,0	52,9
Non	34,0	33,3	34,5	47,5	47,1
NS/NC	0,0	2,8	2,7	2,5	0,0

(N=420)

Gráfica I



10. Actividades de ocio



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para continuar
Fundado en 1879
Rúa Magdaleni 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

10. Actividades de ocio

Neste apartado, interesámonos por coñecer como utilizan os xoves o seu tempo de ocio. Observaremos que actividades desenvolven e con que frecuencia, como utilizan os medios de comunicación - televisión, radio, prensa-. Trataremos tamén de ve-lo diñeiro do que dispoñen para os seus gastos persoais.

Das propostas que se introducían na banda de respostas (cadro 155), a menos utilizada polos xóvenes resultou ser, con gran diferenza, o "ir a salas de xogo", acadando unha porcentaxe do 61,7 % os que non van nunca. A continuación encontramos que o 25,6 % "nunca" utilizan o vídeo, pensemos que unha boa proporción de fogares non posúe este aparato, e por último, un 21,6 % declaran non acudir "nunca" ó cine. Na columna de frecuencias que denominamos "algunha vez", aparece destacado o cine (72,2 %) que unido ó dato anterior, que non van nunca, ofrécenos un resto de 6,2 % que di acudir regularmente tódalas semanas. O cine non atrae en demasía ós xóvenes ferroláns.

Nas actividades que se realizan unha vez á semana, atopámonos con que un 44,1 % declaran acudir á discoteca con esta frecuencia, o cal nos confirma así que, na maioría dos casos é unha diversión asociada á fin de semana. Os xóvenes pasean esporádicamente nun 35,0 % e tódolos días un 36,3 %. Fan deporte tódalas semanas un 26,9 % e "tódolos días" ou "varias veces ó día" un 21,6 %. Engadiremos agora as dúas actividades que os xoves ferroláns realizan con máis frecuencia: escoitar música e escoita-la radio. Somentes un 0,4 % no primeiro caso e un 6,2 no segundo, manifestan non realizar ningunha destas actividades. Estas dúas son as que acadan unha frecuencia maior: o 68,9 % para a música e o 64,3 % para a radio, son as porcentaxes de entrevistados que se sitúan no sumatorio de "tódolos días + varias veces ó día".

Se realizamo-la diferenciación segundo o sexo (cadro 156), encontrámonos que os varóns practican máis deporte que as mulleres, acoden máis frecuentemente ás discotecas e utilizan máis o vídeo. O resto das actividades están moi igualadas en canto ó sexo dos entrevistados e non se atopan diferencias significativas.

Se observámo-lo ocio segundo os barrios ou zonas (cadro 157), non aparecen datos suficientemente dispares que permitan buscar un argumento explicativo, agás que se practica máis deporte nos Ensanches e se pasea máis no Centro, o que non é raro se temos en conta que sempre foi zona tradicional de paseo para os habitantes doutros barrios.

En canto a se establecemo-la análise por estudos (cadro 158), podemos dicir que os titulados superiores acoden menos ás discotecas e salas de xogos e os de "menos de primarios" escoitan en menor medida a música e a radio.

Por ocupacións (cadro 159), observamos que as xoves amas de casa acoden menos ás discotecas e fan menos deporte. Os inactivos case non van ás salas de xogos e usan

menos o vídeo. Os estudantes escoitan máis música, utilizan en maior medida a radio e practican máis deporte.

Se nos fixamos no cadro 160, veremos que na diferenciación por idades obtemos uns datos que nos aclaran que os máis novos realizan máis deporte, acoden - en maior número - ás salas de xogo. De 20 a 24 anos escoitase máis música e úsase máis o vídeo. A franxa que inclúe ós de maior idade da mostra manifesta realizar menos deporte e acudir en menor medida ás discotecas.

Dedicaremos agora unhas liñas á radio (cadros 161 e 162). Os programas máis escoitados son os musicais (52,9 %), seguidos, a bastante distancia, polos deportivos, os informativos e os debates. Se realizamo-la disección segundo o sexo, observaremos que as mulleres escoitan máis música na radio que os homes, e que ós varóns gústanlles, en maior medida que ás mozas, os programas deportivos. Os informativos e os debates son máis seguidos polos homes.

Realicemos agora un comentario respecto ó uso que os xoves fan da televisión (cadros 163 e 164). Un 38,8 % manifestan que ven a televisión entre dúas e tres horas diarias, mentres que un 24,6% mantense diante da pantalla máis de tres horas. Os programas máis vistos son as películas (19,8 %), seguidas dos deportes, os telediarios e os documentais. Se facémo-la diferenciación segundo o sexo (cadros 165 e 166) observamos que os homes ven máis deporte, documentais e debuxos animados, mentres que as mulleres superan ós varóns vendo informativos, películas e culebróns.

Os cadros 167 e 168, móstrannos que un 43,2 % dos entrevistados le a prensa tódolos días, un 27,3 % algún día á semana e un 14,1 % faino só as fins de semana. Os varóns lena con máis frecuencia. Por estudos, os de "primarios" non o len nunca un 25,7%, e os que lle adican unha lectura en maior medida son os de grado medio e estudos secundarios. Por ocupacións, as xóvenes amas de casa son as que menos len a prensa, e os traballadores en activo superan, neste campo ós inactivos e estudantes. Por idades, son os mais novos os que en menor medida len o periodico.

Para rematar este capítulo, observemos nos cadros 169 e 170 o diñeiro de que dispoñen os xoves para os seus gastos persoais. O 24,1 % non supera as dúas mil pesetas semanais. O 18,4 % teñen á súa disposición de dúas a tres mil, o 18,8% de tres a catro mil, o 24,9 % dispón de cinco mil a nove mil e un 13,8% de máis de dez mil pesetas. Por sexos podemos ver que os varóns dispoñen de máis diñeiro que as mulleres, sendo a diferenza enorme no apartado de máis de dez mil pesetas (21,3 % fronte a 6,3 %). A zona semirural ocupa o primeiro lugar no apartado de máis de cinco mil pesetas. Por estudos son os de grado medio e superior os que manexan máis diñeiro. Por ocupacións son, naturalmente, os activos os que dispoñen de máis diñeiro; as amas de casa ocupan as porcentaxes máis baixas, nos grupos de tres mil en adiante e e os tantos por cento máis elevados no grupo de menos de dúas mil. Os resultados son moi similares ós da media galega, proporcionados polo Informe 93 sobre a Mocidade Galega.

CADRO 155

FRECUENCIA CON QUE O ENTREVISTADO REALIZA DIVERSAS ACTIVIDADES

ACTIVIDADES	NUNCA	ALGUNHA VEZ	TODALAS SEMANAS	TODOLOS DIAS	VARIAS VECES AO DIA	NC
Deporte	16,7	34,8	26,9	10,1	3,5	0,0
Discoteca	14,1	39,6	44,1	0,9	1,3	0,0
Pasear	9,7	35,0	14,6	36,3	4,4	0,0
Sala de xogos	61,7	27,3	8,4	2,6	0,0	0,0
Vídeo	25,6	55,9	11,5	5,7	1,3	0,0
Radio	6,2	22,0	7,5	53,7	10,6	0,0
Música	0,4	12,3	8,4	63,0	15,9	0,0
Cine	21,6	72,2	6,2	0,0	0,0	0,0

(N=420)

CADRO 156

FRECUENCIA CON QUE REALIZA DIVERSAS ACTIVIDADES SEGUN SEXO

ACTIVIDADES	NUNCA	ALGUNHA VEZ	TODALAS SEMANAS	TODOLOS DIAS	VARIAS VECES AO DIA
Facer deporte					
Varón	7,8	23,3	37,1	25,8	6,0
Muller	26,1	47,7	15,9	9,3	0,9
Ir a discotecas					
Varón	12,9	31,9	51,8	1,7	1,7
Muller	15,9	47,7	35,5	0,0	0,9
Pasear					
Varón	8,6	37,9	11,2	36,3	6,0
Muller	11,2	31,8	16,8	37,4	1,9
Ir a salas de xogo					
Varón	58,6	31,9	5,2	4,3	0,0
Muller	65,5	21,5	12,1	0,9	0,0
Ver videos					
Varón	23,3	56,9	12,9	4,3	2,6
Muller	29,0	54,2	9,3	7,5	0,0
Escoita-la radio					
Varón	8,9	22,4	8,6	51,7	10,4
Muller	5,6	21,5	8,5	56,1	10,3
Escoltar música					
Varón	0,0	14,7	8,6	60,3	16,4
Muller	0,8	10,3	7,5	66,4	15,0
Ir o cine					
Varón	20,7	74,1	5,2	0,0	0,0
Muller	23,3	69,2	7,5	0,0	15,0

(N=420)

CADRO 157

FRECUENCIA COA QUE REALIZA DIVERSAS ACTIVIDADES SEGUNDO AS ZONAS

ACTIVIDADES	NUNCA	ALGUNHA VEZ	TODALAS SEMANAS	TODOLOS DIAS	VARIAS VECES AO DIA
Facer deporte					
Urbana	12,1	45,5	33,3	9,1	0,0
Ensanches	8,7	31,9	34,8	20,3	4,3
Caranza	22,4	40,3	17,9	14,9	4,5
Semirrural-rural	22,4	25,9	24,1	24,1	3,4
Ir a discotecas					
Urbana	18,2	33,3	48,5	0,0	0,0
Ensanches	14,5	39,1	44,9	0,0	1,4
Caranza	13,4	37,3	47,8	1,5	0,0
Semirrural-rural	12,1	46,6	36,2	1,7	3,4
Pasear					
Urbana	6,1	28,2	10,1	52,6	3,0
Ensanches	13,0	34,8	13,0	36,2	2,9
Caranza	7,5	41,8	13,4	34,3	3,0
Semirrural-rural	12,1	32,8	20,7	25,9	8,6
Ir a salas de xogo					
Urbana	52,5	30,3	13,2	4,1	0,0
Ensanches	63,8	26,1	7,2	2,9	0,0
Caranza	62,7	25,4	10,4	1,5	0,0
Semirrural-rural	67,2	27,6	3,4	1,7	0,0
Ver videos					
Urbana	24,2	60,6	12,1	3,0	0,0
Ensanches	26,1	46,4	15,9	7,2	4,3
Caranza	26,9	55,2	7,5	10,4	0,0
Semirrural-rural	24,1	65,5	10,3	0,0	0,0
Eescoita-la radio					
Urbana	3,0	24,2	12,1	53,5	7,1
Ensanches	10,1	23,2	4,3	52,2	10,1
Caranza	3,0	22,4	3,0	58,2	13,4
Semirrural-rural	6,9	19,0	13,8	50,0	10,3
Escoitar música					
Urbana	0,0	9,1	9,1	63,6	18,2
Ensanches	0,0	14,5	8,7	62,3	14,5
Caranza	1,5	7,5	9,0	67,2	14,9
Semirrural-rural	0,0	17,2	6,9	58,6	17,2
Ir o cine					
Urbana	16,1	78,9	5,0	0,0	0,0
Ensanches	20,3	69,6	10,1	0,0	0,0
Caranza	29,9	64,2	6,0	0,0	0,0
Semirrural-rural	22,4	74,1	3,4	0,0	0,0

(N=420)

CADRO 158
FRECUENCIA CON QUE REALIZA O ENTREVISTADO DIVERSAS ACTIVIDADES
SEGUN ESTUDIOS REALIZADOS

ACTIVIDADES	NUNCA	ALGUNHA VEZ	VARIAS VECES AO DIA	TODOS OS DIAS	VARIAS VECES AO DIA
Facer deporte					
Menos de primarios	17,9	25,6	33,3	17,9	5,1
Primarios	14,9	33,8	24,3	21,6	5,4
Secundarios	16,3	40,7	25,6	16,3	1,2
Grao medio	21,7	34,8	26,1	17,4	0,0
Grao superior	0,0	33,3	66,7	0,0	0,0
Ir a discotecas					
Menos de primarios	20,5	41,0	38,5	0,0	0,0
Primarios	14,9	35,1	47,3	1,4	1,4
Secundarios	10,5	44,2	44,2	1,2	0,0
Grao medio	8,7	39,1	43,5	0,0	8,7
Grao superior	66,7	0,0	33,3	0,0	0,0
Pasear					
Menos de primarios	7,7	33,3	20,5	35,9	2,6
Primarios	10,8	35,1	13,5	35,1	5,4
Secundarios	11,6	32,6	11,6	39,5	4,7
Grao medio	4,3	34,8	21,7	34,8	4,3
Grao superior	0,0	66,7	0,0	33,3	0,0
Ir a salas de xogo					
Menos de primarios	71,8	20,5	7,7	0,0	0,0
Primarios	43,2	37,8	13,5	5,4	0,0
Secundarios	66,3	25,6	5,8	2,3	0,0
Grao medio	82,6	13,0	4,3	0,0	0,0
Grao superior	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Ver videos					
Menos de primarios	30,8	46,2	12,8	7,7	2,6
Primarios	24,3	56,8	8,1	10,8	0,0
Secundarios	24,4	55,8	15,1	2,3	2,3
Grao medio	21,7	69,6	8,7	0,0	0,0
Grao superior	33,3	66,7	0,0	0,0	0,0
Escoita-la radio					
Menos de primarios	10,3	15,4	12,8	48,7	12,8
Primarios	4,1	28,4	6,8	51,4	9,5
Secundarios	5,8	23,3	4,7	54,7	11,6
Grao medio	4,3	8,7	13,0	65,2	8,7
Grao superior	33,3	0,0	0,0	66,7	0,0
Escoitar música					
Menos de primarios	0,0	5,1	12,8	56,4	25,6
Primarios	0,0	10,8	6,8	67,6	14,9
Secundarios	1,2	14,0	7,0	64,0	14,0
Grao medio	0,0	17,9	4,3	65,2	13,0
Grao superior	0,0	33,3	33,3	33,3	0,0
Ir ao cine					
Menos de primarios	20,5	71,8	7,7	0,0	0,0
Primarios	28,4	71,6	0,0	0,0	0,0
Secundarios	18,6	75,6	5,8	0,0	0,0
Grao medio	17,4	60,9	21,7	0,0	0,0
Grao superior	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0

(N=420)

CADRO 159

FRECUENCIA COA QUE REALIZA DIVERSAS ACTIVIDADES SEGUNDO A OCUPACION

ACTIVIDADES	NUNCA	ALGUNHA VEZ	TODALAS SEMANAS	TODOLOS DIAS	VARIAS VECES AO DIA
Facer deporte					
Ama de casa	71,4	21,4	0,0	7,1	0,0
Estudiante	10,4	29,6	36,3	19,3	4,4
Inactivos	20,5	45,5	15,9	15,9	2,3
Outros activos	14,7	47,1	14,7	20,6	2,9
Ir a discotecas					
Ama de casa	28,6	35,7	35,7	0,0	0,0
Estudiante	12,6	37,0	47,4	0,7	2,2
Inactivos	11,4	43,2	59,1	0,0	0,0
Outros activos	17,6	47,1	32,4	2,9	0,0
Pasear					
Ama de casa	7,1	57,1	7,1	28,6	0,0
Estudiante	9,6	29,6	16,3	39,3	5,2
Inactivos	11,4	38,6	0,0	38,6	2,3
Outros activos	8,8	41,2	50,0	23,5	5,9
Ir a salas de xogo					
Ama de casa	85,7	14,3	0,0	0,0	0,0
Estudiante	48,9	34,1	12,6	4,4	0,0
Inactivos	84,1	15,9	0,0	0,0	0,0
Outros activos	73,5	20,6	5,9	0,0	0,0
Ver videos					
Ama de casa	7,1	57,1	7,1	28,6	0,0
Estudiante	23,0	57,0	12,6	5,9	1,5
Inactivos	36,4	43,2	15,9	2,3	2,3
Outros activos	29,6	67,6	2,9	0,0	0,0
Escoita-la radio					
Ama de casa	7,1	35,7	14,3	28,6	14,3
Estudiante	3,0	20,0	7,4	60,7	1,5
Inactivos	11,4	27,3	6,8	43,2	11,4
Outros activos	11,8	17,6	5,9	50,0	14,7
Escoitar música					
Ama de casa	0,0	14,3	21,4	50,0	14,3
Estudiante	0,0	7,4	9,6	68,9	14,1
Inactivos	2,3	18,2	2,3	54,5	22,7
Outros activos	0,0	23,5	5,9	55,9	14,7
Ir o cine					
Ama de casa	50,0	50,0	0,0	0,0	0,0
Estudiante	17,0	76,3	6,7	0,0	0,0
Inactivos	27,3	59,1	9,1	0,0	0,0
Outros activos	20,6	76,5	2,9	0,0	0,0

(N=420)

CADRO 160

FRECUENCIA COA QUE REALIZA DIVERSAS ACTIVIDADES SEGUNDO IDADE

ACTIVIDADES	NUNCA	ALGUNHA VEZ	TODAS LAS SEMANAS	TODOLOS DIAS	VARIAS VECES AO DIA
Facer deporte					
De 15 a 19 anos	7,4	30,9	33,0	22,3	6,4
De 20 a 24 anos	19,1	33,8	27,9	17,6	1,5
De 25 a 29 anos	27,7	41,5	16,9	12,3	1,5
Ir a discotecas					
De 15 a 19 anos	14,9	35,1	48,9	0,0	1,1
De 20 a 24 anos	7,4	42,6	47,1	1,5	1,5
De 25 a 29 anos	20,0	43,1	33,8	1,5	1,5
Pasear					
De 15 a 19 anos	7,4	35,1	17,0	36,2	4,3
De 20 a 24 anos	8,8	33,8	11,8	41,2	4,4
De 25 a 29 anos	13,8	35,4	13,8	32,3	4,6
Ir a salas de xogo					
De 15 a 19 anos	30,9	47,9	14,9	6,4	0,0
De 20 a 24 anos	76,5	16,2	7,4	0,0	0,0
De 25 a 29 anos	90,8	9,2	0,0	0,0	0,0
Ver videos					
De 15 a 19 anos	27,7	53,2	14,7	6,4	1,1
De 20 a 24 anos	20,6	57,4	14,7	7,4	0,0
De 25 a 29 anos	27,7	58,5	7,7	3,1	3,1
Escoita-la radio					
De 15 a 19 anos	5,3	22,3	10,6	54,3	7,4
De 20 a 24 anos	5,9	26,5	7,4	55,9	4,4
De 25 a 29 anos	7,7	16,9	3,1	50,8	21,5
Escoitar música					
De 15 a 19 anos	0,0	8,5	8,5	67,0	16,0
De 20 a 24 anos	0,0	13,2	8,8	70,6	7,4
De 25 a 29 anos	1,5	16,9	7,7	49,2	24,6
Ir o cine					
De 15 a 19 anos	22,3	73,4	4,3	0,0	0,0
De 20 a 24 anos	20,6	70,6	8,8	0,0	0,0
De 25 a 29 anos	21,5	72,3	6,2	0,0	0,0

(N=420)

CADRO 161

PROGRAMA DE RADIO QUE ESCOITA CON MAIS FRECUENCIA

PROGRAMA	%
Musicais	52,9
Deportes	19,2
Informativos	14,6
Debates	8,3
Outros	2,1
Concursos	1,7
Variedades	1,2

(N=416)

CADRO 162

PROGRAMA DE RADIO QUE ESCOITA CON MAIS FRECUENCIA SEGUNDO O SEXO

PROGRAMA	VARON	MULLER
Musicais	45,0	67,3
Deportes	30,0	15,5
Informativos	12,9	7,3
Debates	8,6	3,6
Outros	1,4	2,7
Concursos	1,4	2,7
Variedades	0,7	0,9

(N=416)

CADRO 164

PROGRAMAS DE TV QUE O ENTREVISTADO VE CON MAIS FRECUENCIA

PROGRAMAS	%
Películas	19,8
Deportes	18,5
Telediarios	14,7
Documentais	10,2
Series	7,6
Musicais	7,6
Debuxos	5,7
Espectáculos	5,2
Concursos	4,5
Debates	3,4
Culebróns	2,6
Outros	0,2

(N=420)

CADRO 163

TEMPO QUE ADICA A VE-LA TELEVISION

TEMPO	%
Nunca ou case nunca	7,0
Menos de dúas horas ó día	29,5
Entre dúas e tres horas ó día	38,8
Entre tres e catro horas ó día	11,5
Entre catro e cinco horas ó día	7,9
Entre cinco e seis horas ó día	2,6
Máis de seis horas ó día	2,6
NC	0,1

(N=420)



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontros para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204 Ferrol
www.ateneoferrolan.org

CADRO 165

DISTRIBUCION DOS PROGRAMAS DE TV. POR SEXO

PROGRAMA	VARON	MULLER
Espectáculos	5,0	5,3
Informativos	12,9	16,8
Deportes	23,6	12,6
Documentais	10,4	9,9
Series	6,9	8,4
Culebróns	0,9	4,6
Películas	17,9	22,1
Debuxos	7,2	3,8
Concursos	4,4	4,6
Musicais	6,9	8,4
Debates	3,8	3,1
Outros	0,0	0,4

(N=420)

CADRO 166

**TEMPO QUE O ENTREVISTADO PASA ANTE
A T.V. AO DIA SEGUNDO O SEXO**

TEMPO	VARON	MULLER
Ningún	6,0	8,1
Menos de dúas horas	27,6	31,6
De dúas a tres horas	39,8	37,8
De tres a catro horas	10,3	12,6
De catro a cinco horas	10,3	5,4
De cinco a seis horas	3,4	1,8
Máis de seis horas	2,6	2,7

(N=419)

CADRO 167

**FRECUENCIA COA QUE O
ENTREVISTADO LE A PRENSA**

FRECUENCIA	%
Tódolos días	43,2
Algún día á semana	27,3
Só as fines de semana	14,1
Nunca ou case nunca	15,4
NC	0,0

(N=420)

CADRO 168

**FRECUENCIA COA QUE LE A PRENSA POR SEXO, ZONAS,
ESTUDIOS, OCUPACION E IDADE**

POR SEXO	TODOLOS DIAS	ALGUN DIA A SEMANA	AS FINES DE SEMANA	NUNCA
Varón	45,7	31,0	11,2	12,1
Muller	40,5	23,4	17,2	18,9
POR ZONAS	TODOLOS DIAS	ALGUN DIA A SEMANA	AS FINES DE SEMANA	NUNCA
Urbana	33,3	30,4	14,1	22,2
Ensanches	46,4	34,8	11,6	7,2
Caranza	44,8	23,9	14,9	16,4
Semirrural-rural	43,1	20,7	17,2	19,0
POR ESTUDIOS	TODOLOS DIAS	ALGUN DIA A SEMANA	AS FINES DE SEMANA	NUNCA
Menos de primarios	50,0	10,0	20,0	20,0
Primarios	36,5	20,3	17,5	25,7
Secundarios	50,5	30,2	10,1	9,2
Grao Medio	33,3	66,7	0,0	0,0
Titul. superior	0,0	50,0	50,0	0,0
POR OCUPACION	TODOLOS DIAS	ALGUN DIA A SEMANA	AS FINES DE SEMANA	NUNCA
Ama de casa	28,6	29,5	13,3	28,6
Estudiante	40,7	29,9	13,8	15,6
Inactivos	55,6	11,1	33,3	0,0
Outros activos	64,6	22,0	4,8	7,6
POR IDADE	TODOLOS DIAS	ALGUN DIA A SEMANA	AS FINES DE SEMANA	NUNCA
15 a 19	33,7	21,5	16,3	24,5
20 a 24	50,0	25,0	17,6	7,4
25 a 29	47,7	36,9	6,2	9,2

(N=420)


CADRO 169

DIÑEIRO DO QUE DISPON A SEMANA PARA GASTOS PERSOAIS O ENTREVISTADO

DIÑEIRO	%
Menos de 1000 pts	16,9
De 1.000 a 1.499	1,5
De 1.500 a 1.999	5,7
De 2.000 a 2.999	18,4
De 3.000 a 4.999	18,8
De 5.000 a 9.999	24,9
10.000 e máis	13,8

(N=420)

Gráfica I



CADRO 170

DIÑEIRO SEMANAL PARA GASTOS PERSOAIS POR SEXO, ZONA, NIVEL DE ESTUDIOS E OCUPACION E IDADE

	MENOS DE 2.000	DE 2.000 A 2.999	DE 3.000 A 4.999	DE 5.000 A 9.999	MAIS DE 10.000
Sexo					
Varón	17,6	13,8	20,6	26,7	21,3
Muller	30,2	23,1	17,3	23,1	6,3
Zonas					
Urbana	21,2	17,6	22,1	29,6	9,5
Ensanches	26,3	21,6	16,1	20,4	15,6
Caranza	26,4	20,3	19,5	23,1	10,7
Semirrural-rural	20,3	19,3	12,3	25,3	22,8
Nivel de estudos					
Menos de primarios	22,1	26,1	15,1	30,6	6,1
Primarios	32,6	20,1	11,2	21,3	14,8
Secundarios	16,7	16,8	25,1	34,3	7,1
Grao medio	6,2	6,7	21,3	40,3	25,5
Titul. superior	7,3	12,3	16,1	27,6	36,7
Ocupación					
Ama de casa	52,1	6,1	9,3	28,1	4,4
Estudiante	36,1	24,6	22,6	11,3	5,4
Inactivos	9,2	19,6	16,4	32,1	22,7
Outros activos	6,8	12,3	16,1	29,2	35,6
Idade					
De 15 a 19 anos	50,2	24,2	12,5	11,6	1,5
De 20 a 24 anos	13,2	12,6	26,1	33,2	14,9
De 25 a 29 anos	13,3	11,9	15,6	30,3	28,9

(N=420)

11. Comportamento político. Problemas sociais

Os xóvenes que estamos a analizar, practicamente, non coñeceron a época franquista, para eles a dictadura española é xa unha historia que lles contan ou que estudian nas escolas. Debemos tamén ter en conta que, de tódolos que entrevistamos do primeiro grupo de idade, somentes votaron nas últimas eleccións (1993) os que agora teñen 19 anos; temos, por tanto, un grupo moi numeroso que nunca acodeu ás urnas. Eludimos, conscientemente, entrar no comportamento electoral partidario, porque o que a nós nos interesaba era ver se os xoves padecían o famoso “*desencanto*” e analizar cales son as súas actitudes e comportamentos ante determinados grupos e ante facetas específicas da vida social. Quixemos tamén pescudar sobre aqueles problemas que, a xuízo dos xoves, afectan en maior medida á nosa sociedade.

No cadro (172) lembramo-lo escaso interese que os xoves amosan pola política (“*Pouca importancia*” + “*ningunha*” = 80,6 %). Diremos que o desinterese dos mozos ferroláns é superior ás medias galega e española. Debemos de pensar que o azoute da crise dos últimos anos en Ferrol, e o feito de non aportar solucións no seu momento, poden levar ó aumento porcentual do desinterese. Por estudos, o interese medra do 9 % en “*menos de primarios*” ata o 28,1 % dos titulados superiores. A relación entre maior nivel de estudos e maior interese pola política parece confirmarse claramente. Ó mesmo tempo observamos que o 75,4 % dos entrevistados (cadro 173) pensa que os cidadáns non influímos nas decisións que o Goberno toma nun sistema democrático. Parece, pois, que unha parte do desinterese pode atopar aquí unha liña argumental.

A confianza que os xóvenes teñen nas institucións democráticas, (cadro 174), está tamén bastante crebada (cadro 175). Os partidos políticos, o Goberno, o Concello, o Parlamento, a Xunta e outras institucións, sofren o castigo dos entrevistados.

Autoubicación ideolóxica

O primeiro que debemos reflexar aquí é que un 21,1 % dos varóns e un 23,4 % das mulleres atopan dificultades á hora de posicionarse nunha escala ideolóxica e recorren ó non sabe/non contesta. Seguimo-la escala de 1 (extrema esquerda) a 7 (extrema dereita) que utiliza o profesor Veira no seu Informe. Os datos resultantes son os seguintes: para os varóns, un 18,1 % en posicións de esquerda (1+2) e un 10,2 % de dereita (6+7), un 22,7 % de centro puro (4), un 14,1 de centro-esquerda e un 13,8 % de centro-dereita. Os datos para as mulleres son practicamente idénticos (cadro 175), cun lixeiro aumento no centro puro. En calquera dos sexos, as tres posicións do centro aglutinan a máis do 50 % do total dos xoves. Podemos concluir, pois, que os xoves ferroláns sitúanse no centro, cun claro desprazamento cara á esquerda, e que non existe ningún tipo de engrosamento pola esquiña da táboa que, en ocasión, podería conducir a unha máis fácil confrontación.

Por estudos (cadro 176), parece ser que os titulados superiores sitúanse no centro

pero con unha moi marcada tendencia á esquerda, acadando a máxima puntuación en posicións puras de esquerda (26,3 %). Os de estudos primarios e secundarios, aínda que coa tendencia mencionada, sitúanse dunha maneira clara nas posicións centrais. Os de un nivel máis baixo de estudos son os que menos contestan e os que máis se inclinan cara á dereita.

Quixéramos agora relaciona-la autoubicación ideolóxica coa intención de voto dos xoves (cadro 177). Dentro dos votantes do PP nunhas eleccións xerais encontraríamos un 35,1 % no espacio do centro dereita, un 29,7 % na dereita e un 8,1 % na extrema dereita; é moi notable observar que o 24,3 % se sitúan no "non sabe/non contesta", o que parece indicar que un número importante de xoves ferroláns que votan ó PP non teñen unha ideoloxía persoal definida.

Os votantes do PSOE son os que máis alta porcentaxe teñen nas posicións de centro e centro-esquerda. Posúe un 14,6 % que se declaran de centro-dereita. Como vemos o abano ideolóxico é amplo, abrangendo un 6,3 % dun posicionamento na dereita.

Os xoves de Ferrol que votan ó BNG sitúanse nun 37,8 % na esquerda, un 21,6 % no centro esquerda e un 18,6 % no centro ideolóxico. As posicións de dereita son moi pequenas.

A xuventude que vota a IU maniféstase claramente no espacio ideolóxico da esquerda (52,7 %). Un 18,6 % sitúase nunha posición de centro-esquerda e un 12,1 % de centro. Os que se enmarcan na dereita acadan unha porcentaxe moi baixa.

Por último, debemos comentar que os que deciden non votar sitúanse claramente no "non sabe / non contesta" (39,0 %), seguidos da posición de centro (26,0 %). De todos xeitos, resulta interesante observar que o 16,9 % dos que non votan din sentirse de esquerda ou centro-esquerda. Poderían responder estes datos ó denominado "desencanto".

No cadro 178, atopamos uns resultados parellos para os votantes dunhas eleccións autonómicas. As diferencias son mínimas e nótrense de que o BNG amplía as persoas do seu abano ideolóxico, mentres que IU o diminúe. O PSOE continúa na mesma dirección e os indecisos aumentan a súa porcentaxe entre os votantes do PP.

A nosa análise sobre as actitudes políticas da xuventude continúa ó medi-lo grao de conformidade que manifestan respecto de determinados movementos sociais que están presentes no noso contorno (cadro 179). Os ecoloxistas son aprobados cun contundente 96,9 %, ó igual que o proceso anti-apartheid (93%). Na liña de aceptación séguenos os antinucleares (76,5 %) e os obxectores de conciencia (69,6 %). Os movementos feministas (56,4 % fronte a un 42,2 %) e de insubmisos (51,5 % fronte ó 47,2 %), sitúanse nun terreo donde a opinión pública se esgaza en dúas partes.

Para medi-la actuación xenófoba empregamo-lo cadro 180, donde podemos

11. Comportamento político. Problemas sociais

observar que os inmigrantes son perfectamente aceptados polos xoves ferroláns. Os mellor acollidos son os máis achegados e parecidos: os da Comunidade Europea e os europeos do Leste. Os menos aceptados son os norteafricanos e os africanos negros. No punto intermedio están os sudamericanos.

A continuación reflexámo-los principais problemas que, segundo a xuventude, afectan a Galicia (cadro 181). Coinciden nos catro primeiros coa media galega, que nos proporciona o estudio dirixido polo profesor Veira, pero difiren na orde. Os xóvenes ferroláns sitúan como primeiro problema a solucionar en Galicia o de reduci-lo paro (32,4 %), seguido da loita contra o narcotráfico, reduci-las diferencias sociais e protexe-lo medio ambiente; nunha segunda orde e en postos máis baixos, aparecen a asistencia social e a loita contra a delincuencia. Podemos repetir aquí que quizáis, alomenos en ocasións, o que máis falta é o que máis se valora, e iso pode te-la súa aplicación co paro, dada a situación actual na nosa comarca, xa que o conxunto xuvenil galego sitúao no terceiro lugar cun 16 %.

Asistimos, a continuación, a unha batería de preguntas que tratan de reflexa-los principais problemas de Ferrol (cadro 182) segundo a visión dos nosos xoves. O primeiro segue a se-lo paro (67 % en primeira opción e 14,2 en segunda), seguido das drogas (12,9 % e 37,7 %) e a crise naval (11,4 % e 16,6 %). Se observamos que o paro e a crise naval van emparellados a cuestión únese e simplifícase. A delincuencia e un campus universitario pequeno ocupan os primeiros postos en terceira opción. Por sexo, as mulleres valoran máis que os homes as drogas e a delincuencia, e menos a crise naval e as vías de comunicación. Por idade, a importancia do paro aumenta á par que o fan os anos ó igual que os medios de comunicación e a marcha da flota, mentres que, ó dismini-la idade, aumentan a valoración do problema das drogas, a crise naval e un campus universitario pequeno. Por último, e por estudos, parece que a importancia das drogas é máis elevada para os de estudos primarios e secundarios; e as "vías de comunicación" e a "crise naval" para os de grado medio e superior. De todas formas, debemos dicir que existe unha gran homoxeneidade entre todos eles.

No cadro 186 pódese observa-lo nivel de asociacionismo dos xoves ferroláns, e debemos dicir que é baixo. En partidos políticos encádrase o 1,7 % dos xoves, en sindicatos o 3,9 % e en asociacións relixiosas o 3,6 %. Somentes as asociacións culturais (17,6 %) e as deportivo-recreativas (34,1 %) acadan un nivel mínimamente aceptable. Se a iso unimos a alta taxa de abstención que manifestan de cara ás próximas eleccións, podemos concluir que o grado de participación na vida social é pequeno. Se miramo-los tres cadros seguintes (187 a 189), observaremos como perciben a discriminación da muller respecto do home. As súas contestacións indícanos que a maior diferenza atópase nos seguintes apartados: en todo ("en xeral"), na profesión e no exercicio de cargos públicos. Son as mulleres as que, naturalmente, se atopan máis sensibilizadas co problema e aumenta a percepción segundo avanzamos en grupos de idade. Ou sexa, que son as xóvenes de 25 a 29 anos as que se pronuncian máis categoricamente denunciando a discriminación.

Identificación con Galicia

Trataremos de observar como os xoves ferroláns senten a identidade propia de Galicia. Teñamos en conta que nos atopamo dentro dunha das tres nacionalidades históricas, cunha personalidade formada por uns sinais perfectamente claros e definidos.

Preguntámoslle, pois, ós xoves como se sentían: máis galego ou máis español; os resultados están expostos nos cadros 190 a 196. O 50,7 % sitúanse a na posición central *“tan galego coma español”*. A continuación predominan, dunha maneira clara os que se senten *“só galego”* ou *“máis galego que español”* cun 32%. Os que din *“só español”* ou *“máis español que galego”* acadan unha porcentaxe do 14,1 %. Por sexo as diferencias son mínimas, aínda que os homes teñen unha lixeiramente maior sensibilidade por Galicia. Por idades, é a cohorte que engloba ós maiores a que acada unha porcentaxe superior en *“máis ou só español”* (17,2 %). Por estudos, son os titulados superiores son os que amosan maiores proporcións nas posicións medias e *“máis español que Galego”*; os de menor nivel de estudos, amosan unha menor porcentaxe de *“tan galego como español”*, con bipolarización- - *“máis ou só galego”* (35,2%) e *“máis ou só español”* (18,7 %) - máis acentuada que noutro grupos de estudos. Por zonas, a análise non ofrece diferencias notables, aínda que debemos dicir que a media *“máis ou somentes galego”* é superada claramente en Caranza (38,7%), a media *“mais ou só español”* sobrepásase nos Ensanches (16%) e *“tan español coma galego”* acada a súa máxima puntuación (56,1 %) na Zona Centro. Por intención de voto en próximas eleccións, observamos que os votantes do PP superan a media *“máis ou só español”* cun 16,6 %, aínda que, tamén, superan ós votantes do PSOE en *“mais ou só galegos”* cun 33 % fronte ó 36,7 %. Os votantes do PSOE identificanse maioritariamente coa posición central (60,5 %). Os que manifestan as súas preferencias polo BNG, posiciónanse claramente en *“máis galego”* e *“só galego”*, cunha porcentaxe total do 85,4 %. Os de IU inclínanse claramente por *“mais ou só galego”* (46,2%). Os que pensan absterse, posiciónanse na parte central da escala (49,6 %) ou en *“mais ou só galego”* (43,3 %). Os mesmos datos para os votantes das eleccións autonómicas non varían sustancialmente o exposto.

Non entramos a valora-lo que sucedería cos votantes doutras forzas políticas debido a que o número que ofrecían para a análise non aseguraba os mínimos esixibles para extraer unhas conclusións fiables.

Non votar. A abstención

Analícemos agora as razóns que alegan os entrevistados para non votar nas últimas eleccións xerais e autonómicas (cadros 197 a 201). Cremos que é preciso facelo debido á porcentaxe de xoves que non votaron, ó redor do 61 % en ámba-las dúas eleccións, segundo as súas declaracións na enquisa.

En primeiro lugar, observamos que unha importante proporción dos xoves entrevistados non tiñan aínda cumpridos os 18 anos en xuño (xerais) e outubro (autonómicas) do pasado ano 1993. Dentro do primeiro grupo de idade, para as xerais só poderían vota-los que agora teñen aproximadamente 19 anos, e para as autonómicas os que acadasen a idade legal nos meses que van de xuño a outubro. Confesan que non tiñan a idade nas primeiras eleccións celebradas un 25,6 % e un 18,9 % nas segundas; cremos que esta diferenza pode explicarse por causa das datas anteriormente sinaladas, e por algún posicionamento erróneo de “*non te-la idade*” en “*non estar no censo*”

As dúas razóns máis esgrimidas para non votar son “*ningún partido me satisface*” (ó redor do 27 % para as dúas eleccións celebradas) e “*a política non me interesa*” (ó redor do 16 %). Por sexo, as diferencias son insignificantes.

Merece, finalmente, a nosa atención a observación da ubicación ideolóxica daqueles que alegan que ningún partido os satisface. Naturalmente, e como cabería esperar, ó redor do 25 % responde que “*non sabe/non contesta*”, ou sexa, non se autoubica ideolóxicamente. É no centro político donde se sitúan en torno ó 24 %, seguido dun 15 % no centro-esquerda e aproximadamente un 11% no centro-dereita. Parece que os que teñen máis definida a súa ideoloxía na dereita ou na esquerda teñen porcentaxes menores na frase que di que “*non me satisface ningún partido*”.

De tódolos xeitos, debemos aclarar que o fenómeno da abstención electoral é moi complexo. No Informe 93 observamos que nas eleccións de 1979 a abstención foi, según datos oficiais, de case un 51 %, mentres que nun estudio postelectoral do CIS non chegou ó 19 %. Os propios abstencionistas acostuman a mostrar un certo retraimento a recoñecer que non participan, anque os xoves non o consideran dunha maneira tan negativa e, polo tanto, declaran esta postura máis abertamente.

Queremos finalizar este capítulo dicindo que este baixo interese amosado pola política, e a gran taxa de abstención entre os xóvenes, deben preocuparnos, pero non alarmarnos. Cando a situación dun país é de normalidade institucional e política, a tendencia da poboación encamiñase na dirección da desidia e da non participación. De todas formas, o exercicio democrático da acción política, por parte da maioría da poboación, e dos xoves dun xeito particular, debe ser un obxectivo que unha sociedade libre e en progreso debe perseguir.

CADRO 171

IMPORTANCIA DA POLITICA SEGUNDO OS HOVENES DE FERROL

IMPORTANCIA	%
Moita	4,6
Bastante	13,4
Pouca	39,5
Ningunha	41,1
NS/NC	0,4

(N=420)

CADRO 173

GRAD DE ACORDO COA FRASE "NUN SISTEMA DEMOCRATICO OS CIDADANS INFLUEN REALMENTE NAS DECISIONS ADOPTADAS POLO GOBERNO"

MOI DE ACORDO	MAIS BEN DE ACORDO	MAIS BEN DISCONFORME	MOI DISCONFORME	NS.NC
6,1	15,9	32,2	43,2	2,6

(N=420)

CADRO 172

IMPORTANCIA DA POLITICA SEGUNDO OS HOVENES DE FERROL ATENDENDO AO SEU NIVEL DE ESTUDIOS

IMPORTANCIA	MENOS DE PRIMARIOS	PRIMARIOS	SECUNDARIOS	MEDIOS	SUPERIORES
Moita	1,1	5,5	5,1	3,1	8,9
Bastante	7,9	10,9	13,9	13,5	19,2
Pouca	29,6	41,2	44,2	47,1	39,8
Ningunha	60,9	41,7	36,8	36,6	31,7
NS.NC.	0,5	0,7	0,0	0,2	0,4

(N=420)

CADRO 174

GRAD DE CONFIANZA NAS INSTITUCIONS DEMOCRATICAS

GRAD DE CONFIANZA	MOITA	BASTANTE	POUCA	NINGUNHA	NS/NC
Partidos políticos	0,4	7,1	43,2	48,9	0,4
Goberno central	3,1	9,3	42,5	44,2	0,9
Parlamento	5,3	15,5	47,8	30,5	0,9
Xunta de Galicia	7,0	31,3	44,5	17,2	0,0
Concello	5,7	23,4	46,3	24,2	0,4
Xustiza	12,4	26,5	43,4	17,3	0,4
Sindicatos	7,9	25,1	44,5	22,0	0,0

(N=420)

11. Comportamento político. Problemas sociais

CADRO 175

AUTOUBICACION IDEOLOXICA DOS XOVENES ENTREVISTADOS SEGUNDO O SEXO

AUTOPOSICIONAMENTO		VARON	MULLER
Esquerda	1	7,9	8,0
	2	10,2	7,5
	3	14,1	15,2
	4	22,7	24,1
	5	13,8	11,9
	6	4,9	6,6
Dereita	7	5,3	3,3
NS/NC	9	21,1	23,4

(N=420)



Ateneo Ferrolán
CADRO 176
Academia de Cultura
 Fundado en 1879
 Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
 www.ateneoferrolan.org

AUTOUBICACION IDEOLOXICA DOS XOVENES ENTREVISTADOS POR TIPO DE ESTUDIOS

AUTOPOSICIONAMENTO		MENOS DE PRIMARIOS	PRIMARIOS	SECUNDARIOS	GRADO MEDIO	SUPERIORES
Esquerda	1	1,8	8,0	9,2	13,2	4,8
	2	16,2	7,5	9,6	8,2	21,5
	3	10,3	12,7	17,5	21,6	21,1
	4	1,8	28,6	19,8	15,4	29,6
	5	17,8	11,9	14,7	19,1	2,1
	6	12,7	4,8	6,8	5,1	4,3
Dereita	7	5,7	3,2	3,8	6,2	2,8
NS/NC	9	33,7	23,3	18,6	11,2	13,8

(N=420)

CADRO 177

INTENCION DE VOTO PARA ELECCIONS XERAIS POR UBICACION IDEOLOXICA

INTENCION DE VOTO		PP	PSOE	EJ	BNG	ABSTENCION
Esquerda	1	0,0	12,5	26,9	19,2	5,2
	2	0,5	12,5	25,8	18,6	3,9
	3	2,3	25,0	18,6	21,6	7,8
	4	8,1	22,8	12,1	18,6	26,0
	5	27,0	14,6	5,0	7,3	13,0
	6	29,7	4,3	0,5	1,0	3,9
Dereita	7	8,1	2,0	0,0	0,0	1,3
NS/NC	9	24,3	6,3	11,1	13,7	39,0

(N=420)

CADRO 178

INTENCION DE VOTO PARA ELECCIONS AUTONOMICAS POR AUTOUBICACION IDEOLOXICA

INTENCION DE VOTO		PP	PSOE	BNG	EJ	ABSTENCION
Esquerda	1	0,0	15,0	19,4	37,2	4,1
	2	0,5	12,3	20,4	24,2	4,1
	3	1,1	26,3	20,5	11,3	8,1
	4	13,5	21,8	18,2	12,0	27,0
	5	24,3	14,3	9,3	1,0	12,2
	6	27,5	5,3	1,2	0,0	4,1
Dereita	7	8,1	2,0	0,0	0,0	1,4
NS/NC		25,0	5,0	11,0	14,3	39,2

(N=420)

CADRO 179

GRAO DE CONFORMIDADE COS SEGUINTES MOVEMENTOS

MOVEMENTOS	APROBA	NON APROBA	INDIFERENTE	NS.NC
Ecoloxistas	96,9	2,7	0,2	0,2
Antiparheid	93,5	6,6	0,0	0,9
Antinuclear	76,5	23,1	0,0	0,4
Feminista	54,6	42,2	0,0	2,2
Obxectores	69,6	30,0	0,0	0,4
Insubmisos	51,5	47,2	0,9	0,4

(N=420)


CADRO 180

**ACTITUDES ANTE DIVERSOS GRUPOS DE INMIGRANTES
(Porcentaxes horizontais)**

	MOI PARTIDARIO	PARTIDARIO	CONTRARIO	MOI CONTRARIO	INDIFERENTE	NC
Norteafricanos	8,1	71,2	16,3	2,4	1,2	0,8
Africanos negros	8,2	72,1	14,6	3,2	1,1	0,8
Sudamericanos	8,2	72,1	13,4	3,4	2,1	0,8
Europeos da C.E.	11,0	76,0	10,2	1,1	0,9	0,8
Europeos do Leste	7,8	74,8	13,2	2,3	1,1	0,8

(N=420)

Gráfica I



CADRO 181

PROBLEMAS MAIS IMPORTANTES PARA A MOCIDADE
GALEGA

	1º	2º	3º
Reduci-las diferencias sociais	14,7	11,4	8,1
Loitar contra o narcotráfico	27,1	13,6	13,9
Protexe-lo medio ambiente	7,1	16,7	13,5
Garanti-lo crecemento da economía	8,9	11,0	7,6
Reduci-lo paro	32,4	17,5	11,7
Loita contra a inmoralidade en tódolos seus ámbitos	1,8	4,8	6,3
Asistencia social	1,8	8,8	9,9
Loita contra a delincuencia	2,7	8,8	16,1
Frea-la alza dos prezos	0,4	2,2	2,7
Máis autonomía	0,4	0,4	2,2
Fomentar e defende-lo idioma galego	1,1	3,1	4,9
Estado federal	0,0	1,8	2,2
Independencia política para Galicia	1,8	0,0	0,9
Nada	0,0	0,0	0,0
NS/NC	0,0	0,0	0,0

(N=420)

Ateneo Ferrolán
Unión de entidades para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

CADRO 182

PROBLEMAS MAIS IMPORTANTES DE FERROL PARA OS JOVENES ENTREVISTADOS

PROBLEMA	1º	2º	3º
Paro	67,0	14,2	10,9
Drogas	12,9	37,7	14,6
Delincuencia	1,5	14,2	29,5
Vías de comunicación	2,9	6,6	8,9
Crise naval	11,4	16,6	14,6
Marcha da flota	1,5	4,4	5,7
Campus pequeno	2,7	6,1	14,9
Outros	0,2	0,2	0,7

(N=420)



CADRO 183
Fundado en 1879

**PROBLEMAS MAIS IMPORTANTES DE FERROL PARA OS JOVENES ENTREVISTADOS
SEGUNDO O SEXO**

Problema	1º		2º		3º	
	Varón	Muller	Varón	Muller	Varón	Muller
Paro	67,3	66,7	14,0	14,4	11,3	10,5
Drogas	10,6	15,4	34,0	41,8	14,6	14,7
Delincuencia	1,4	1,5	13,5	14,9	27,8	31,4
Vías de comunicación	3,2	2,6	10,2	2,6	9,4	8,4
Crise naval	13,4	9,2	16,3	17,0	16,5	12,6
Marcha da flota	1,8	1,0	5,1	3,6	4,7	6,8
Campus pequeno	1,8	3,6	6,5	5,7	14,6	15,2
Outros	0,5	0,0	0,5	0,0	0,9	0,5

(N=420)

CADRO 184

PROBLEMAS MAIS IMPORTANTES DE FERROL PARA OS XOVENES ENTREVISTADOS SEGUNDO A IDADE

PROBLEMA	15-19 ANOS		
	1º	2º	3º
Paro	55,8	16,8	18,3
Drogas	18,6	32,3	13,1
Delincuencia	2,6	21,3	30,1
Vías de comunicación	1,3	3,9	8,5
Crise naval	14,7	14,8	10,5
Marcha da flota	0,6	3,9	2,6
Campus pequeno	5,8	7,1	17,0
Outros	0,6	0,0	0,0
PROBLEMA	20-24 ANOS		
	1º	2º	3º
Paro	69,5	121,0	7,8
Drogas	13,0	37,9	14,7
Delincuencia	0,9	9,3	31,8
Vías de comunicación	2,3	3,6	5,4
Crise naval	11,5	17,1	18,6
Marcha da flota	1,5	6,4	7,0
Campus pequeno	1,5	12,1	13,2
Outros	0,0	1,4	1,6
PROBLEMA	25-29 ANOS		
	1º	2º	3º
Paro	78,4	12,0	5,0
Drogas	5,6	40,8	16,5
Delincuencia	0,8	9,6	26,4
Vías de comunicación	5,6	12,8	13,2
Crise naval	7,2	16,8	15,7
Marcha da flota	2,4	3,2	8,3
Campus pequeno	0,0	4,0	14,0
Outros	0,0	0,8	0,8

(N=420)

CADRO 185

**PROBLEMAS MAIS IMPORTANTES DE FERROL PARA OS JOVENS ENTREVISTADOS
SEGUNDO OS ESTUDIOS REALIZADOS**

PROBLEMA	MENOS DE PRIMARIOS								
	1º	2º	3º	PRIMARIOS			SECUNDARIOS		
PROBLEMA	1º	2º	3º	1º	2º	3º	1º	2º	3º
Paro	64,6	13,0	12,4	67,6	8,4	17,0	68,3	14,5	11,4
Drogas	14,1	34,0	11,3	17,6	53,3	8,5	12,7	42,7	13,4
Delincuencia	1,0	16,0	22,7	2,8	17,8	40,6	2,0	14,1	33,7
Vías de comunicación	5,1	9,0	10,3	0,0	0,9	4,7	1,2	3,2	9,3
Crise naval	10,1	16,0	20,6	7,4	10,3	9,4	11,9	14,5	10,2
Marcha da flota	1,0	6,0	5,2	0,9	2,8	5,7	1,2	3,6	5,3
Campus pequeno	4,0	6,0	17,5	3,7	6,5	12,2	2,4	7,3	15,9
Outros	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,4	0,0	0,8
PROBLEMA	MEDIOS			SUPERIORES					
PROBLEMA	1º	2º	3º	1º	2º	3º	1º	2º	3º
Paro	60,0	20,0	5,0	76,5	5,9	5,9	76,5	5,9	5,9
Drogas	12,5	30,0	22,5	12,5	30,0	22,5	5,9	5,9	35,3
Delincuencia	0,0	10,0	27,5	0,0	10,0	27,5	0,0	5,9	17,6
Vías de comunicación	10,0	7,5	5,0	10,0	7,5	5,0	0,0	41,2	5,9
Crise naval	12,5	25,0	22,5	12,5	25,0	22,5	11,8	35,5	17,6
Marcha da flota	2,5	5,0	7,5	2,5	5,0	7,5	5,9	5,9	11,8
Campus pequeno	2,5	2,5	10,0	2,5	2,5	10,0	0,0	0,0	0,0
Outros	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	5,9

(N=420)


CADRO 186

Grafica I

PERTENZA DOS XOVENES A ASOCIACIONS DE DISTINTOS TIPOS

ASOCIACION	%
Partidos políticos	1,7
Sindicatos	3,9
Asociacións relixiosas	3,6
Asociacións culturais	17,6
Asociacións deportivas	34,1

(N=420)



CADRO 187

DISCRIMINACION DA MULLER RESPECTO DO HOME

CAUSA	MOITO	BASTANTE	POUCO	NADA
Nos bens	11,2	33,6	32,7	22,5
Na profesión	26,5	47,4	16,8	9,3
Na herdanza	6,8	15,5	32,0	45,7
Nos cargos públicos	18,7	44,4	21,8	15,1
En todo	14,3	49,6	25,9	10,2

(N=420)

CADRO 188

DISCRIMINACION DA MULLER NA PROFESION SEGUNDO IDADE E SEXO

	15- 19		20- 24		25- 29	
	Varón	Muller	Varón	Muller	Varón	Muller
Moito	35,4	28,9	15,6	28,1	11,4	35,3
Bastante	39,6	51,1	46,9	53,1	45,7	50,0
Pouco	12,5	11,1	25,0	15,6	28,6	11,8
Nada	12,5	8,9	12,5	3,1	14,3	2,9

(N=420)

CADRO 189

DISCRIMINACION DA MULLER EN CARGOS PUBLICOS SEGUNDO IDADE E SEXO

	15- 19		20- 24		25- 29	
	Varón	Muller	Varón	Muller	Varón	Muller
Molto	27,1	15,2	3,1	14,7	8,6	43,3
Bastante	29,2	58,7	46,9	52,9	40,0	40,0
Pouco	29,2	15,2	25,0	23,5	25,7	10,0
Nada	14,6	10,9	25,0	8,8	25,7	6,7

(N=420)

CADRO 190

IDENTIFICACION CON GALICIA DOS HOENES DE FERROL

GRAO	%
Só galego	7,3
Máis galego que español	24,8
Tan galego como español	50,6
Máis español que galego	9,2
Só español	4,9
Outro	1,9
NS	0,5
NC	0,7

(N=420)

CADRO 191

IDENTIFICACION CON GALICIA DOS HOENES DE FERROL POR SEXO

GRAO	VARON	MULLER
Só galego	8,6	6,2
Máis galego que español	27,7	22,7
Tan galego como español	49,5	54,6
Máis español que galego	5,0	9,3
Só español	4,1	6,2
Outro	3,6	0,0
NS	0,5	0,5
NC	0,9	0,5

(N=420)

CADRO 192

IDENTIFICACION CON GALICIA DOS HOENES DE FERROL POR IDADES

GRAO	15-19	20-24	25-29
Só galego	8,2	8,3	5,2
Máis galego que español	25,3	26,5	22,4
Tan galego como español	49,4	49,2	53,7
Máis español que galego	8,9	6,1	12,7
Só español	7,0	3,0	4,5
Outro	0,6	5,3	0,0
NS	0,6	0,8	0,0
NC	0,0	0,8	1,5

(N=420)

CADRO 193

IDENTIFICACION CON GALICIA DOS XOVENES DE FERROL POR ESTUDIOS

GRAO	MENOS DE PRIMARIO	MAIS DE PRIMARIO	SECUNDARIOS	MEDIOS	SUPERIORES
Só galego	6,6	10,2	6,1	10,3	2,6
Máis galego que español	28,6	23,1	26,6	17,9	12,8
Tan galego como español	44,0	50,0	51,7	51,8	53,8
Máis español que galego	8,8	8,3	8,1	14,8	28,2
Só español	9,9	5,6	3,4	2,6	0,0
Outro	1,1	1,9	2,7	2,6	0,0
NS	0,0	0,9	0,7	0,0	0,0
NC	1,1	0,0	0,7	0,0	2,6

(N=420)

CADRO 194

IDENTIFICACION CON GALICIA DOS XOVENES DE FERROL POR ZONAS

GRAO	URBANA	ENSANCHES	CARANZA	SEMIRRURAL-RURAL
Só galego	2,4	2,0	18,3	8,3
Máis galego que español	26,0	30,0	20,4	22,2
Tan galego como español	56,1	51,0	44,1	50,0
Máis español que galego	6,5	10,0	5,4	14,8
Só español	4,9	6,0	7,5	1,9
Outro	3,3	1,0	2,2	0,9
NS	0,0	0,0	1,1	0,9
NC	0,8	0,0	1,1	0,9

(N=420)

CADRO 195

IDENTIFICACION CON GALICIA DOS XOVENES DE FERROL EN INTENCION DE VOTO PARA AS PROXIMAS ELECCIONS XERAIS

GRAO	PP	PSOE	BNG	EJ	NV
Só galego	7,9	7,1	35,6	7,2	16,5
Máis galego que español	24,1	19,6	49,8	39,0	26,8
Tan galego como español	50,2	60,5	13,6	36,9	49,6
Máis español que galego	12,7	3,9	0,0	1,1	1,3
Só español	3,9	7,6	0,0	8,6	2,6
Outro	1,2	1,3	1,0	6,2	2,1
NS	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
NC	0,0	0,0	0,0	1,0	1,1

(N=420)

CADRO 196

IDENTIFICACION CON GALICIA DOS JOVENES DE FERROL E INTENCION DE VOTO PARA AS PROXIMAS ELECCIONS AUTONOMICAS

GRAO	PP	PSOE	BNG	EJ	NV
Só galego	7,9	6,1	23,1	5,9	16,9
Máis galego que español	22,3	16,5	49,1	29,6	28,3
Tan galego como español	48,9	60,9	25,3	51,6	44,5
Máis español que galego	11,4	5,6	1,6	2,4	6,2
Só español	83,0	9,9	0,0	7,3	1,9
Outro	1,2	1,0	0,9	0,9	1,6
NS	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
NC	0,0	0,0	0,0	2,3	0,6

(N=420)



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol

CADRO 197

RAZONS QUE ALEGAN OS ENTREVISTADOS COMO CAUSA PARA NON VOTAR NAS ELECCIONS XERAIS E AUTONOMICAS DE 1993

RAZONS	XERAIS	AUTONOMICAS
Non tiña idade	25,6	18,9
Non estaba no censo	9,6	13,8
Estaba de viaxe	1,6	2,3
Estaba enfermo	8,6	6,2
Votar non serve para nada	5,1	7,3
Ningún partido me satisface	26,9	27,1
Os políticos non resolven nada	5,1	4,9
A política non me interesa	16,3	15,6
Non entendo nada de política	1,1	3,7
Outros	0,1	0,2

N=257

N=255

CADRO 198

RAZONS QUE ALEGAN OS ENTREVISTADOS COMO CAUSAS PARA NON VOTAR NAS ELECCIONS XERAIIS POR SEXOS

RAZONS	VARON	MULLER
Non tiña idade	24,5	27,1
Non estaba no censo	9,3	9,5
Estaba de viaxe	1,4	1,7
Estaba enfermo	8,9	7,9
Votar non serve para nada	5,5	5,1
Ningún partido me satisface	27,1	26,6
Os políticos non resolven nada	5,3	4,9
A política non me interesa	17,1	15,6
Non entendo nada de política	0,9	1,5
Outros	0,0	0,1


(N=257)

CADRO 200

AUTOUBICACION DAS ABSTENCIONS NAS ELECCIONS XERAIIS QUE ALEGAN QUE NINGUN PARTIDO LLES SATISFACE

	VARON	MULLER
1	3,9	4,2
2	9,6	8,1
3	15,2	14,3
4	22,1	25,6
5	12,2	9,6
6	6,1	7,2
7	6,1	7,1
9	24,8	23,9

(N=69)



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

CADRO 199

RAZONS QUE ALEGAN OS ENTREVISTADOS COMO CAUSAS PARA NON VOTAR NAS ELECCIONS AUTONOMICAS DE 1993 POR SEXO

RAZONS	VARON	MULLER
Non tiña idade	19,1	18,7
Non estaba no censo	11,8	14,8
Estaba de viaxe	2,9	1,9
Estaba enfermo	7,2	5,7
Votar non serve para nada	8,6	6,7
Ningún partido me satisface	25,8	28,2
Os políticos non resolven nada	5,6	4,3
A política non me interesa	18,1	15,4
Non entendo nada de política	0,9	4,2
Outros	0,0	0,1

(N=255)

CADRO 201

AUTOUBICACION DAS ABSTENCIONS NAS ELECCIONS AUTONOMICAS QUE ALEGAN QUE NINGUN PARTIDO LLES SATISFACE

	VARON	MULLER
1	2,1	1,9
2	7,9	9,2
3	16,1	15,1
4	23,1	25,3
5	11,2	11,6
6	7,1	6,4
7	7,1	6,3
9	25,4	24,2

(N=69)

Bibliografía



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

- BASAGLIA, F. (1973): La mayoría marginada. Laila. Barcelona.
- BATTAGLIA, M. (1985): I Congreso sobre drogodependencias. Grup. IGIA. Barcelona
- BETTELHEIM, B. (1979): El libro rojo del cole. Nuestra Cultura. Madrid.
- BLOS, P. (1973): Los comienzos de la adolescencia. Amorrourtu. Buenos Aires.
- BOUZA ÁLVAREZ, F. (1991): Ciudad y conflicto social. En ciudad y territorio. Nº 90-4/91.
- CALVO BUEZAS, T. (1990): El racismo que viene. Editorial Tecnos. Madrid.
- CÁRITAS ESPAÑOLA (1971): "La población española ante las drogas" en Documentación social: Revista de Estudios Sociales y de Sociología Aplicada. Madrid.
- CÁRITAS DE VIGO (1982): (Departamento de Sociología): Estudio sobor do emprego do tempo libre na mocidade na Galiza. Vigo.
- CIRES (1993): La realidad social en España 1991-1992. Ediciones B. Barcelona.
- DAHRENDORF, R. (1990): El conflicto social moderno. Mondadori. Madrid.
- DAVID, P. (1971): Sociología criminal juvenil. Depalma. Madrid.
- DE ZÁRRAGA, J.L. (Dtor) (1985): Informe sobre la juventud en España. Ministerio de Cultura. Instituto de la Juventud. Madrid.
- DE MIGUEL, A. (1992): La Sociedad Española 1992-93. Alianza Editorial. Madrid.
- DEL CAMPO, S. Y NAVARRO, M. (1985): Análisis sociológico de la familia española. Ariel. Barcelona.
- DÍEZ NICOLÁS, J. (1983): " La familia en Europa y el cambio social". Revista Española de Investigaciones Sociológicas, 21.
- FERNÁNDEZ ALBOR, A. (1974): "Tráfico de drogas y delincuencia juvenil", en Anuario de Derecho Penal y Ciencias Penales, 1972.
- FIERRO, A. (1985): Desarrollo social de la personalidad en la adolescencia. En M. Carretero, J. Palacios y A. Marchesi (comps), Psicología Evolutiva 3. Adolescencia, madurez y senectud. Alianza. Madrid.
- FOESSA, (1983): Informe sociológico sobre el cambio social en España, 1975-1983. Vol. II. Euromérica. Madrid.
- FUNES, J. (1984): La nueva delincuencia infantil y juvenil. Paidós. Barcelona.
- GARRIDO MEDINA, L. (1992): "La educación profesional para el empleo". Cap. 9

- de: Europa y la competitividad de la Economía Española. Ariel.
- GARRIDO MEDINA, L. (1991): Prospectiva de las ocupaciones y la Formación en la España de los Noventa. Ed. Ministerio de Economía y Hacienda. Madrid.
 - GOBIERNO VASCO (1982): Plan de actuación en el ámbito de las drogodependencias. Vitoria.
 - GORZ, A. (1980): Ecología y Política. El Viejo Topo. Barcelona.
 - INGLEHART, R. (1991): El cambio cultural en las sociedades industriales avanzadas. Centro de Investigaciones Sociológicas. Madrid.
 - INHELDER, B. - PIAGET, J. (1972): De la lógica del niño a la lógica del adolescente. Paidós. Buenos Aires.
 - KOHN, M.L. (1980): La clase social y las relaciones padre-hijo. En M. Anderson (ed) Sociología de la Educación. Selección de textos. México F.C.E.
 - LAMB, M.E. (1982): On the familiar origins of personality and social style. En L. M. Laosa e I.E. Sigel (eds.), Families as learning environments for children. New York. Plenum Press.
 - LAUTREY, J. (1985): Clase social, medio familiar e inteligencia. Visor. Madrid.
 - LEIRA LÓPEZ, J. (1993): "Familia y estructura del hogar en el Nuevo Esteiro (Ferrol)". Comunicación presente en el libro *Cruceiro de sociedades - Sociedades en Encrucijada del Congreso de Sociología*. Santiago de Compostela.
 - LEIRA LÓPEZ, J. (1994): "As formas de familia en Ferrol". Trabajo en el libro-*revista Ferrol Análisis nº 6*. Club de Prensa. Ferrol.
 - LEIRA LÓPEZ, J. (1995): " Os recursos humanos e os xóvenes". I Xornadas de Promoción Económica e Desenvolvemento Local. Concello de Ferrol. Ferrol.
 - MACCUBBIN, M.A.. Y MACCUBBIN H.I. (1989): Theoretical orientations to family stress and coping. En C.R. Figley (ed.), *Treating stress in families*. Brunner/Mazel: New York.
 - MINISTERIO DE CULTURA (1985): Informe de la juventud, Madrid.
 - MIRON, L.,OTERO, J.M. Y LUENGO, A. (1988): Un estudio de la influencia de las interacciones familiares sobre los distintos tipos de conducta desviada de los adolescentes. *Análisis y Modificación de Conducta*, 14 (39), 5-23.
 - MONCADA, A. (1977): La adolescencia forzosa. Dopesa. Barcelona.
 - MONTERO ARÓSTEGUI, J. (1859): Historia y descripción de la ciudad y departamento naval de Ferrol.

- ORTEGA, J. (1979): *Delincuencia, reformatorio, enseñanza liberadora*. Ed. Zero. Madrid.
- PALACIOS, J. (1987): "Las ideas de los padres sobre sus hijos en la investigación evolutiva". *Infancia y aprendizaje*, 39-40.
- PALACIOS, J. (1987): "Contenidos, estructuras y determinantes de las ideas de los padres. Una investigación empírica". *Infancia y aprendizaje*, 39-40.
- PÉREZ VILARIÑO, J. - VEIRA VEIRA, J.L. (1986): *La cultura de la droga en Galicia*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- REQUENA, M. (1990): "Hogares y familias en la España de los ochenta: El caso de la comunidad de Madrid". *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*. 51.
- RODRÍGUEZ ZUÑIGA, L. (1978): *Para una lectura crítica de Durkheim*. Akal. Madrid.
- ROJAS MARCOS, L. (1992): *La ciudad y sus desafíos, héroes y víctimas*. Espasa Calpe. Madrid.
- SAFRANSKI, R. (1991): *Shopenhauer y los años salvajes de la filosofía*. Alianza Universidad. Madrid.
- SOLSONA, M. Y TREVIÑO, R. (1990): *Estructuras familiares en España*. Ministerio de Asuntos sociales. Instituto de la Mujer. Madrid.
- VÁZQUEZ, B.J. (1982): "Clase social y movilidad social como factores condicionantes de la salud pública". *Revista de Psiquiatría y Psicología Médica*, XV (7).
- VEIRA VEIRA, J.L. Y OTROS (1992): *Familia y salud mental*. Universidade da Coruña. La Coruña.
- VEIRA VEIRA, J. L. Y OTROS (1993): *A Mocidade Galega: Informe 1993*. Xunta de Galicia.







Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para la cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



**ATENE
FERROLAN**

 **FUNDACION CAIXA GALICIA**



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
Dirección Xeral de Política Lingüística

THE UNIVERSITY OF CHICAGO PRESS

A NINETEENTH-CENTURY FERRIS WHEEL

THE HISTORY OF THE GREAT WHEEL IN CHICAGO

BY
JAMES M. HENNINGSEN